Este patrón reprodúcese mesmo no plano dos deuses, como demostra con particular elocuencia unha historia que analizaremos con certo detalle: a fábula de Psique na *Metamorfose* de Apuleio –obra profundamente atravesada pola(s) experiencia(s) servil(es)–. No relato, a belísima Psique –filla dun rei anatolio– convértese en obxecto dos celos de Venus, celos que, paradoxalmente, terminan propiciando o romance entre a moza e o fillo da divindade, o alado Cupido. Encargado pola súa nai de facer que Psique se namorase dun monstro, Cupido acaba por namorarse el mesmo da moza. Airada por esta unión ilexítima, Venus reacciona con furia e decreta a persecución de Psique coma se se tratara dunha escrava fuxitiva.[3] Cómpre subliñar a gravidade deste punto, pois a situación dun escravo ou dunha escrava en fuga era tremendamente precaria. Nun mundo como o do Mediterráneo antigo, carente de espazos abolicionistas ou de amparo legal, as únicas alternativas para quen fuxía da escravitude eran, ou ben pasar desapercibido mimetizándose entre a poboación libre, ou ben someterse de novo ó poder dun amo –idealmente máis clemente– que o aceptase baixo a súa autoridade. Ao que fracasase nesta fuxida agardáballe non só o castigo do seu amo, senón tamén o estigma permanente como *fugitiuus*, que identifica tanto o escravo fuxido como aquel que tende a fuxir.

Aínda que formalmente Psique aínda non é unha escrava, o certo é que, desde a proclamación de Venus, as divindades reaccionan como se xa o fose. Todas elas rexeitan dar refuxio á moza fuxida, por deferencia e lealdade á súa colega divina, pero tamén por respecto á lei. Así o sinala Xuno, quen di estar previda de axudar

[3] Bradley 2022.

tar las reglas serían algo diferente– cualquier mención en la literatura a este tipo de castigos permitía identificar con cierta certeza al destinatario como un no-ciudadano y, frecuentemente, como una persona esclavizada.

Este patrón se reproduce incluso en el plano de los dioses, como demuestra con particular elocuencia una historia que analizaremos con cierto detalle: la fábula de Psique en la *Metamorfosis* de Apuleyo –obra profundamente atravesada por la(s) experiencia(s) servil(es). En el relato, la bellísima Psique –hija de un rey anatolio– se convierte en objeto de los celos de Venus, celos que, paradójicamente, terminan propiciando el romance entre la joven y el hijo de la divinidad, el alado Cupido. Encargado por su madre de hacer que Psique se enamorase de un monstruo, Cupido acaba por enamorarse él mismo de la joven. Airada por esta ilegítima unión, Venus reacciona con furia y decreta la persecución de Psique como si se tratase de una esclava fugitiva.[3] Conviene subrayar la gravedad de este punto, pues la situación de un esclavo o esclava en fuga era tremendamente precaria. En un mundo como el del Mediterráneo antiguo, carente de espacios abolicionistas o de amparo legal, las únicas alternativas para quienes huían de la esclavitud eran, o bien pasar desapercibidos mimetizándose entre la población libre, o bien someterse de nuevo al poder de un amo –idealmente más clemente– que los aceptara bajo su autoridad. Al que fracasase en esta huida le esperaría no solamente el castigo de su amo, sino también el estigma permanente como *fugitivus*, que identifica tanto al esclavo fugado como al que tiende a huir.

Pese a que formalmente Psique todavía no es una esclava, lo cierto es que, desde la proclamación de Venus, las divinidades reaccionan como si ya lo fuera. Todas ellas rechazan dar cobijo a la joven huida, por deferencia y lealtad a su colega divina, pero también por respeto a la ley. Así lo

[3] Bradley 2022.

a Psique «en virtude das leis que prohiben dar refuxio ós escravos alleos fuxidos sen o consentimento dos seus donos» (*Metamorfose*, VI, 5). Efectivamente, a republicana *lex Fabia* (*circa* II–I a.C.) equiparaba este amparo do *fugitiuus* co secuestro, e así o reiteran tamén o edicto pretorio, os xuriconsultos e as constitucións de época imperial, cada vez máis vixilantes deste tipo de actitudes.[4] Venus coñece ben as regras do xogo e os seus dereitos como suposta domina de Psique, e por iso acode ó palacio de Xúpiter. Este, en representación das leis e da autoridade pública, asigna a Mercurio a tarefa de acompañar á demandante, facendo as veces de pregoeiro, proclamando a fuxida, as características físicas da fuxitiva e a recompensa dispoñible para calquera informante. Todo elo emula con finura e detalle os procedementos propios do plano humano, onde o pretor ou o gobernador provincial podían asignar un pregoeiro público para asistir ó dono denunciante dunha fuga.[5] Efectivamente, fiel ó seu cometido, o mensaxeiro dos deuses viaxará polos pobos pregoando a fuxida de Psique cunha fórmula curiosa:

> Quen lograse facer volver da súa fuxida ou revelar o paradoiro da fuxitiva, filla do rei e *ancilla* de Venus, chamada Psique, preséntese tras as columnas *murtianas* ó pregoeiro Mercurio, e recibirá da propia Venus, en calidade de recompensa pola delación, sete bicos doces e un, moito máis meloso, co rozo acariciante da súa lingua. (Apuleio, *Metamorfose*, VI, 8)

Á marxe da peculiar recompensa –que, como é evidente, desatará a cobiza e luxuria dos mortais– resulta interesante a dobre fórmula coa que Mercurio aínda identifica a Psique: é filla

[4] *Digesto*, XLVIII, 15. Véxase Rodríguez Garrido 2023a: 183-220.

[5] Outro exemplo literario deste proceder atopámolo Petronio (*Satiricón*, XCVII).

señala Juno, quien dice estar prevenida de ayudar a Psiche «en virtud de las leyes que prohíben dar cobijo a los esclavos ajenos fugados sin el consentimiento de sus dueños» (*Metamorfosis*, VI, 5). Efectivamente, la republicana *lex Fabia* (*circa* II-I a.C.) equiparaba este amparo del *fugitivus* con el secuestro, y así lo reiteran también el edicto pretorio, los jurisconsultos y constituciones de época imperial, cada vez más vigilante de este tipo de actitudes.[4] Venus conoce bien las reglas del juego y sus derechos como supuesta *domina* de Psiche, y por ello acude al palacio de Júpiter. Este, en representación de las leyes y la autoridad pública asigna a Mercurio la tarea de acompañar a la demandante, haciendo las veces de pregonero, proclamando la huida, las características físicas de la fugitiva y la recompensa disponible para cualquier informante. Todo ello emula con finura y detalle los procedimientos propios del plano humano, donde el pretor o gobernador provincial podía asignar a un pregonero público para asistir al dueño denunciante de una fuga.[5] Efectivamente, fiel a su cometido, el mensajero de los dioses viajará por los pueblos pregonando la fuga de Psiche con una fórmula curiosa:

> Quien lograse hacer volver de su fuga o revelar el paradero de la fugitiva, hija del rey y *ancilla* de Venus, llamada Psique, preséntese tras las columnas *murtianas* ante Mercurio, el pregonero, y recibirá de la misma Venus, en calidad de recompensa por la delación, siete besos dulces y uno, muchísimo más meloso, con el roce acariciante de su lengua. (Apuleyo, *Metamorfosis*, VI, 8).

Al margen de la peculiar recompensa –que, como es evidente, desatará la codicia y lujuria de los mortales– resulta interesante la doble fórmula con la que Mercurio todavía identifica a

[4] *Digesto*, XLVIII, 15. Véase Rodríguez Garrido 2023a: 183-220.

[5] Otro ejemplo literario de este proceder lo encontramos en Petronio (*Satiricón*, XCVII).

do rei, pero tamén *ancilla* de Venus, é dicir, a súa escrava. A súa natureza dobre é o resultado dunha transformación que se inicia desde o mesmo momento no que os actos da moza (ou os de Cupido, en realidade, ó non atender as ordes da súa nai) desatan a furia da deusa. Chegados a este punto, o grao de acurralamento que sofre Psique é tal que decide presentarse voluntariamente na morada de Venus. Alí recíbea Costume (*Consuetudo*), unha das escravas da deusa, quen, suxeitándoa brutalmente polos cabelos –un xesto relevante–, arrástraa diante da súa señora. Venus, que se presenta ironicamente como a sogra de Psique, decide acto seguido imporlle un castigo acorde coa que xa considera a súa auténtica condición: a dunha escrava sometida ó seu poder:

> E entón [Venus] engadiu: "¿Onde están Preocupación (*Sollicitudo*) e Tristeza (*Tristitiae*), as miñas escravas?". E cando estas foron chamadas ó interior, entregóuselles a Psique para que a torturasen. Elas, obedecendo o mandato da súa señora, azoutaron á pobre Psique con látegos e sometérona a outros tormentos, ata devolvela de novo diante da presenza de Venus. (Apuleio, *Metamorfose*, VI, 9; trad. propia)

O castigo que Venus inflixe ó corpo de Psique por medio das súas dúas escravas –que non só a flaxelan, senón que lle esgarran as vestiduras e lle rapan o cabelo– culmina a transmutación simbólica da princesa nunha figura escravizada, un destino que comezara a fraguarse en realidade desde o mesmo intre en que a deusa se fixou na súa beleza. A partir dese momento, Psique queda atrapada nunha dinámica de subordinación, vixilancia e castigo que reproduce os mecanismos propios da escravitude terreal. A violencia exercida sobre ela non ten unicamente unha lóxica punitiva, senón tamén «performativa», pois configura de novo a súa identidade ante os deuses (que xa asumiran a

Psiche: es hija del rey, pero también *ancilla* de Venus, es decir, su esclava. Su naturaleza doble es el resultado de una transformación que se inicia desde el mismo momento en el que los actos de la joven (o los de Cupido, en realidad, al desoír las órdenes de su madre) desatan la furia de la diosa. Llegados a este punto, el grado de acorralamiento que sufre Psique es tal que decide presentarse voluntariamente en la morada de Venus. Allí la recibe Costumbre (*Consuetudo*), una de las esclavas de la diosa, quien sujetándola brutalmente por los cabellos –un gesto relevante– la arrastra ante su señora. Venus, que se presenta irónicamente como la suegra de Psique, decide acto seguido imponerle un castigo acorde con la que ya considera su auténtica condición, la de una esclava sometida a su poder:

> Y entonces [Venus] añadió: «¿Dónde están Preocupación (*Sollicitudo*) y Tristeza (*Tristities*), mis esclavas?». Y cuando estas fueron llamadas al interior, les entregó a Psique para que la torturaran. Ellas, obedeciendo el mandato de su señora, azotaron a la pobre Psique con látigos y la sometieron a otros tormentos, hasta devolverla nuevamente ante la presencia de Venus. (Apuleyo, *Metamorfosis*, VI, 9; trad. propia)

El castigo que Venus inflige al cuerpo de Psique por medio de sus dos esclavas –quienes no solamente la flagelan, sino que desgarran sus vestiduras y le rapan el pelo– culmina la transmutación simbólica de la princesa en una figura esclavizada, un destino que había comenzado a fraguarse en realidad desde el mismo instante en que la diosa se fijó en su belleza. A partir de ese momento, Psique queda atrapada en una dinámica de subordinación, vigilancia y castigo que reproduce los mecanismos propios de la esclavitud terrenal. La violencia ejercida sobre ella no tiene únicamente una lógica punitiva, sino también «performativa», pues configura de nuevo su identidad ante los dioses (que ya habían

escravización da moza para evitar enfadar á deusa do amor e da beleza), pero tamén, por suposto, ante os ollos do lector. Ademais, a súa conversión forzosa supón, para regocixo de Venus, a disolución do seu matrimonio con Cupido, na medida na que unha escrava non pode contraer lexítimas nupcias en ningunha circunstancia. Os fillos que puidesen nacer desa unión serán, ó mesmo tempo, bastardos propiedade da deusa.

O carácter transformador do azoute que vimos defendendo convidaba a limitar o seu uso sobre os infantes libres, sobre os cales, en realidade, o *paterfamilias* tiña un poder tan omnímodo como o que exercía sobre os seus escravos. Quintiliano tamén desaconsella o seu uso ós preceptores:

> Golpear un pupilo é algo que –aínda que sexa práctica habitual e non a desaprobe nin Crisipo– non aprobo en modo ningún. En primeiro lugar, porque é unha medida degradante e propia de escravos (*deforme atque servile*), que pode constituír un delito de *iniuria* (algo que resulta evidente en idades superiores). En segundo lugar, porque se alguén ten un espírito tan mesquiño que non reacciona ás reprimendas, tamén se resistirá ós golpes como fan os escravos máis viles. (Quintiliano, *Institutiones*, I, 3, 14-15, trad. propia)

Non é casual nin inocente a terminoloxía empregada polo experto retórico para definir os efectos do azoute sobre o mozo estudante como un acto «deformante e servil» que, lonxe de achegalo á virtude e ás características físicas e morais do cidadán romano ideal, o aproxima ó escravo vil. Con todo, o texto permite un matiz relevante para nós: non se fala de utilizar o látego, pois o instrumento favorito do preceptor para castigar ós seus alumnos menos aventaxados era a cana (*ferula*) ou, en menor medida, o bastón ou *fustis*. Efectivamente, a lei romana acabou por admitir como aceptables a fustigasumido la esclavización de la joven para evitar enojar a la diosa del amor y la belleza) pero también, por supuesto, ante los ojos del lector. Además, su conversión forzosa supone, para regocijo de Venus, la disolución de su matrimonio con Cupido, en la medida en que una esclava no puede contraer legítimas nupcias en ninguna circunstancia. Los hijos que pudieran nacer de esa unión serán, al mismo tiempo, bastardos propiedad de la diosa.

El carácter transformador del azote que venimos defendiendo invitaba a limitar su uso sobre los infantes libres, sobre los cuales, en realidad, el *paterfamilias* tenía un poder tan omnímodo como el que ejercía sobre sus esclavos. Quintiliano también desaconseja su uso a los preceptores:

> Golpear a un pupilo es algo que –aunque sea práctica habitual y no la desapruebe ni Crisipo– no apruebo en modo alguno. Primeramente, porque es una medida degradante y propia de esclavos (*deforme atque servile*) que puede constituir un delito de *iniuria* (algo que está claro en edades superiores). En segundo lugar, porque si alguien tiene un espíritu tan innoble que no reacciona a las reprimendas, también se resistirá a los golpes como hacen los esclavos más viles. (Quintiliano, *Instituciones*, I, 3, 14-15, trad. propia)

No es casual ni inocente la terminología utilizada por el experto retórico para definir los efectos del azote sobre el joven estudiante como un acto «deforme y servil» que, lejos de acercarlo a la virtud y a las características físicas y morales del ciudadano romano ideal, lo aproxima al esclavo vil. Con todo, el texto permite un matiz relevante para nosotros: no se habla de utilizar el látigo, pues el instrumento favorito del preceptor para castigar a sus alumnos menos aventajados era la caña (*ferula*) o, en menor medida, el bastón o *fustis*. Efectivamente, la ley romana acabó por admitir como aceptables la fustigación o el golpeo con bastones por considerarlas menos



Fig. 1. *Psyche before the Throne of Venus*
Henrietta Rae, 1894.
Óleo sobre tea
Colección privada
Fonte: Dominio público. @EdwardPan

Fig. 1. *Psyche before the Throne of Venus*
Henrietta Rae, 1894.
Óleo sobre tela
Colección privada
Fuente: Dominio público. @EdwardPan

ción ou o golpeo con bastóns por consideralas menos infamantes ca a *uerberatio* con látego,[6] especialmente cando os penados pertencían á clase dos *humiliores*. Así, a comezos do século III, en tempos dos emperadores Severos –dinastía que representa con claridade o cambio de percepción sobre o uso do castigo físico a cidadáns–, o *praefectus uigilum* recibiu por orde imperial a capacidade de apalear e fustigar ós cidadáns que actuasen con neglixencia á hora de previr incendios.[7] Moitos outros rescritos e constitucións imperiais deste período conceden ós *honestiores* a exención de calquera castigo físico.[8] Esta exención, por suposto, sobreentende que ditos castigos si estaban dispoñibles para axustizar ós máis humildes:

> Non todos deben ser castigados con varas (*fustis*), senón unicamente aqueles que, aínda que libres, pertencen ás capas sociais máis baixas; pola contra, as persoas de condición máis honorable (*honestiores*) non están suxeitas a este tipo de castigos, e isto exprésase con claridade nos rescritos imperiais. (*Digesto*, XLVIII, 19, 28, 2; Calístrato, l. 6 *de cognitionibus*; trad. propia)

A diferenza do que ocorría en épocas anteriores, ser libre –e mesmo cidadán, tras a concesión universal da cidadanía no ano 212 d. C.– xa non abondaba para quedar ó resgardo do uso punitivo da violencia. Así como a inmunidade fronte ós castigos corporais fora unha das garantías definitorias da condición cidadá, a progresiva erosión dese privilexio contribuíu a esvaecer as fronteiras xurídicas e simbólicas que ata entón separaban ós individuos libres –aínda que de condición modesta– dos escravizados.

[6] Rodríguez Ennes 2012: 54.

[7] Así queda testemuñado por Ulpiano en *Digesto,* I, 15, 3, 1 (l. *singularis de officio praefecti uigilum*) y *Digesto* I, 15, 4 (Ulpiano, l. *singularis de officio praefecti urbi*).

[8] Garnsey 1970: 140.

infamantes que la *uerberatio* con látigo,[6] especialmente cuando los penados pertenecían a la clase de los *humiliores*. Así, a inicios del siglo III, en tiempos de los emperadores Severos –dinastía que representa con claridad el cambio de percepción sobre el uso del castigo físico a ciudadanos– el *praefectus uigilum* recibió por orden imperial la capacidad de apalear y fustigar a los ciudadanos que hubiesen actuado con negligencia a la hora de prevenir incendios.[7] Muchos otros rescriptos y constituciones imperiales de este período conceden a los *honestiores* la exención de cualquier castigo físico.[8] Esta exención, por supuesto, sobreentiende que dichos castigos sí estaban disponibles para ajusticiar a los más humildes:

> No todos han de ser castigados con varas (*fustis*), sino únicamente aquellos que, aunque libres, pertenecen a las capas sociales más bajas; en cambio, las personas de condición más honorable (*honestiores*) no están sujetas a este tipo de castigos, y ello se expresa con claridad en los rescriptos imperiales. (*Digesto*, XLVIII, 19, 28, 2; Calístrato, l. 6 *de cognitionibus*; trad. propia)

A diferencia de lo que ocurría en épocas anteriores, ser libre –e incluso ciudadano, tras la concesión universal de la ciudadanía en el año 212 d. C.– ya no bastaba para quedar al resguardo del uso punitivo de la violencia. Así como la inmunidad frente a los castigos corporales había sido una de las garantías definitorias de la condición ciudadana, la progresiva erosión de ese privilegio contribuyó a desdibujar las fronteras jurídicas y simbólicas que hasta entonces separaban a los individuos libres –aunque de condición modesta– de los esclavizados.

[6] Rodríguez Ennes 2012: 54.

[7] Así lo atestigua Ulpiano en *Digesto,* I, 15, 3, 1 (l. *singularis de officio praefecti uigilum*) y *Digesto* I, 15, 4 (Ulpiano, l. *singularis de officio praefecti urbi*).

[8] Garnsey 1970: 140.

A tortura

Algo semellante ocorre coa *quaestio cum tormento*, é dicir, a tortura como ferramenta forense nun procedemento criminal. Durante o período clásico do dereito romano, o seu uso contra cidadáns estaba practicamente vetado (Brunt 1980: 259), aínda que con algunhas excepcións (Rodríguez Garrido 2023b). Por outra banda, o pensamento xurídico romano consideraba imprescindible someter a tortura a todo escravo interrogado nun procedemento criminal, non só como acusado, senón tamén como testemuña. A lóxica detrás deste principio legal era tan contundente como cruel: dada a natureza enganosa do escravo, a verdade só podía serlle extraída mediante o tormento. Por iso, polo menos no mundo anterior ó dereito postclásico, o uso ou non da tortura constituía unha fronteira máis que separaba os eidos do cidadán libre e do escravo.[9] Por suposto, son múltiples as referencias nas fontes a emperadores torturando a individuos libres sospeitosos de crimes de lesa maxestade, pero estas están escritas precisamente para subliñar e censurar a extrema crueldade e falta de mesura dos gobernantes. Mesmo Claudio, emperador que iniciou o seu reinado comprometéndose a evitar esas prácticas, acabou por recorrer a elas con frecuencia e, se cremos a Suetonio, con gusto.[10] En todo caso, ó estar vinculadas ó grave crime de *maiestas*, todas estas referencias son extraordinarias e, en realidade, contrarias ó funcionamento regular e habitual do sistema legal romano.

Fóra deste ámbito excepcional, non sorprende que a práctica totalidade das pasaxes xurídicas compiladas no capítulo XLVIII, 18 do *Digesto* (co suxestivo título *De quaestionibus*, «Sobre os interrogatorios») estean referidas ou protagonizadas de forma xeneralizada por individuos de condición servil. Os prin-

[9] DuBois 1991: 29, 41.

[10] Suetonio, *Claudio*, xxxiv. Véxase Garnsey 1991: 144.

La tortura

Algo semejante ocurre con la *quaestio cum tormento*, esto es, la tortura como herramienta forense en un procedimiento criminal. Durante el período clásico del derecho romano, su uso contra ciudadanos estaba prácticamente vetado (Brunt 1980: 259), aunque con algunas excepciones (Rodríguez Garrido 2023b). Por otra parte, el pensamiento jurídico romano consideraba imprescindible someter a tortura a todo esclavo interrogado en un procedimiento criminal, no solamente como acusado, sino también como testigo. La lógica detrás de este principio legal era tan contundente como cruel: dada la naturaleza engañosa del esclavo, la verdad solamente le podía ser extraída mediante el tormento. Por ello, al menos en el mundo anterior al derecho postclásico, el uso o no de la tortura constituía una frontera más que separaba los mundos del ciudadano libre y del esclavo.[9] Por supuesto, son múltiples las referencias en las fuentes a emperadores torturando a individuos libres sospechosos de crímenes de lesa majestad, pero estas están escritas precisamente para subrayar y censurar la extrema crueldad y falta de mesura de los gobernantes. Incluso Claudio, emperador que inició su reinado comprometiéndose a evitar esas prácticas, acabó recurriendo a ellas con frecuencia y, si creemos a Suetonio, con gusto.[10] En todo caso, al estar vinculadas al grave *crimen maiestatis*, todas estas referencias son extraordinarias y, en realidad, contrarias al funcionamiento regular y habitual del sistema legal romano.

Fuera de este ámbito excepcional, no sorprende que la práctica totalidad de los pasajes jurídicos compilados en el capítulo XLVIII, 18 del *Digesto* (con el sugerente título *De quaestionibus*, «Sobre los interrogatorios») estén referidos o protagonizados de forma generalizada por individuos de condición servil. Los princi-

[9] DuBois 1991: 29, 41.

[10] Suetonio, *Claudio*, xxxiv. Véase Garnsey 1991: 144.

cipios que aquí se recollen son os da naturalización absoluta da tortura ó escravo, se ben con excepcións que teñen máis que ver coa efectividade forense ca coa piedade ou o humanitarismo. O tormento había de aplicarse con extrema cautela, como complemento a outras pescudas e cando a culpabilidade do acusado xa é suficientemente probable. Estes principios aséntanse nunha constatación reiterada: a fraxilidade epistémica da tortura. Recoñécese que hai persoas capaces de resistila sen chegar a confesar a verdade, e outras que, pola contra, prefiren mentir –ou confesar o que cren que o interrogador quere oír– con tal de evitar a dor ou por outras razóns. Nesta liña, o emperador Marco Aurelio –nunha carta a un gobernador provincial de nome Saxa– eloxia a súa *prudentia* e a súa *ratio humanitatis* por ter decidido repetir a tortura a un escravo que se autoinculpaba dun crime, ó sospeitar con acerto que o facía falsamente, movido polo temor ó seu antigo amo (*Digesto*, XLVIII, 18, 1, 27; Ulpiano, l. 8 *de officio proconsulis*). Outra gran salvidade do uso procesual da tortura contra o escravo é a súa aplicación contra os intereses do amo, unha posibilidade que tanto os xuristas como os emperadores censuran con claridade, con contadas excepcións en época de Traxano e durante a dinastía Severa.[11] A idade do individuo –co límite en catorce anos– tamén semella xogar o seu papel no uso da tortura, e así o establece unha constitución de Antonino Pío (s. II d. C.) lembrada xa a finais do século IV por Arcadio Carisio (*Digesto*, XLVIII, 18, 10). De forma xeral, a xurisprudencia romana transmite unha tensión constante entre o uso estratéxico (e abuso) do corpo servil como fonte de proba e o recoñecemento da súa vulnerabilidade e falibilidade, pero dela tamén se deduce como a *quaestio cum tormento* opera como medio probatorio, mais tamén como ritual de poder xurídico. O tormento non é unicamente un método

pios que aquí se recogen son los de la naturalización absoluta de la tortura al esclavo, si bien con salvedades que tienen que ver más con la efectividad forense que con la piedad o el humanitarismo. El tormento habrá de aplicarse con extrema cautela, como complemento a otras pesquisas y cuando la culpabilidad del acusado es ya suficientemente probable. Estos principios se asientan en una constatación reiterada: la fragilidad epistémica de la tortura. Se reconoce que hay personas capaces de resistirla sin llegar a confesar la verdad, y otras que, por el contrario, prefieren mentir –o confesar lo que creen que el interrogador quiere oír– con tal de evitar el dolor o por otras razones. En esta línea, el emperador Marco Aurelio –en una carta a un gobernador provincial de nombre Saxa– elogia su *prudentia* y su *ratio humanitatis* por haber decidido repetir la tortura a un esclavo que se autoinculpaba de un crimen, al sospechar con acierto que lo hacía falsamente, movido por el temor a su antiguo amo (*Digesto*, XLVIII, 18, 1, 27; Ulpiano, l. 8 *de officio proconsulis*). Otra gran salvedad del uso procesal de la tortura contra el esclavo es su uso contra los intereses del amo, una posibilidad que tanto los juristas como los emperadores censuran con claridad, con contadas excepciones en época de Trajano y durante la dinastía Severa.[11] La edad del individuo –con el límite en catorce años– también parece jugar su parte en el uso de la tortura, y así lo establece una constitución de Antonino Pío (s. II d.C.) recordada ya a finales del siglo IV por Arcadio Carisio (*Digesto*, XLVIII, 18, 10). De forma general, la jurisprudencia romana transmite una tensión constante entre el estratégico uso (y abuso) del cuerpo servil como fuente de prueba y el reconocimiento de su vulnerabilidad y falibilidad, pero de ella también se deduce cómo la *quaestio cum tormento* opera como medio probatorio, pero también como ritual de poder jurídico. El tormento no es únicamente un método de investigación: es, en sí

[11] Rodríguez Garrido 2023a: 273-274.

[11] Rodríguez Garrido 2023a: 273-274.

de investigación: é, en si mesmo, unha forma de disciplina social orientada a xerarquizar e marcar diferenzas entre dominadores e dominados, entre corpos útiles e corpos sospeitosos.

Malia todo isto, de novo, o reinado en solitario do emperador Caracalla (211-217 d. C.) volve amosarse na documentación como un período bisagra no que se albiscan cambios que afectan á inviolabilidade do corpo cidadán libre. De xeito específico, unha constitución do 216 recollida no *Codex Iustiniani* (IX, 41, 3) admite a tortura dunha muller libre sospeitosa de ter envelenado a un home:

> Primeiro serán interrogados os escravos alleos. Se se achegan probas dun crime tan atroz que parezan concordar cos indicios verosímiles do caso, tamén a propia muller será torturada: pois non padecerá inxustamente quen, con velenos, extinguiu as entrañas dun home. (Trad. propia)

Aínda que o emperador subliña na súa sentenza a excepcionalidade do crime como xustificación da tortura, esta xa non garda relación coa seguridade do *princeps* nin co mantemento das institucións do Estado. Trátase dun crime atroz, mais privado, e con todo, no procedemento a tortura é admitida sen problema non só como ferramenta forense, senón tamén punitiva. Sorprende que esta decisión se tome, ademais, tomando como único indicio a confesión duns escravos, cando paralelamente autores contemporáneos como Ulpiano advertían da falibilidade deste tipo de testemuños (*Digesto*, XLVIII, 18, 1, 4). A decisión de Caracalla non é máis que o primeiro paso cara á constitución dun sistema procesual romano que admitía a tortura de certos individuos libres como testemuñas. Outro fragmento de Arcadio Carisio, quen probablemente asistiu a Constantino na chancelería imperial, recomenda directamente interrogar mediante tortura ós *harenarii* (combatentes

mismo, una forma de disciplina social orientada a jerarquizar y marcar diferencias entre dominadores y dominados, entre cuerpos útiles y cuerpos sospechosos.

Pese a esto, de nuevo, el reinado en solitario del emperador Caracalla (211-217 d.C.) vuelve a mostrarse en la documentación como un período bisagra en el que se vislumbran cambios que afectan a la inviolabilidad del cuerpo ciudadano libre. Específicamente, una constitución del 216 recogida en el *Codex Iustiniani* (IX, 41, 3) admite la tortura de la mujer libre sospechosa de haber envenenado a un hombre:

> Primero serán interrogados los esclavos ajenos. Si se aportan pruebas de un crimen tan atroz que parezcan concordar con los indicios verosímiles del caso, también la propia mujer será torturada: pues no sufrirá indebidamente quien, con venenos, extinguió las entrañas de un hombre (Trad. propia).

Aunque el emperador subraya en su sentencia la excepcionalidad del crimen como justificación de la tortura, ésta ya no guarda relación con la seguridad del *princeps* o el mantenimiento de las instituciones del Estado. Es un crimen atroz, pero privado, y no obstante en el procedimiento la tortura es admitida sin problema no únicamente como herramienta forense, sino también punitiva. Sorprende que esta decisión se tome, además, tomando como único indicio la confesión de unos esclavos, cuando de forma paralela autores contemporáneos como Ulpiano estaban advirtiendo de la falibilidad de este tipo de testimonios (*Digesto,* XLVIII, 18, 1, 4). La decisión de Caracalla no es más que el primer paso hacia la constitución de un sistema procesal romano que admitía la tortura de *algunos* individuos libres como testigos. Otro fragmento de Arcadio Carisio, quien probablemente asistió a Constantino en la cancillería imperial, recomienda directamente interrogar mediante tortura a *harenarii* (combatientes en el anfiteatro)

no anfiteatro) e individuos de condición semellante, entre os que sen dúbida habería escravos, pero tamén cidadáns libres (*Digesto*, XXII, 5, 21, 2). Para autores como Peter Brunt (1980: 265), non hai dúbida de que a partir do século IV a protección do cidadán libre fronte á tortura se diluíra case completamente, equiparando así a súa situación procesual á dos escravos e dos non cidadáns.

De cidadáns, escravos e homúnculos

Os procesos expostos máis arriba non evidencian unicamente o proceso de degradación –ou de equiparación «á baixa»– que experimentou o estatus cidadán a partir do edicto de Caracalla do 212 d.C., senón tamén como no período anterior determinados tipos de violencia pertencían case exclusivamente ó mundo servil, ou eran percibidos como tales. A súa aplicación sobre os corpos escravizados tiña, por suposto, unha función coercitiva e de control, pero tamén un sentido xerarquizante e transformador: o escravo recibe determinados tipos de violencia porque é escravo e, ó mesmo tempo, é escravo porque o seu corpo –como o de Psique– as sufriu, arrastrando un estigma servil que persiste incluso entre aqueles que acadaron a liberdade mediante a manumisión. A transformación do corpo á que nos referimos non é unicamente metafísica, espiritual ou reputacional. Un elemento común ás violencias servís por antonomasia –a flaxelación con látego e a tortura– é a súa capacidade para inflixir con probabilidade marcas indelebles na pel do individuo escravizado. Estas marcas fortuítas, sumadas ás que se imprimen deliberadamente no corpo do escravo para identificalo, evitar a súa fuxida ou evidenciar a súa perigosidade, son *maculae* ou *stigmata* con consecuencias de longo percorrido, incluso tras a liberación:

> Establécese pola *lex Aelia Sentia* que aqueles escravos encadeados polos seus donos como castigo, ou marcados con sinais, así como os

e individuos de condición similar, entre los que habría sin duda esclavos, pero también ciudadanos libres (*Digesto*, XXII, 5, 21, 2). Para autores como Peter Brunt (1980: 265), no hay duda de que a partir del siglo IV la protección del ciudadano libre hacia la tortura se había diluido casi completamente, equiparando con ello su situación procesal a la de los esclavos y los no ciudadanos.

De ciudadanos, esclavos y homúnculos

Los procesos arriba expuestos no evidencian únicamente el proceso de degradación –o de equiparación «a la baja»– que experimentó el estatus ciudadano a partir del edicto de Caracalla del 212 d.C., sino también cómo en el período anterior determinados tipos de violencia pertenecían casi exclusivamente al mundo servil, o eran percibidos como tal. Su aplicación sobre los cuerpos esclavizados tenía, por supuesto, una función coercitiva y de control, pero también un sentido jerarquizador y transformador: el esclavo recibe determinados tipos de violencia porque es esclavo y, al mismo tiempo, es esclavo porque su cuerpo –como el de Psique– las ha sufrido, arrastrando un estigma servil que pervive incluso entre aquellos que han logrado la libertad mediante la manumisión. La transformación del cuerpo a la que nos estamos refiriendo no es únicamente metafísica, espiritual o reputacional. Un elemento común a las violencias serviles por antonomasia –la flagelación con látigo y la tortura– es su capacidad para infligir con probabilidad marcas indelebles en la piel del individuo esclavizado. Estas marcas fortuitas, sumadas a las que deliberadamente se imprimen en el cuerpo del esclavo para identificarlo, para evitar su huida o evidenciar su peligrosidad, son *maculae* o *stigmata* con consecuencias de largo recorrido, incluso tras la liberación:

> Se establece por la lex Aelia Sentia que aquellos esclavos encadenados por sus dueños como castigo, o señalados con marcas, así como los que

> que, por razón dun delito, foran interrogados mediante tortura e declarados culpables [...], se posteriormente o mesmo señor ou outro distinto os manumite, serán libres baixo a condición na que se atopan os peregrini dediticii. (Gaio, *Institucións*, I, 13; trad. propia)

A lei citada por Gaio, de época augustea, vetaba o salto á cidadanía romana mediante a manumisión daqueles escravos cuxos corpos experimentaran as violencias máis extremas. Estes, no caso de recibir a liberdade, non pasarían a formar parte do corpo cidadán, coas protección xurídicas que iso implicaba nese momento, senón do grupo dos *dediticii*, equiparados ós estranxeiros rendidos ó poder de Roma. A transformación corporal derivada da experiencia servil inhabilitábaos a perpetuidade para tan ambicionado privilexio, así como tamén para residir na cidade de Roma (Gaio, *Institucións*, I, 27).

Con todo, o escravo manumitido como *dediticius* era estatutariamente libre. Menos sorte correrían a maioría, especialmente aqueles cun perfil violento como o que marca Gaio na súa descrición, para os cales a liberdade era apenas un soño afastado. A pesar de que, na súa base, o pensamento romano –especialmente o de influencia estoica– recoñecía a igualdade de libres e escravos dentro dun único xénero humano[12] (algo que precisamente facilitaba a conversión dun escravo nun cidadán liberto), as inclemencias dunha vida en escravitude podían activar outro tipo de transformación; dela fálanos Apuleio mediante a fábula de Psique, pero tamén a través de Lucio, protagonista da obra, transformado en asno pola súa imprudencia e desexo de acceder a saberes prohibidos.

Agora ben, Lucio non é o único personaxe que perde a súa humanidade na novela:

[12] Gayo, *Instituciones*, 1, 9-11; Séneca, *Cartas a Lucilio*, 47, 17; Petronio, *Satiricón*, 47.

> por razón de un delito hubieran sido interrogados con tortura y declarados convictos […], si posteriormente el mismo señor o cualquier otro los manumitiese, serán libres bajo la condición en la que están los peregrinos dediticios. (Gayo, *Instituciones*, I, 13; trad. propia)

La ley citada por Gayo, de época augustea, vetaba el salto a la ciudadanía romana mediante la manumisión a aquellos esclavos cuyos cuerpos hubieran experimentado las violencias más extremas. Estos, en caso de recibir la libertad, no pasarían a formar parte del cuerpo ciudadano, con las protecciones jurídicas que ello conllevaba en ese momento, sino el de los *dediticios*, equiparados a los extranjeros rendidos al poder de Roma. La transformación corporal derivada de la experiencia servil los inhabilitaba a perpetuidad para tan codiciado previo, así como también para morar en la ciudad de Roma (Gayo, *Instituciones*, I, 27).

Con todo, el esclavo manumitido como *dediticius* era estatutariamente libre. Menos suerte correrán la mayoría, especialmente aquellos con un perfil violento como el que marca Gayo en su descripción, para los cuales la libertad era apenas un sueño distante. Pese a que, de base, el pensamiento romano, especialmente de influjo estoico, reconocía la igualdad de libres y esclavos dentro de un único género humano[12] (algo que precisamente facilitaba la conversión de un esclavo en un ciudadano liberto), las inclemencias de una vida en esclavitud podían activar otro tipo de transformación; de ella nos habla Apuleyo mediante la fábula de Psique pero también a través de Lucio, protagonista de la obra, transformado en asno por su imprudencia y deseo de acceder a saberes prohibidos.

Ahora bien, Lucio no es el único personaje que pierde su humanidad en la novela:

[12] Gayo, *Instituciones*, 1, 9-11; Séneca, *Cartas a Lucilio*, 47, 17; Petronio, *Satiricón*, 47.



Fig. 2. *Asno nun epitafio de libertos de Ostia*
Autoría descoñecida, s. II-III d.C.
Mármore
CIL XIV, 393. Museo Chiaramonti, inv. 1343
Fonte: @Chris73 (CC BY-SA)

Fig. 2. *Asno en un epitafio de libertos de Ostia*
Autoría desconocida, s. II-III d.C.
Mármol
CIL XIV, 393. Museo Chiaramonti, inv. 1343
Fuente: @Chris73 (CC BY-SA)

> *¡Deuses, que homiños* (*homunculi*) había alí! Toda a súa pel estaba tinguida de mazaduras, as costas laceradas apenas cubertas polos farrapos remendados que levaban. Algúns ían cubertos unicamente cun pequeno trapo nas súas partes íntimas, pero todos estaban vestidos de tal maneira que resultaba doado recoñecelos a través dos seus aldraxes. As súas frontes estaban marcadas, os cabelos rapados e os pés encadeados. (Apuleio, *Metamorfose*, IX, 12; trad. propia)

Estes escravos, dedicados á dura tarefa da moenda do gran, son descritos por Lucio non xa como seres humanos, senón como *homunculi*, monicreques case caricaturescos cuxa nudez revela con crueza a súa condición infrahumana. Esta nova natureza –non de nacemento, senón adquirida a golpes tras unha vida en escravitude– inhabilitaba ós desgraciados para a vida cidadá, e ó mesmo tempo facíaos máis susceptibles de sufrir torturas e castigos cruentos. Lamentablemente para eles, a verdadeira equiparación cos continxentes libres do Imperio e cos seus corpos non virá dada pola emancipación, senón por unha degradación do estatus cidadán. A figura do *humilis*, como novo suxeito punible, non só sinala o deterioro das vellas garantías republicanas ó cidadán, senón tamén a continuidade dunha lóxica disciplinaria que atravesa a historia romana: a dun poder que transforma os corpos en testemuñas de castigo.

> *¡Dioses, qué hombrecillos* (*homunculi*) había allí! Toda su piel pintada de cardenales, sus espaldas laceradas apenas cubiertas por los harapos remendados que llevaban. Algunos estaban cubiertos sólo por un pequeño trapo en sus partes íntimas, y todos ellos vestidos de tal forma que a través de los jirones se les veía claramente el cuerpo. Sus frentes estaban marcadas, sus cabellos rasurados y sus pies engrilletados, los rostros deformados por la palidez […]. (Apuleyo, *Metamorfosis*, IX, 12; trad. propia)

Estos esclavos, dedicados a la dura tarea de la molienda de grano, son descritos por Lucio no ya como seres humanos, sino como *homunculi*, monigotes casi caricaturescos cuya desnudez revela con crudeza su condición infrahumana. Esta nueva naturaleza –no de nacimiento, sino adquirida a golpes tras una vida en esclavitud– inhabilitaba a los desdichados para la vida ciudadana, y al mismo tiempo los hacía más susceptibles de sufrir torturas y cruentos castigos. Lamentablemente para ellos, la verdadera equiparación con los contingentes libres del Imperio y sus cuerpos vendrá dada no por la emancipación, sino por una degradación del estatus ciudadano. La figura del *humilis*, como nuevo sujeto punible, no solo señala el deterioro de las viejas garantías republicanas al ciudadano, sino también la continuidad de una lógica disciplinaria que atraviesa la historia romana: la de un poder que transforma los cuerpos en testigos de castigo.

Bibliografía

Bradley, K. (2022): «On Psyche and Psychology: A Reflection», *Ancient Narrative*, 19, págs. 39-78.

Brunt, P. (1980): «Evidence given under Torture in the Principate», *Zeitschrift der Savigny-Stiftung für Rechtsgeschichte*, 97 (1), págs. 256-265.

DuBois, P. (1991): *Torture and Truth*, London: Routledge.

Garnsey, P. (1970): *Social Status and Legal Privilege in the Roman Empire*, Oxford: Clarendon Press.

Olmo López R. (2018): *El centro en la periferia: las competencias de los gobernadores provinciales romanos en Hispania durante el Principado*, Berlin: Lit Verlag.

Rodríguez Ennes, L. (2012): «Algunas cuestiones en torno a la *verberatio*», *Revista de l'Institut Universitari d'Investigació en Criminologia i Ciències Penals de la UV*, 12 (2), págs. 52-65.

Rodríguez Garrido, J. (2023a): *Emperadores y esclavos. Algunos aspectos de la legislación imperial sobre esclavitud entre Trajano y los Severos,* Besançon: Presses Universitaires de Franche-Comté.

Rodríguez Garrido, J. (2023b): «*Non enim iam servi nostri principis amici.* Trajano y las reglas de la *quaestio servi*», *Dialogues d'histoire ancienne*, 49 (2), págs. 16.

A morte que non cesa. Corpo e representación da pena capital entre o Medioevo e a Modernidade

La muerte que no cesa. Cuerpo y representación de la pena capital entre el Medievo y la Modernidad

Abel de Lorenzo Rodríguez

As representacións do corpo torturado e executado mostran a maior debilidade mais tamén a maior corporalidade do humano. Nas fronteiras da existencia e a sensibilidade, o corpo humano baixo a tortura do poder e o sacrificio devén un dispositivo de alerta e unha ensinanza brutal disposta de forma pública. A cultura visual da pena de morte e a tortura utilizou maiormente os relatos sacros, mais tamén unha ambigua conxunción coa exemplaridade da execución: santos, traidores, criminais e sacrificados xerminan nese mesmo *humus* da violencia na que o corpo florece e desfaise. O sacrificado está moi preto dos simples condenados. Pero, que sucede cando esas representacións son contemporáneas a unha audiencia que sofre sistemas penais similares?

Os enxeños visuais que permiten esta reelaboración da crueldade e a execución como simulacro son aínda contemporáneos (Nelson 2011), pero proveñen dunha cultura visual antiga, especialmente medieval (Merback 1998; Mills 2005; Tammen 2005; Morel 2007). Unha época que codificou e mesmo normalizou a representación dos corpos, pero que tan só outorga minimamente un coñecemento sobre como se entenden os feitos do castigo e a viabilidade da comparación coa súa propia época, establecendo un diálogo no que o tempo pre-

Las representaciones del cuerpo torturado y ejecutado muestran la mayor debilidad y a la vez la mayor corporalidad de lo humano. En los límites de la existencia y la sensibilidad, el cuerpo humano bajo la tortura del poder y el sacrificio deviene un dispositivo de alerta y una enseñanza brutal dispuesta de forma pública. La cultura visual de la pena de muerte y la tortura ha utilizado mayormente los relatos sagrados, pero también una ambigua concomitancia con la ejemplaridad de la ejecución: santos, traidores, criminales y sacrificados germinan en ese mismo humus de la violencia ante la que el cuerpo florece y se deshace. El sacrificado está demasiado cerca de los simples condenados. Pero ¿qué sucede cuando esas representaciones son contemporáneas a una audiencia que sufre sistemas penales similares?

Los ingenios visuales que permiten esta reelaboración de la crueldad y la ejecución como simulacro son aún contemporáneos (Nelson 2011), pero provienen de una cultura visual antigua, especialmente medieval (Merback 1998; Mills 2005; Tammen 2005; Morel 2007). Una época que codificó e incluso normalizó la representación de los cuerpos, pero que tan solo otorga mínimamente un conocimiento sobre cómo se entienden los hechos del castigo y la viabilidad de la comparación con su propia época, estableciendo un diálogo en el que

sente da creación desa cultura visual inspírase —ás veces con moita seguridade— nos feitos contemporáneos. A isto chamámolo *re-enactment* ou recreación: o obxectivo é levar á súa actualidade o castigo para causar unha maior empatía ou conmoción porque era a maneira máis sinxela (ás veces gardando algúns xeitos arcaicos) de recrear os feitos movendo a emotividade do presente. Toda imaxe de violencia, aínda que imaxe, remite a unha violencia soterrada, a un corpo disposto a ser trabado polo dente do poder.

Este é un catálogo para pensar en imaxes ou, en palabras do arquitecto Luis Fernández-Galiano (2023), para pensar cos ollos. Non a partir da liña exacta da documentación e a tradición xurídica sobre os corpos, senón a partir das representacións visuais, da súa recepción, e do interese da súa produción na idea de como facer desaparecer ou marcar o corpo mediante suplicios. Todas as imaxes seleccionadas representan a aplicación da violencia legal —tortura e pena de morte— ou dos seus efectos na representación do corpo morto. Con todo, é unha violencia extemporánea que menciona execucións e torturas históricas sobre a vida sacra e antiga cuxo carácter é amplificador ou moralizante, e se reactiva nunha audiencia contemporánea á creación da obra de arte.

As representacións visuais buscan dous obxectivos: retratar as condenas contemporáneas e as condenas que se fan ao mesmo tempo que a representación, pero aínda máis as condenas consideradas antigas sobre todo a dos mártires que aparecen retratadas nun pasado heroico. Condenas que son extraordinariamente semellantes, aínda que sempre se lles atribúen ás pasadas unha brutalidade esaxerada nas formas de executarse. A visibilidade destas representacións cohabitaba entón cun réxime penal similar co que dialogaba. Eran dúas realidades que se complementaban: as execucións periódicas que representaban un momento de

el tiempo presente de la creación de esa cultura visual se inspira —a veces con mucha seguridad— en los hechos contemporáneos. A esto lo llamamos *re-enactment* o recreación: el objetivo es llevar a su actualidad el castigo para causar una mayor empatía o conmoción porque era la manera más sencilla (a veces guardando algunos gestos arcaicos) de recrear los hechos moviendo la emotividad de lo presente. Toda imagen de violencia, aunque imagen, remite a una violencia soterrada, a un cuerpo dispuesto a ser mordido por el diente del poder.

do xiv coa chegada da *Ars Subtilior* —por moi apreciables complexidades que trouxese consigo esta nova práctica—, non vai reaparecer en realidade até seis séculos máis tarde, no xx, coa obra de autores como Anton Webern (cf. as súas *Seis bagatelas para cuarteto de corda, op. 9* (1911-13)), Charles Ives (cf. o segundo movemento da súa *Sinfonía nº 4* (1924)) ou Elliott Carter (cf. o terceiro dos seus *Cinco cuartetos de corda* (1971); cf. Emmery (2020)).

Polifonía vs. diálogo

Dende os seus inicios, a polifonía espertou receos entre a xerarquía eclesiástica. Xa no século xii, Xoán de Salisbury, no seu *Policraticus*, encargábase de censurar con elocuencia aquel desacougante *canto de sereas* que «[despoxaba] case completamente aos ouvidos do seu poder crítico (...) e [volvía] o intelecto impotente para xulgar as cousas escoitadas» (Heneveld 2021: 134).[1] Tampouco as innovacións da *Ars Nova*, dous séculos máis tarde, serían obxecto dunha cálida acollida por parte das autoridades do momento. Dende entón, con tanta antipatía como afecto e maior ou menor fortuna, veñen sucedéndose os intentos de lexitimar esta práctica.

Na consideración académica actual destacan dúas posicións principais. De acordo coa primeira, articulada por autores como o teórico e intérprete Christopher Page, aos compositores destas pezas, como Guillaume de Machaut ou Philippe de Vitry, importáballes máis a sonoridade que a correcta comprensión dos textos. Dito noutras palabras, os textos eran valorados menos pola súa semántica que como contribuíntes a unha determinada sonoridade. Os motetes reclamarían por tanto unha escoita máis *sensorial* que intelectual e o seu característico exceso verbal, un tríplex poético que en certo modo se

[1] Esta e o resto de citas do artigo foron traducidas polo autor.

en buena medida a finales del xiv con la llegada del *Ars Subtilior* —por muy apreciables complejidades que trajera consigo esta nueva práctica—, no habrá de reaparecer en realidad hasta seis siglos más tarde, en el xx, con la obra de autores como Anton Webern (cf. sus *Seis bagatelas para cuarteto de cuerda, op. 9* (1911-13)), Charles Ives (cf. el segundo movimiento de su *Sinfonía nº 4* (1924)) o Elliott Carter (cf. el tercero de sus *Cinco cuartetos de cuerda* (1971); cf. Emmery (2020)).

Polifonía vs. diálogo

Desde sus inicios, la polifonía despertó recelos entre la jerarquía eclesiástica. Ya en el siglo xii, Juan de Salisbury, en su *Policraticus*, se encargaba de censurar con elocuencia aquel inquietante *canto de sirenas* que «[despojaba] casi completamente a los oídos de su poder crítico (…) y [volvía] el intelecto impotente para juzgar las cosas escuchadas» (Heneveld 2021: 134).[1] Tampoco las innovaciones del *Ars Nova*, dos siglos más tarde, serían objeto de una cálida acogida por parte de las autoridades del momento. Desde entonces, con tanta antipatía como afecto y mayor o menor fortuna, se han sucedido los intentos de legitimar esta práctica.

En la consideración académica actual destacan dos posiciones principales. De acuerdo con la primera, articulada por autores como el teórico e intérprete Christopher Page, a los compositores de estas piezas, como Guillaume de Machaut o Philippe de Vitry, les importaba más la sonoridad que la correcta comprensión de los textos. Dicho en otras palabras, los textos eran valorados menos por su semántica que como contribuyentes a una determinada sonoridad. Los motetes reclamarían por tanto una escucha más *sensorial* que intelectual y su característico exceso verbal, un tríplex poético que en cierto modo se autodestruye, supondría fundamen-

[1] Esta y el resto de citas del artículo han sido traducidas por el autor.

autodestrúe, suporía fundamentalmente unha calidade sonora engadida (Page 1993: 101).

A segunda posición, defendida entre outras por Margaret Bent (2003: 387), suxire pola contra que quizá estes motetes estaban destinados de xeito específico a espectadores-ouvintes cultos que, coa preparación adecuada, eran perfectamente capaces de gozar da simultaneidade, as disincronías e o entrecruzamento de planos melódicos e rítmicos, así como dos distintos contidos semánticos das voces. Esta ouvinte non renunciaba desde logo a un desfrute sensorial, pero estaría comprometida sobre todo cun exercicio *intelectual* de discriminación dos dispares elementos en xogo.

Hai sen dúbida un vasto campo interpretativo dispoñible entre a opción dunha diáfana captación case sobrehumana de cada un dos heteroxéneos compoñentes simultáneos e a opción de que o contido semántico practicamente non importa (porén hai que insistir en que, en todo caso, unha vez eliminado o foco semántico de atención, a ouvinte aínda tería que lidar con outras problemáticas simultaneidades). É moi probable que ambos extremos *puros* estean errados e, en última instancia, tomar partido sobre esta cuestión non é relevante para o que aquí quero mostrar. O que si parece claro é que a práctica destes motetes traía consigo a exposición da espectadora a un sólido obxecto coidadosamente composto que presentaba ao mesmo tempo unha *falta de unidade* sen precedentes.

Efectivamente, tanto para os críticos de entón como para os de hoxe, xunto aos reproches de esteticismo e frivolidade, o principal cargo presentado contra o motete *politextual* é precisamente a *falta de consenso*. A falta de concordia. Ou, dito á inversa, o uso da división como propósito xeral e non como elemento transitorio e exemplarizante finalmente correxido. Por iso, dado o duradeiro carácter hexemónico desta *concordia* como principio reitor dos asuntos humanos en termos xerais,

talmente una cualidad sonora añadida (Page 1993: 101).

La segunda posición, defendida entre otras por Margaret Bent (2003: 387), sugiere por el contrario que quizá estos motetes estaban destinados de manera específica a espectadores-oyentes cultos que, con la preparación adecuada, eran perfectamente capaces de disfrutar de la simultaneidad, las disincronías y el entrecruce de planos melódicos y rítmicos, así como de los distintos contenidos semánticos de las voces. Esta oyente no renunciaba desde luego a un disfrute sensorial, pero estaría comprometida sobre todo con un ejercicio *intelectual* de discriminación de los dispares elementos en juego.

Hay sin duda un vasto campo interpretativo disponible entre la opción de una diáfana captación casi sobrehumana de cada uno de los heterogéneos componentes simultáneos y la opción de que el contenido semántico prácticamente no importa (aunque hay que insistir en que, en todo caso, una vez eliminado el foco semántico de atención, la oyente todavía tendría que vérselas con otras problemáticas simultaneidades). Es muy probable que ambos extremos *puros* estén errados y, en última instancia, tomar partido sobre esta cuestión no es relevante para lo que aquí quiero mostrar. Lo que sí parece claro es que la práctica de estos motetes traía consigo la exposición de la espectadora a un sólido objeto cuidadosamente compuesto que presentaba al mismo tiempo una *falta de unidad* sin precedentes.

Efectivamente, tanto para los críticos de entonces como para los de hoy, junto a los reproches de esteticismo y frivolidad, el principal cargo presentado contra el motete *politextual* es precisamente la *falta de consenso*. La falta de concordia. O, dicho a la inversa, el uso de la división como propósito general y no como elemento transitorio y ejemplarizante finalmente corregido. Por ello, dado el duradero carácter hegemónico de esta *concordia* como principio rector de los asuntos humanos en términos generales,

é comprensible que non poucos musicólogos e historiadores de vocación conciliadora queiran caracterizar esta práctica apelando, de variadas maneiras, ao *diálogo* en tanto proverbial produtor de consenso.

Así, a polifonía medieval en xeral, e non só a que aquí chamo forte ou radical, é a miúdo subsumida comodamente dentro do seo da cultura escolástica e considerada «unha forma de dialoxismo nas artes» (Fruoco 2021: 3). Según este encaixe, «o contrapunto, ao igual que a *disputatio*, sería una expresión cultural da dialéctica e a retórica. (...) [E os] principios hermenéuticos que Abelardo tería aplicado á teoloxía e Graciano ao dereito a polifonía teríaos aplicado á música» (Novikoff 2013: 148).

Non obstante, esta é ao meu entender unha maneira *oficialista* de escamotear o obxecto de estudo, de esquivar ou desvirtuar os seus trazos máis perturbadores. O problema de someter ao motete a esta profiláctica institucionalización é que a simultaneidade polifónica radical está precisamente alí onde non hai diálogo e viceversa. Pouco diálogo pode haber cando todos os interlocutores falan ao mesmo tempo. *O diálogo é cabalmente todo o que a polifonía non é*. A simultaneidade de elementos dispares entre si, discursivos ou non, non é diálogo. O contrapunto non é un diálogo. O diálogo é literalmente unha alternancia de voces, é dicir, unha secuencia de monodias sucesivas (*pace* Smilansky 2021: 15-16) (e é tamén, dito sexa de paso, un concepto exhausto, maltratado polo oportunismo político e a simpleza moral).

A ollada *uniformizadora* insiste, con todo, en que as diferenzas que se lle ofrecen á espectadora do motete *politextual* son sempre eventualmente neutralizadas «pola enerxía da *concordia* ou o amor», de acordo coa xeral sensibilidade medieval e coa bendición de autoridades como Duns Escoto, entre outros. Deste xeito a polifonía viría a reflectir a divina e complexa unidade

es comprensible que no pocos musicólogos e historiadores de vocación conciliadora hayan querido caracterizar esta práctica apelando, de variadas maneras, al *diálogo* en tanto proverbial productor de consenso.

Así, la polifonía medieval en general, y no solo la que aquí llamo fuerte o radical, ha sido a menudo subsumida cómodamente dentro del seno de la cultura escolástica y considerada «una forma de dialogismo en las artes» (Fruoco 2021: 3). Según este encaje, «el contrapunto, al igual que la *disputatio*, sería una expresión cultural de la dialéctica y la retórica. (…) [Y los] principios hermenéuticos que Abelardo habría aplicado a la teología y Graciano al derecho la polifonía los habría aplicado a la música.» (Novikoff 2013: 148).

Sin embargo, esta es a mi entender una manera *oficialista* de escamotear el objeto de estudio, de soslayar o desvirtuar sus rasgos más perturbadores. El problema de someter al motete a esta profiláctica institucionalización es que la simultaneidad polifónica radical está precisamente allí donde no hay diálogo y viceversa. Poco diálogo puede haber cuando todos los interlocutores hablan al mismo tiempo. *El diálogo es cabalmente todo lo que la polifonía no es*. La simultaneidad de elementos dispares entre sí, discursivos o no, no es diálogo. El contrapunto no es un diálogo. El diálogo es literalmente una alternancia de voces, es decir, una secuencia de monodias sucesivas (*pace* Smilansky 2021: 15-16) (y es también, dicho sea de paso, un concepto exhausto, maltratado por el oportunismo político y la simpleza moral).

La mirada *uniformizadora* insiste, sin embargo, en que las diferencias que se le ofrecen a la espectadora del motete *politextual* son siempre eventualmente neutralizadas «por la energía de la *concordia* o el amor», de acuerdo con la general sensibilidad medieval y con la bendición de autoridades como Duns Escoto, entre otros. De este modo la polifonía vendría a reflejar la divina y compleja unidad que halla-

que atopamos na natureza, etc., etc. (Heneveld 2021: 133-34)

Por suposto, é absurdo negar o indispensable papel que xoga a *procura de unidade na diversidade* dentro do conxunto de ferramentas cognitivas e construtivas da ouvinte, como amosa a psicoloxía da percepción. E tamén o é obviar a forza vinculante de certos aspectos centrais desa citada sensibilidade xeral medieval, é dicir, o peso duns hábitos culturais e estéticos. É razoable polo tanto conceder a existencia dun certo *determinismo* psicolóxico e cultural. Pero non até o punto de deturpar os fenómenos particulares co obxecto de que encaixen debidamente no molde desa *sensibilidade xeral*.

Neste sentido, é imposible non advertir cómo sobrevoa sobre o falaz eufemismo *multiplicidade dialóxica eventualmente resolta en consenso* a espelida pomba do monoteísmo, aínda hoxe vixente baixo distintas aparencias na nosa cultura máis ou menos secular, para a que todo o que non sexa converxencia require unha intervención disciplinaria. Como sinalou Isiah Berlin (2006: 54-5):

> [por todas partes] encontramos a mesma crenza común: que as respostas a todas as grandes cuestións deben necesariamente estar de acordo unhas coas outras; pois deben corresponder coa realidade e a realidade é un todo harmonioso. Se non fose así, habería un caos no corazón das cousas: o que é impensable. Liberdade, igualdade, propiedade, coñecemento, seguridade, sabedoría práctica, pureza de carácter, sinceridade, bondade, amor propio racional, todos estes ideais [...] non poden (se en verdade son desexables) estar en conflito; se parecen estalo se debe a algún malentendido acerca das súas propiedades. As cousas boas nunca poden ser incompatibles entre si, en realidade practicamente implícanse unhas ás outras: os homes non poden ser sabios a non ser que sexan libres, ou libres a non ser que sexan xustos, felices, etc. (...) Aquí abandonamos manifestamente a voz

mos en la naturaleza, etc., etc. (Heneveld 2021: 133-34)

Por supuesto, es absurdo negar el indispensable papel que juega la *búsqueda de unidad en la diversidad* dentro del conjunto de herramientas cognitivas y constructivas de la oyente, como ha mostrado la psicología de la percepción. Y lo es también obviar la fuerza vinculante de ciertos aspectos centrales de esa citada sensibilidad general medieval, es decir, el peso de unos hábitos culturales y estéticos. Es razonable por tanto conceder la existencia de un cierto *determinismo* psicológico y cultural. Pero no hasta el punto de deformar los fenómenos particulares con el objeto de que encajen debidamente en el molde de esa *sensibilidad general*.

En este sentido, es imposible no advertir cómo sobrevuela sobre el falaz eufemismo *multiplicidad dialógica eventualmente resuelta en consenso* la avispada paloma del monoteísmo, todavía hoy vigente bajo distintas apariencias en nuestra cultura más o menos secular, para la que todo lo que no sea convergencia requiere una intervención disciplinaria. Como ha señalado Isiah Berlin (2006: 54-5):

> [por todas partes] encontramos la misma creencia común: que las respuestas a todas las grandes cuestiones deben necesariamente estar de acuerdo unas con otras; pues deben corresponder con la realidad y la realidad es un todo armonioso. Si no fuera así, habría un caos en el corazón de las cosas: lo que es impensable. Libertad, igualdad, propiedad, conocimiento, seguridad, sabiduría práctica, pureza de carácter, sinceridad, bondad, amor propio racional, todos estos ideales (…) no pueden (si en verdad son deseables) estar en conflicto; si parecen estarlo se debe a algún malentendido acerca de sus propiedades. Las cosas buenas nunca pueden ser incompatibles entre sí, en realidad prácticamente se implican las unas a las otras: los hombres no pueden ser sabios a no ser que sean libres, o libres a no ser que sean justos, felices, etc. (…) Aquí abandonamos manifiestamente

da experiencia —que rexistra moi obvios conflitos entre os nosos ideais supremos— e abrazamos unha doutrina que procede de antigas raíces teolóxicas: da crenza de que a menos que todas as virtudes positivas sexan harmoniosas entre si, ou polo menos non incompatibles, a noción de Entidade Perfecta, xa a chamemos natureza, Deus ou Realidade Última, é inconcibible.

Nestes ou parecidos termos, ao meu entender desorientados, xunto ao crítico que quere facer entrar con calzador ao motete na vía unitiva, exprésanse outros, como Page (1993: 84-85), que, aínda desaprobando esta operación —estética, relixiosa e política— por infundada, lamenta precisamente que non poida levarse a cabo. É dicir, deplora que os motetes *politextuais* desaproveiten a ocasión de reflectir o movemento argumental do pensamento escolástico.

Un recoñece o mellor ollo (e ouvido) destes últimos comentaristas, pero non pode evitar quedar perplexo ante tal reproche. ¿Por que razón habería de imitar una práctica musical a trama formal de certas operacións filosóficas? ¿E por que debemos crer que esa cobizada coalición (ou subordinación) habería de redundar nunha música de maior mérito? Postos a especular, quizá, á inversa, se a escolástica tivese prestado unha mínima atención á polifonía radical, a filosofía posterior tería circulado talvez por carreiros más osixenados. Pero isto nunca o saberemos.

En calquera caso, dende unha perspectiva coma a *nosa*, que tanto na arte como noutros ámbitos está cimentada inequivocamente sobre a cuestionable (pero raramente cuestionada) noción de concordia da que fala Berlin e unha estreita idea de organicismo (cf. Zayaruznaya 2015: 221), parece oportuno preguntarse como xurdiu e foi recibido e como podemos interpretar nós un obxecto cultural coma o motete *politextual*, que atenta de maneira patente contra os nosos principios elementais de comunica-

la voz de la experiencia —que registra muy obvios conflictos entre nuestros ideales supremos— y abrazamos una doctrina que procede de antiguas raíces teológicas: de la creencia de que a menos que todas las virtudes positivas sean armoniosas entre sí, o al menos no incompatibles, la noción de Entidad Perfecta, ya la llamemos naturaleza, Dios o Realidad Última, es inconcebible.

En estos o parecidos términos, a mi entender desorientados, junto al crítico que quiere hacer entrar con calzador al motete en la vía unitiva, se expresan otros, como Page (1993: 84-85), que, aun desaprobando esta operación —estética, religiosa y política— por infundada, lamenta precisamente que no pueda llevarse a cabo. Es decir, deplora que los motetes *politextuales* desaprovechen la ocasión de reflejar el movimiento argumental del pensamiento escolástico.

Uno reconoce el mejor ojo (y oído) de estos últimos comentaristas, pero no puede evitar quedarse perplejo ante tal reproche. ¿Por qué razón habría de imitar una práctica musical la trama formal de ciertas operaciones filosóficas? ¿Y por qué debiéramos creer que esa ansiada coalición (o subordinación) habría de redundar en una música de mayor mérito? Puestos a especular, quizá, a la inversa, si la escolástica hubiese prestado una mínima atención a la polifonía radical, la filosofía posterior habría circulado tal vez por derroteros más oxigenados. Pero esto nunca lo sabremos.

En cualquier caso, desde una perspectiva como la *nuestra*, que tanto en el arte como en otros ámbitos está cimentada inequívocamente sobre la cuestionable (pero raramente cuestionada) noción de concordia de la que habla Berlin y una estrecha idea de organicismo (cf. Zayaruznaya 2015: 221), parece oportuno preguntarse cómo surgió y fue recibido y cómo podemos interpretar nosotros un objeto cultural como el motete *politextual*, que atenta de manera palmaria contra nuestros principios elementales de comunicación y significación. Y no necesaria-

ción e significación. E non necesariamente pola *politextualidade*. Importa neste sentido, como mencionei máis arriba, subliñar que a música dispón das súas propias maneiras de codificar un valor substantivo por medio de simultaneidades que pouco teñen que ver coa semántica.

Polifonía e monstro

Pero hai outras formas de achegarse ao contexto cultural do que xorden os radicais motetes multilingües da *Ars Nova*, outros modos de tentar esclarecer a súa pertinencia ou as súas razóns. Como apunta Anna Zayaruznaya (2015: 203), o método escolástico non é a única canle discursiva vixente durante a Baixa Idade Media. As manifestacións artísticas medievais nútrense tamén dun imaxinario de distinta natureza, poboado por elementos dunha variada relixiosidade popular e outras fontes non académicas e profanas que pouco teñen que ver coa estrutura dos argumentos filosóficos. Neste sentido, David Williams sostén que deberiamos procurar o sustento intelectual ou ideolóxico que alimenta esta práctica no que el denomina *discurso deforme,* é dicir, na rica tradición medieval da *monstruosidade*: o xeralizado amosar, representar, inventar e falar de monstros, como vehículos do estupor, os interditos, os medos, os desexos e os conflitos morais da época (Zayaruznaya 2015: 203).

Segundo Williams (1996: 47-49), os monstros no Medievo son artefactos simbólicos particularmente útiles para amosar condicións de privación, paradoxo, inversión e, en xeral, contradicións que non poden ser resoltas nunha síntese. A complexa afectividade —doente e gozosa a un tempo— que reflicte a lírica do amor cortés, a fragmentada e violenta natureza do corpo político, o corpo humano como microcosmos, é dicir, como *comunidade conflitiva de veciños*, e tantos outros fenómenos refractarios á *solutio* escolástica. Neste sentido, ben podemos dicir que *o motete politextual é ao ouvido o que o*

mente por la *politextualidad*. Importa en este sentido, como he mencionado más arriba, subrayar que la música dispone de sus propias maneras de codificar un valor sustantivo por medio de simultaneidades que poco tienen que ver con la semántica.

Polifonía y monstruo

Pero hay otras formas de acercarse al contexto cultural del que surgen los radicales motetes multilingües del *Ars Nova*, otros modos de intentar esclarecer su pertinencia o sus razones. Como ha apuntado Anna Zayaruznaya (2015: 203), el método escolástico no es el único cauce discursivo vigente durante la Baja Edad Media. Las manifestaciones artísticas medievales se nutren también de un imaginario de distinta naturaleza, poblado por elementos de una variopinta religiosidad popular y otras fuentes no académicas y profanas que poco tienen que ver con la estructura de los argumentos filosóficos. En este sentido, David Williams sostiene que deberíamos buscar el sustento intelectual o ideológico que alimenta esta práctica en lo que él denomina *discurso deforme,* es decir, en la rica tradición medieval de la *monstruosidad*: el generalizado mostrar, representar, inventar y hablar de monstruos, como vehículos del estupor, los interdictos, los miedos, los deseos y los conflictos morales de la época (Zayaruznaya 2015: 203).

Según Williams (1996: 47-49), los monstruos en el Medievo son artefactos simbólicos particularmente útiles para mostrar condiciones de privación, paradoja, inversión y, en general, contradicciones que no pueden ser resueltas en una síntesis. La compleja afectividad —doliente y gozosa a un tiempo— que refleja la lírica del amor cortés, la fragmentada y violenta naturaleza del cuerpo político, el cuerpo humano como microcosmos, es decir, como *comunidad conflictiva de vecinos*, y tantos otros fenómenos refractarios a la *solutio* escolástica. En este sentido, bien podemos decir que *el motete politex-*

corpo monstruoso medieval é ao ollo, unha criatura híbrida, composta de partes heteróclitas e relativamente irreconciliables, que se resiste a ser obxecto dunha comprensión unívoca.

Os motetes *politextuais* exhiben por unha banda unha *monstruosidade explícita ou nominal* e por outra banda unha *monstruosidade intrínseca ou constitutiva*. Encontramos esta monstruosidade nominal naqueles motetes cuxos textos tratan de modo explícito acerca de monstros, principalmente, como é lóxico, aqueles caracterizados sobre todo polo seu carácter híbrido, plural, múltiple, fragmentado ou dividido, e non pola súa deformidade (membros excesivos ou con formas extravagantes: cabeza, extremidades, boca, ollos, xenitais, etc.)

Ademais de seres mitolóxicos familiares como a *quimera* (cabeza de león, ventre de cabra e rabo de dragón; ou ben un león cunha cabeza de cabra saíndolle do lombo e outra de serpe coroándolle o rabo) ou a *serea* (paxaro con torso humano, poutas e ás; ou ben muller con cola de peixe), estes motetes albergan textos que aluden a seres non tan obviamente monstruosos dende o noso século xxi como a *Fortuna*, a *Virxe María* ou o propio *Cristo*, pero que entón o eran dun xeito inequívoco. Tanto a portentosa María, nai, filla e esposa de Deus ao mesmo tempo, como a *trindade* e a súa representación tricéfala, eran monstros comúns no século xiv. E, por suposto, o excepcional corpo de Cristo, ubicuo, mortal e ao mesmo tempo inesgotable, esnaquizado e deglutido ritualmente unha e outra vez polos seus fieis. Un corpo peculiar, sen dúbida, asociado coa ave fénix e concibido a partir da liminaridade e *liquidez* de Dioniso, único deus grego que morre (cf. Mills 2003: 28-30).

Pero a monstruosidade temática ou textual é obviamente secundaria e, en calquera caso, as obras que a conteñen son una minoría, uns 20 motetes de 90 conservados. *É o obxecto musical per se*, como por outra banda se encargan de declarar tamén algúns dos seus detractores, o que é monstruoso. O verdadeiramente relevante

tual es al oído lo que el cuerpo monstruoso medieval es al ojo, una criatura híbrida, compuesta de partes heteróclitas y relativamente irreconciliables, que se resiste a ser objeto de una comprensión unívoca.

Los motetes *politextuales* exhiben por un lado una *monstruosidad explícita o nominal* y por otro lado una *monstruosidad intrínseca o constitutiva*. Encontramos esta monstruosidad nominal en aquellos motetes cuyos textos tratan de modo explícito acerca de monstruos, principalmente, como es lógico, aquellos caracterizados sobre todo por su carácter híbrido, plural, múltiple, fragmentado o dividido, y no por su deformidad (miembros excesivos o con formas extravagantes: cabeza, extremidades, boca, ojos, genitales, etc.)

Además de seres mitológicos familiares como la *quimera* (cabeza de león, vientre de cabra y cola de dragón; o bien un león con una cabeza de cabra saliéndole del lomo y otra de serpiente coronándole la cola) o la *sirena* (pájaro con torso humano, garras y alas; o bien mujer con cola de pez), estos motetes albergan textos que aluden a seres no tan obviamente monstruosos desde nuestro siglo xxi como la *Fortuna*, la *Virgen María* o el propio *Cristo*, pero que entonces lo eran de un modo inequívoco. Tanto la portentosa María, madre, hija y esposa de Dios al mismo tiempo, como la *trinidad* y su representación tricéfala, eran monstruos comunes en el siglo xiv. Y, por supuesto, el excepcional cuerpo de Cristo, ubicuo, mortal y al mismo tiempo inagotable, troceado y deglutido ritualmente una y otra vez por sus fieles. Un cuerpo peculiar, sin duda, asociado con el ave fénix y concebido a partir de la liminalidad y *liquidez* de Dioniso, único dios griego que muere (cf. Mills 2003: 28-30).

Pero la monstruosidad temática o textual es obviamente secundaria y, en cualquier caso, las obras que la contienen son una minoría, unos 20 motetes de 90 conservados. *Es el objeto musical per se*, como por otro lado se encargan de declarar también algunos de sus detractores, el que es

pois é que, coma na súa contraparte visual, hai no motete *politextual* unha monstruosidade intrínseca ou constitutiva que se deriva —por medio dos procedementos compositivos arriba mencionados— da superposición de capas e materiais cuxa xuntanza ou ensamblaxe elude unha significación carente de ambigüidade, un só e amansador *sentido*. O motete *politextual* é, en definitiva, o corpo do monstro *ouvido*.

Corpo polifónico

En suma, dentro da cotiandade deste marco monstruoso, o corpo fragmentado, os membros rampantes e fantasmas, os órganos ambulantes dos *fabliaux*, o materialismo necrófilo das reliquias e, en definitiva, as innumerables criaturas de natureza híbrida que poboan a imaxinación medieval aparécensenos como apreciables indicios de que, a pesar de que a doutrina oficial celebra ao corpo como a monódica *praza* material do servo e a súa alma individual, ese corpo é a miúdo tamén intuído e representado como un obxecto plural e sometido ás regulacións máis dispares. Unha pluralidade cuxas *voces* son por suposto comunmente chamadas á orde por familiares tropos político-metafísicos, como a que poderiamos denominar *concepción paulina*, de acordo coa cal «do mesmo xeito que o corpo é un e ten moitos membros, todos os membros dese corpo, sendo moitos, son un só corpo: así tamén é Cristo» (1 *Corintios* 12:12).

Pero a (equívoca) enteireza do corpo paulino é desde logo o resultado dun largo acto de fe. No caso que nos ocupa máis xorda que cega. Como amosa a práctica do motete *politextual* e outras manifestacións culturais da Baixa Idade Media asociadas ao *discurso deforme*, o corpo, ese suposto corpo central e normativo, non deixa en verdade nunca de descoserse, negarse, extraviarse, ignorarse, dividirse. Noutras palabras, o escándalo do monstro *visto* e o da polifonía radical *ouvida* son o mesmo. Ambos comparten a función de impugnar a aparente

monstruoso. Lo verdaderamente relevante pues es que, como en su contraparte visual, hay en el motete *politextual* una monstruosidad intrínseca o constitutiva que se deriva —por medio de los procedimientos compositivos arriba mencionados— de la superposición de capas y materiales cuya reunión o ensamblaje elude una significación carente de ambigüedad, un solo y apaciguador *sentido*. El motete *politextual* es, en definitiva, el cuerpo del monstruo *oído*.

Cuerpo polifónico

En suma, dentro de la cotidianeidad de este marco monstruoso, el cuerpo fragmentado, los miembros rampantes y fantasmas, los órganos ambulantes de los *fabliaux*, el materialismo necrófilo de las reliquias y, en definitiva, las innumerables criaturas de naturaleza híbrida que pueblan la imaginación medieval se nos aparecen como apreciables indicios de que, a pesar de que la doctrina oficial celebra al cuerpo como la monódica *plaza* material del siervo y su alma individual, ese cuerpo es a menudo también intuido y representado como un objeto plural y sometido a las regulaciones más dispares. Una pluralidad cuyas *voces* son por supuesto comúnmente llamadas al orden por familiares tropos político-metafísicos, como la que podríamos denominar *concepción paulina*, de acuerdo con la cual «del mismo modo que el cuerpo es uno y tiene muchos miembros, todos los miembros de ese cuerpo, siendo muchos, son un solo cuerpo: así también es Cristo» (1 *Corintios* 12:12).

Pero la (equívoca) entereza del cuerpo paulino es desde luego el resultado de un largo acto de fe. En el caso que nos ocupa más sorda que ciega. Como muestra la práctica del motete *politextual* y otras manifestaciones culturales de la Baja Edad Media asociadas al *discurso deforme*, el cuerpo, ese supuesto cuerpo central y normativo, no deja en verdad nunca de descoserse, negarse, extraviarse, ignorarse, dividirse. En otras palabras, el escándalo del monstruo *visto* y el de la polifonía

solidez do consenso homofónico, en termos xerais. E, en particular, a de ser portadores dunha imaxe do animal humano que prefigura os achegamentos contemporáneos a outras ideas de *corpo*, *autoconciencia* e *identidade persoal* levados a cabo pola chamada *cognición 4E* ou os recentes estudos neurocientíficos sobre os procesos corais da nosa errancia mental (ou *mind-wandering*) (cf. Battisti & Valeri 2020; Gozli 2022).

Pois tanto *embodied mind* como *minded body*, o animal humano, comunidade e superposición de afectos, ritmos, voces, tempos e *tempi* con frecuencia contraditorios, é unha entidade *naturalmente* polifónica que só grazas ao poder disciplinario da linguaxe como dispositivo *oficial* de produción de sentido podemos erroneamente seguir pensando como ente unitario. En rigor, unha concepción *monódica* non sería senón a desafortunada consecuencia do dominio epistémico do proposicional fronte a outros modos de coñecemento e representación.

Hoxe sabemos, ou debésemos saber, que todo monstro é trivialmente humano. A imaxe dramatizada dunha *heteroglosia* incómoda. Por iso ao que o ser monstruoso e a polifonía multilingüe remiten, na súa proposicionalmente inintelixible, pero intimamente familiar simultaneidade de elementos desparellos, é ao corpo común, á mera condición humana. E o *simultaneísmo* como sonda representacional, de Philippe de Vitry a Elliott Carter, apunta polo tanto cara ao que quizá sexa o máis antigo e persistente trazo de esa condición: a perplexidade derivada de albergar no que chamamos *un corpo* a simultánea *pero non coincidente* multiplicidade da experiencia.

radical *oída* son el mismo. Ambos comparten la función de impugnar la aparente solidez del consenso homofónico, en términos generales. Y, en particular, la de ser portadores de una imagen del animal humano que prefigura los acercamientos contemporáneos a otras ideas de *cuerpo*, *autoconciencia* e *identidad personal* llevados a cabo por la llamada *cognición 4E* o los recientes estudios neurocientíficos sobre los procesos corales de nuestra errancia mental (o *mind-wandering*) (cf. Battisti & Valeri 2020; Gozli 2022).

Pues tanto *embodied mind* como *minded body*, el animal humano, comunidad y superposición de afectos, ritmos, voces, tiempos y *tempi* con frecuencia contradictorios, es una entidad *naturalmente* polifónica que solo gracias al poder disciplinario del lenguaje como dispositivo *oficial* de producción de sentido podemos erróneamente seguir pensando como ente unitario. En rigor, una concepción *monódica* no sería sino la desafortunada consecuencia del dominio epistémico de lo proposicional frente a otros modos de conocimiento y representación.

Hoy sabemos, o debiéramos saber, que todo monstruo es trivialmente humano. La imagen dramatizada de una *heteroglosia* incómoda. Por eso a lo que el ser monstruoso y la polifonía multilingüe remiten, en su proposicionalmente ininteligible, pero íntimamente familiar simultaneidad de elementos desparejos, es al cuerpo común, a la mera condición humana. Y el *simultaneísmo* como sonda representacional, de Philippe de Vitry a Elliott Carter, apunta por tanto hacia el que quizá sea el más antiguo y persistente rasgo de esa condición: la perplejidad derivada de albergar en lo que llamamos *un cuerpo* la

Bibliografía

Battisti, F. & Valeri, E. (2020): «Embodiment and Aesthetics: Cognition Going Wider», en Battisti, F.; E. Valeri (eds.): *4E Cognition: Aesthetics, Ecology and Beyond, JOLMA*, 1 (2), págs. 151-156, DOI http://doi.org/10.30687/Jolma/2723-9640/2020/02.

Bent, M. (2003): «Words and Music in Machaut's ''Motet 9''», *Early Music* 31, págs. 363-388.
Berlin, I. (2006): *Political Ideas in the Romantic Age: Their Rise and Influence on Modern Thought*, Princeton NJ: Princeton University Press.
Boecio (1990): *De institutione musica*, G. Marzi (ed.), Roma: Instituto Italiano per la Storia della Musica.
Emmery, L. (2020): *Compositional Process in Elliott Carter's String Quartets*, NY: Routledge.
Franklin, J. C. (2020): «Ancient Greek Music and the Near East», en Lynch, T. A. C. y E. Rocconi, E. (eds.): *A Companion to Ancient Greek and Roman Music*, NJ: Blackwell, págs. 229-242.
Fruoco, J. (2021): «Introduction: Towards Modernity», en Fruoco, J. (ed.): *Polyphony and the Modern*, NY: Routledge, págs. 1-11.
Gozli, D. (2022): «Extended minds and tools for mind-wandering», en Dario, N. y Tadeo, L. (eds.), *New Perspectives on Mind-Wandering*, Cham: Springer, págs. 103-122.
Heneveld, A. (2021): «Textual Voices in Compilation: Reading the Polyphony of Medieval Manuscripts», en Fruoco, J. (ed.): *Polyphony and the Modern*, NY: Routledge, págs. 130-149.
Mills, R. (2003): «Jesus as Monster», en Bildhauer, B. y Mills, R. (eds.): *The Monstrous Middle Ages*, Toronto: University of Toronto Press, págs. 28–54.
Novikoff , A. J. (2013): *The Medieval Culture of Disputation: Pedagogy, Practice, and Performance*, Philadelphia: University of Pennsylvania Press.
Page, C. (1993): *Discarding Images: Reflections on Music and Culture in Medieval France*, NY, OUP.
Smilanski, U. (2021): «The Polyphony of Function: Mixing Text and Music in Guillaume de Machaut», en Fruoco, J. (ed.): *Polyphony and the Modern*, NY: Routledge, págs. 15-36.
Williams, D. (1996): *Deformed Discourse: The Function of the Monster in Mediaeval Thought and Literature*, Montreal: McGill-Queen's University Press.
Zayaruznaya, A. (2015): *The Monstrous New Art. Divided Forms in the Late Medieval Motet*, Cambridge: CUP.

Máis aló da folla de parra. Nudez e beleza Na Antiga Grecia

Más allá de la hoja de parra. Desnudez y belleza en la Antigua Grecia

María Vanesa Mariño-Calvo – Irune Valderrábano González

A oposición entre o corpo «espido» e o corpo «vestido» resulta obvia na Grecia Antiga e a súa articulación en clave de xénero, tamén. As esculturas de mozos, *kuroi* e de mozas, *korai,* creadas polo arcaísmo grego comparten o mesmo motivo: a mocidade aristocrática, figurada nas súas formas masculina e femininas. Con todo, nin o modo de representación nin os valores expresados comparten o mesmo código. Deste xeito, mentres o corpo masculino, concibido como o ideal de beleza e perfección, é considerado digno de ser exhibido libre de toda vestimenta, o feminino, mantense oculto.

A tentación de atopar os significados destas imaxes a través da polaridade sexual ou o simple paralelismo é grande, máis se consideramos a incógnita sobre a súa función e sentido: os contextos variados dificultan a súa interpretación, aínda que poidan observarse os seus usos como estatua de culto, ofrenda a unha divindade, ou escultura funeraria (Prost, 2019: 347-348). Así, do mesmo xeito que os textos gregos reflexionan sobre o home e a muller de maneiras diferentes, as representacións visuais fan o propio.

No caso do *kuros* e a *kore*, a referencia a uns «pares equivalentes» podería deixar de lado moitos matices, aínda que as súas correspondencia e homoloxías permite estudalos e, sobre todo, entendelos de maneira conxunta. Estes mozos expresan co seu corpo unha mensaxe: eles co seu corpo espido, elas, vestidas. Como sinalan Gherchanoc e Huet (2019: 432), nudez e vestimenta responden a códigos políticos, sociais, económicos e relixiosos, revelando os valores culturais e colectivos vencellados, no simultánea *pero no coincidente* multiplicidad de la experiencia.

La oposición entre el cuerpo «desnudo» y el cuerpo «vestido» resulta obvia en la Grecia Antigua y su articulación en clave de género, también. Las esculturas de jóvenes varones, *kuroi* y de muchachas, *korai*, creadas por el arcaísmo griego comparten el mismo motivo: la juventud aristocrática, figurada en sus formas masculinas y femeninas. Sin embargo, ni el modo de representación ni los valores expresados comparten el mismo código. De este modo, mientras el cuerpo masculino, concebido como el ideal de belleza y perfección, es considerado digno de ser exhibido libre de toda vestimenta, el femenino, se mantiene oculto.

La tentación de encontrar los significados de estas imágenes a través de la polaridad sexual o el simple paralelismo es grande, más si consideramos la incógnita sobre su función y sentido: los contextos variados dificultan su interpretación, aunque puedan observarse sus usos como estatua de culto, ofrenda a una divinidad, o escultura funeraria (Prost 2019: 347-348). Así, del mismo modo que los textos griegos reflexionan sobre el hombre y la mujer de maneras diferentes, las representaciones visuales hacen lo propio.

En el caso del *kuros* y la *kore*, la referencia a unos «pares equivalentes» podría dejar de lado muchos matices, aunque sus correspondencias y homologías permite estudiarlos y, sobre todo, entenderlos de manera conjunta. Estos jóvenes expresan con su cuerpo un mensaje: ellos con su cuerpo desnudo, ellas, vestidas. Como apuntan Gherchanoc y Huet (2019: 432), desnudez y vestimenta responden a códigos políticos,

caso grego, á polis. Observemos estes valores a través dos corpos esculpido do mozo Creso e a moza Frasiclea. Cal é o relato da súa nudez e os seus vestidos?

Os dous exemplos escollidos obedecen a unha función funeraria. Ambos sinalan a tumba de mozos falecidos prematuramente e nos dous casos a escultura acompáñase dun epigrama. O *kuros* de Creso ou de Anávisos (Ática), lugar onde se atopou, é unha impoñente escultura labrada en mármore de case dous metros de altura. Datada no século VI a. C., o monumento mostra a un mozo representado segundo a tipoloxía habitual dos *kuroi*: de pé, coa perna esquerda adiantada, cos brazos aliñados ao longo do corpo e os puños pechados. A melena esculpida con detalle cae sobre os ombreiros e costas en delicadas trenzas e no seu rostro advírtese o coñecido como «sorriso arcaico». Con todo, non é a súa face o máis rechamante desta imaxe, senón o seu corpo moldeado polo exercicio e a mocidade e, o máis interesante para a nosa reflexión, presentado espido (Fig. 1).

Encarnación da *arete* viril – «o que non é superado por nada no seu xénero en canto a excelencia e bondade» (Aristóteles, *Metafísica*, 1021b15-20; trad. propia) –, unha forma de virtude asociada á valentía, o corpo esculpido do kuros é unha evidencia do conxunto de valores que rexen o universo dos gregos. Neste sentido, o espido masculino convértese nun trazo de distinción fronte aos bárbaros, os escravos e as mulleres, ao representar simbolicamente a aspiración á cidadanía plena (Bonfante, 1989: 543). Esta nudez, democrática e cívica, transfórmase no uniforme dos cidadáns patriotas e no dos heroes públicos adestrados para competir, loitar, sacrificarse e vencer pola polis (Gherchanoc e Huet 2019: 432-433).

Durante a adolescencia do varón, a exhibición do corpo espido convértese nunha práctica común en espazos como a *palestra* e o ximnasio: lugares onde os mozos, ademais de ins-

sociales, económicos y religiosos, revelando los valores culturales y colectivos vinculados, en el caso griego, a la polis. Observemos estos valores a través de los cuerpos esculpidos del joven Creso y la joven Frasiclea. ¿Cuál es el relato de su desnudez y sus vestidos?

Los dos ejemplos escogidos cumplen una función funeraria. Ambos señalan la tumba de jóvenes fallecidos prematuramente y en los dos casos la escultura se acompaña de un epigrama. El *kuros* de Creso o de Anávisos (Ática), lugar donde se encontró, es una imponente escultura labrada en mármol de casi dos metros de altura. Fechada en el siglo VI a. C., el monumento muestra a un joven varón representado según la tipología habitual de los *kuroi*: en bipedestación, con la pierna izquierda adelantada, los brazos alineados a lo largo del cuerpo y los puños cerrados. La melena esculpida con detalle cae sobre hombros y espalda en delicadas trenzas y en su rostro se advierte la conocida como «sonrisa arcaica». Sin embargo, no es su faz lo más llamativo de esta imagen, sino su cuerpo moldeado por el ejercicio y la juventud y, lo más interesante para nuestra reflexión, presentado desnudo (Fig. 1).

Encarnación de la *arete* viril – «lo que no es superado por nada en su género en cuanto a excelencia y bondad» (Aristóteles, *Metafísica*, 1021b15-20; trad. de García Yebra, Gredos: 1998) –, una forma de virtud asociada a la valentía, el cuerpo esculpido del *kuros* es una evidencia del conjunto de valores que rigen el universo de los griegos. En este sentido, el desnudo masculino se convierte en un rasgo de distinción frente a los bárbaros, los esclavos y las mujeres, al representar simbólicamente la aspiración a la ciudadanía plena (Bonfante, 1989: 543). Esta desnudez, democrática y cívica, se transforma en el uniforme de los ciudadanos patriotas y en el de los héroes públicos entrenados para competir, luchar, sacrificarse y vencer por la polis (Gherchanoc y Huet 2019: 432-433).

Durante la adolescencia del varón, la exhibición del cuerpo desnudo se convierte en una



Fig. 1. *Kuros de Creso*
Autoría descoñecida, 530 a. C.
Escultura
Mármore de Paros
Museo da Acrópole de Atenas
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 1. *Kuros de Creso*
Autoría desconocida, 530 a. C.
Escultura
Mármol de Paros
Museo de la Acrópolis de Atenas
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons

truírse na arte da guerra, educan e forman os seus corpos a través dun rigoroso adestramento ou por medio da participación en xogos e competicións deportivas. Igualmente, adestrar sen empregar ningún tipo de vestimenta compréndese como unha exhibición pública do corpo novo e esculpido:

> O cabelo hirsuto, o porte erecto, os ósos, os costados e as extremidades do corpo vigorosas e grandes e o ventre plano e cinguido, as omoplatas planas e separadas, nin demasiado unidas nin completamente soltas, o pescozo firme e non excesivamente carnoso, o peito carnoso e liso, a cadeira cinguida, os papos da perna contraídos por abaixo (Aristóteles, *Fisionomía*, 807a3; trad. propia segundo a edición de Gredos).

Una complexión que o ximnasta, un demiúrgo do estilo do deus Hefesto, esculpe mediante exercicio con fin de fortalecer la carne e facela maleable (Brulé 2006: 269). Desta forma, o atleta moldea un corpo cuxo atractivo físico se transfórmase en fonte de admiración y obxecto de desexo:

> En relación con belos adolescentes son un «cordel branco», porque case todos, nesta idade, parécenme fermosos. – Agora ben, realmente, este pareceume marabilloso, pola súa estatura e a súa prestancia. E tiven a impresión de que todos os outros estaban namorados del. Tan atónicos e confusos achábanse cando entrou. Outros moitos admiradores seguíano (Platón, *Cármides*, 154b-c; trad. propia segundo a edición de Gredos).

Consecuentemente, a representación de Creso, do mesmo xeito que a doutros *kuroi*, mostra a nudez atlética, perfecta e fermosa do varón, propia do ideal *kalos kai agathos*, «belo e bo», da aristocracia arcaica. Non en balde, a beleza do corpo serve para retratar a Aquiles, o gran

práctica común en espacios como la *palestra* y el gimnasio: lugares donde los muchachos, además de instruirse en el arte de la guerra, educan y forman sus cuerpos a través de un riguroso entrenamiento o mediante la participación en juegos y competiciones deportivas. Igualmente, entrenarse sin usar ningún tipo de vestimenta se comprende como una exhibición pública del cuerpo joven y esculpido:

> El cabello hirsuto, el porte del cuerpo erecto, los huesos, los costados y las extremidades del cuerpo vigorosos y grandes y el vientre plano y ceñido, los omóplatos planos y separados, ni demasiado unidos ni completamente sueltos, el cuello firme y no excesivamente carnoso, el pecho carnoso y liso, la cadera ceñida, las pantorrillas contraídas por abajo (Aristóteles, *Fisiognomía*, 807a3; trad. de Martínez Manzano y Calvo Delcán, Gredos: 2016).

Una complexión que el gimnasta, un demiurgo del estilo del dios Hefesto, esculpe mediante ejercicio con el fin de fortalecer la carne y hacerla maleable (Brulé 2006: 269). De esta forma, el atleta moldea un cuerpo cuyo atractivo físico se transforma en fuente de admiración y objeto de deseo:

> En relación con bellos adolescentes soy «un cordel blanco», porque casi todos, en esta edad, me parecen hermosos. – Ahora bien, realmente, éste me pareció maravilloso, por su estatura y su prestancia. Y tuve la impresión de que todos los otros estaban enamorados de él. Tan atónitos y confusos se hallaban cuando entró. Otros muchos admiradores le seguían (Platón, *Cármides*, 154b-c; trad. de Calonge Ruíz; Lledó Iñigo; García Gual, Gredos: 1990).

Os castigos corporais como parte do sistema penal continuaron ata ben entrado o século xix e, en moitos países, ata a actualidade. Michel Foucault comenta en *Vixiar e Castigar* o sistema penal baseado no castigo corporal como reafirmación simbólica de poder a través da figura do rei, que presidía todos os axustizamentos. No seguinte gravado alemán (Fig. 16) represéntase a morte a través dunha tortura espantosa que durou 20 días inflixindo ao corpo do asasino do rei Henrique iv, Ravaillac, unha longa lista de tormentos, en correspondencia co peor dos delitos imaxinables, o rexicidio. O texto do seu arresto adianta as torturas do rexicida:

> Conducido á Praza de Grève, e sobre un cadafalso que alí se erixirá, torturado nas mamas, os brazos, as coxas e a graxa das pernas, tendo na súa man dereita o coitelo co que cometeu o devandito parricidio, queimado con lume de xofre e nos lugares onde será torturado, botado chumbo fundido, aceite a ferver, resina de brea ardente, cera e xofre fundidos. Feito isto, o seu corpo arrastrado e desmembrado por catro cabalos, os seus membros e o seu corpo consumidos polo lume, reducidos a cinzas, arroxados ao vento [...] prohíbese aos seus irmáns, irmás, tíos e outros levaren en diante o nome de Ravaillac (Trad. de Valderrábano segundo a edición de Chevalier).

A pasaxe non só tortura o corpo do asasino, senón que estende o castigo ao seu nome e ao da súa familia.

O corpo torturado e o corpo sufrinte é tamén un motivo na imaxinería relixiosa. Así, por exemplo, no Barroco da Contrarreforma foi habitual atopar imaxes sobrecolledoras de santos retorcéndose no martirio, soportando estoicamente o suplicio que se lles inflixise. Os cadros dramáticos e violentos de José de Ribera,

de la pena era aún mejor, pues la humillación de ver sus entrañas quemadas era parte de su castigo.

Los castigos corporales como parte del sistema penal continuaron hasta bien entrado el siglo xix y, en muchos países, hasta la actualidad. Michel Foucault comenta en *Vigilar y Castigar* el sistema penal basado en el castigo corporal como reafirmación simbólica de poder a través de la figura del rey, que presidía todos los ajusticiamientos. En el siguiente grabado alemán (Fig. 16) se representa la muerte a través de una tortura espantosa que duró 20 días infligiendo al cuerpo del asesino del rey Enrique iv, Ravaillac, una larga lista de tormentos, en correspondencia con el peor de los delitos imaginables, el regicidio. El texto de su arresto adelanta las torturas del regicida:

> Conducido a la Plaza de Grève, y sobre un cadalso que allí se erigirá, torturado en las mamas, los brazos, los muslos y la grasa de las piernas, teniendo en su mano derecha el cuchillo con el que cometió el dicho parricidio, quemado con fuego de azufre y en los lugares donde será torturado, echado plomo fundido, aceite hirviendo, resina de brea ardiente, cera y azufre fundidos. Hecho esto, su cuerpo arrastrado y descuartizado por cuatro caballos, sus miembros y su cuerpo consumidos por el fuego, reducidos a cenizas, arrojados al viento [...] se prohíbe a sus hermanos, hermanas, tíos y otros llevar en lo sucesivo el nombre de Ravaillac (Trad. de Valderrábano según la edición de Chevalier).

El pasaje no solo tortura el cuerpo del asesino, sino que extiende el castigo a su nombre y al de su familia.

El cuerpo torturado y el cuerpo sufriente es también un motivo en la imaginería religiosa. Así, por ejemplo, en el barroco de la Contrarreforma fue habitual encontrar imágenes sobrecogedoras de santos retorciéndose en el martirio, soportando estoicamente el suplicio que se les

Fig. 14. *Os cidadáns chamábanme Ciacco: pola danosa culpa da gula, vesme aquí, baixo a choiva, fraco; mais non aquí soa a miña alma se atribula, que todos estes igual esta pena choran, por culpa igual que a pena se acumula* (*Inferno*, VI, 52-56, trad. propia según edición de Mitré)

Fig. 14. *Los ciudadanos me llamaban Ciacco: por la dañosa culpa de la gula, aquí ve mes, bajo la lluvia, flaco; más no aquí sola mi alma se atribula, que todos estos igual pena lloran, por culpa igual que a pena se acumula* (*Infierno*, VI, 52-56, trad. de Mitré)



Fig. 14. *Ciacco e os condenados por gula*
Gravado
Inferno, Canto VI, 52-56
A Divina Comedia
Dante Alighieri
Debuxos e gravados de Gustave Doré, s. XIX
Francia
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 14. *Ciacco y los condenados por gula*
Grabado
Infierno, Canto VI, 52-56
La Divina Comedia
Dante Alighieri
Dibujos y grabados de Gustave Doré, s. XIX
Francia
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons



Thy city, heap'd with envy to the brim,
Aye, that the measure overflows its bounds,
Held me in brighter days. Ye citizens
Were wont to name me Ciacco.

Canto VI., lines 49—52.

Fig. 15. O seu corpo, habemos de supoñer xa falecido, aínda foi desmembrado e decapitado. Como era costume cos traidores, a súa cabeza exhibiuse empalada nunha pica colocada na ponte de Londres, para xúbilo de todo o populacho e dos propios reis, quen seguiron satisfeitos todo o ritual.

Fig. 15. Su cuerpo, hemos de suponer ya fallecido, aún fue desmembrado y decapitado. Como era costumbre con los traidores, su cabeza se exhibió empalada en una pica colocada en el puente de Londres, para regocijo de todo el populacho y de los propios reyes, quienes siguieron satisfechos todo el ritual

Fig. 15. *Exeecución de Hugo Despenser o Novo*
Manuscrito das *Crónicas* de Jean Froissart
MS Fr. 2643, folio 11r
Biblioteca Nacional de Francia
París
Fonte: Domino público. Wikimedia Commons

Fig. 15. *Ejecución de Hugo Despenser el Joven*
Manuscrito de las *Crónicas* de Jean Froissart
MS Fr. 2643, folio 11r
Biblioteca Nacional de Francia
París
Fuente: Domino público. Wikimedia Commons



Fig. 16. «Algúns aldeáns mesmo dos arredores de París, atopando o modo de obter algúns pedazos e entrañas, leváronos a queimar aos seus pobos». En opinión de Pierre Chevalier (1989: 238), este furor popular esconde outro sentimento, o dunha catarse, unha purificación colectiva, así como a realidade dunha comuñón entre o rei e os seus súbditos

Fig. 16. «Algunos aldeanos incluso de los alrededores de París, habiendo encontrado el modo de obtener algunos pedazos y entrañas, los llevaron a quemar a sus pueblos». En opinión de Pierre Chevalier (1989: 238), este furor popular esconde otro sentimiento, el de una catarsis, una purificación colectiva, así como la realidad de una comunión entre el rey y sus súbditos

Fig. 16. *Execución do rexicida Ravaillac,* 1610.
Autor anónimo, 1610
Gravado
Museo Carnavalet de París
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 16. *Ejecución del regicida Ravaillac*, 1610.
Autor anónimo
Grabado
Museo Carnavalet de París
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons


Exécution de Ravaillac
dessin de l'époque
VILLE DE PARIS
G-41189

influídos polo tenebrismo de Caravaggio, son un exemplo perfecto disto. En particular, nesta coñecidísima pintura de 1639 sobre o martirio de San Filipe (Fig. 17), custodiada hoxe no Prado e realizada probablemente para o rei Filipe IV.

Tamén o *Trattato de gli instrumenti di martirio*, obra do sacerdote romano da Congregación do Oratorio, Antonio Gallonio, mostra unha ampla variedade de martirios e torturas masculinas e femininas (Fig. 18), incluído o *poena cullei*, castigo aplicado aos parricidas da Antiga Roma.

O condenado metíase nunha bolsa posteriormente cosida, xunto cun galo, un mono e unha víbora, e arroxábase á auga (Fig. 19). Gallonio, p. 252-254, infórmanos da antigüidade da práctica facendo referencia, entre outros, a Plauto (*Vidularia*, Fr. XII): «Fai meter a este nun saco de coiro e tírao en alta mar». O texto xurídico *Dixesto* (XLVIII, 9, 9) refírese ao cruel castigo: «Segundo costume dos antepasados estableceuse esta pena para o parricidio, que azoutado o parricida con baquetas de sangue fose despois cosido nun saco de coiro cun can, un galo de galiña, unha víbora e unha mona; e que despois fose botado o saco de coiro ao profundo do mar; e isto así, se o mar estivese preto, pois doutro xeito, é botado ás feras, segundo unha Constitución do Divino Hadriano».

De modo diferente represéntanse os corpos das célebres santas Perpetua e Felicidade. As mártires cartaxinesas foron vítimas da persecución do ano 203 por parte do emperador Septimio Severo. O seu martirio é descrito na *Passio sanctarum Perpetuae et Felicitatis*, relato escrito por Perpetua durante o seu encarceramento e rematado tras a súa morte por un redactor. Unha das súas pasaxes afirma que «a primeira en ser lanzada ao alto foi Perpetua e caeu de costas; máis apenas se incorporou sentada, recollendo a túnica desgarrada, cubriuse a coxa, acordándose antes do pudor

infringiera. Los cuadros dramáticos y violentos de José de Ribera, influidos por el tenebrismo de Caravaggio, son un ejemplo perfecto de esto. En particular, en esta conocidísima pintura de 1639 sobre el martirio de San Felipe (Fig. 17), custodiada hoy en el Prado y realizada probablemente para el rey Felipe IV.

También el *Trattato de gli instrumenti di martirio*, obra del sacerdote romano de la Congregación del Oratorio, Antonio Gallonio, muestra una amplia variedad de martirios y torturas masculinas y femeninas (Fig. 18), incluido el *poena cullei*, castigo aplicado a los parricidas de la Antigua Roma.

El condenado se metía en una bolsa posteriormente cosida, junto con un gallo, un mono y una víbora, y se arrojaba al agua (Fig. 19). Gallonio, p. 252-254, nos informa de la antigüedad de la práctica haciendo referencia, entre otros, a Plauto (*Vidularia*, Fr. XII): «Hazlo meter a éste en un saco de cuero y tíralo en alta mar». El texto jurídico *Digesto* (XLVIII, 9, 9) se refiere al cruel castigo: «Según costumbre de los antepasados se estableció esta pena para el parricidio, que azotado el parricida con vaquetas de sangre fuese después cosido en un saco de cuero con un perro, un gallo de gallina, una víbora y una mona; y que después fuese echado el saco de cuero a lo profundo del mar; y esto así, si el mar estuviera cerca, pues de otra suerte, es echado a las fieras, según una Constitución del Divino Adriano».

De modo diferente se representan los cuerpos de las célebres santas Perpetua y Felicidad. Las mártires cartaginesas fueron víctimas de la persecución del año 203 por parte del emperador Septimio Severo. Su martirio es descrito en la *Passio sanctarum Perpetuae et Felicitatis*, relato escrito por Perpetua durante su encarcelamiento y rematado tras su muerte por un redactor. Uno de sus pasajes afirma que «la primera en ser lanzada al alto fue Perpetua y cayó de espaldas; más apenas se incorporó sentada, recogiendo la túnica desgarrada, se cubrió el muslo, acordán-

que da dor», e sinala, así, a dignidade e recato da santa.

Este xesto de pudor no martirio lembra ao evocado por Eurípides na súa *Hécuba* (v. 566) sobre o sacrificio da virxe Políxena: «E ela, aínda morrendo tiña moito coidado para caer de boa postura, ocultando o que hai que ocultar á mirada dos homes» (Trad. propia de la edición de A. Medina e J. A. López Férez). A filla de Príamo e Hécuba é sacrificada por Neoptólemo, fillo de Aquiles, nun altar, e configura un bo exemplo da figura da *parthenos*, a virxe grega, como vítima sacrificial.

Non só a imaxe dos santos se converteu nun motivo principal nas artes plásticas da Idade Media, o Renacemento e o Barroco, tamén a figura de Cristo, representada frecuentemente agonizante na cruz. Noutras imaxes, como a debida a Hans Holbein o Novo (Fig. 22) represéntase o corpo xacente de Xesús visto de lado, coa carne esaxeradamente demacrada, cos primeiros vestixios de putrefacción en mans e pés, o que suxire que estamos a ver o cadáver despois de tres días. Holbein parece inspirarse nun cadáver real, o dun afogado no río, para pintar este Cristo, de tamaño superior ao natural. Sen dúbida, pretendíase que a imaxe actuase no espectador como unha sorte de *memento mori* e, ao mesmo tempo, como un retrato da realidade da morte do Cristo que non obstante resucitou ao terceiro día. Nunha célebre pasaxe de *O idiota*, de Dostoievski, o personaxe do descreído Rogochin dille ao príncipe Michkin o difícil que é conservar a fe ante unha imaxe coma esta, xa que a imaxe subliña o aspecto máis terreal e material de Xesús. É unha interpretación totalmente contraria á que, no seu día, dentro do espírito dos anos previos á Contrarreforma, deberon facer os contemporáneos do pintor alemán.

dose antes del pudor que del dolor», y señala, así, la dignidad y recato de la santa.

Este gesto de pudor en el martirio recuerda al evocado por Eurípides en su *Hécuba* (v. 566) sobre el sacrificio de la virgen Políxena: «Y ella, aún muriéndose tenía mucho cuidado para caer de buena postura, ocultando lo que hay que ocultar a la mirada de los varones» (Trad. de A. Medina y J. A. López Férez). La hija de Príamo y Hécuba es sacrificada por Neoptólemo, hijo de Aquiles, en un altar, y configura un buen ejemplo de la figura de la *parthenos*, la virgen griega, como víctima sacrificial.

No solo la imagen de los santos se convirtió en un motivo principal en las artes plásticas de la Edad Media, el Renacimiento y el Barroco, también la figura de Cristo, representada frecuentemente agonizante en la cruz. En otras imágenes, como la debida a Hans Holbein el Joven (Fig. 22) se representa el cuerpo yaciente de Jesús visto de lado, con la carne exageradamente demacrada, con los primeros vestigios de putrefacción en manos y pies, lo que sugiere que estamos viendo el cadáver después de tres días. Holbein parece haberse inspirado en un cadáver real, el de un ahogado en el río, para pintar este Cristo, de tamaño superior al natural. Sin duda, se pretendía que la imagen actuase en el espectador como una suerte de *memento mori* y, al mismo tiempo, como un retrato de la realidad de la muerte del Cristo que no obstante resucitó al tercer día. En un célebre pasaje de *El idiota*, de Dostoyevsky, el personaje del descreído Rogochin le dice al príncipe Michkin lo difícil que es conservar la fe ante una imagen como esta, ya que la imagen subraya el aspecto más terrenal y material de Jesús. Es una interpretación totalmente contraria a la que, en su día, dentro del espíritu de los años previos a la Contrarreforma, debieron hacer los contemporáneos del pintor alemán.

Fig. 17. A pintura, de gran tamaño, presenta figuras maiores que as de tamaño natural e, lonxe de incluír ningunha presenza sobrenatural, debuxa unha escena terreal, onde a realidade da dor e da carne son presentadas sen ambaxes nin sutilezas.

Fig. 17. La pintura, de gran tamaño, presenta figuras mayores que las de tamaño natural y, lejos de incluir ninguna presencia sobrenatural, dibuja una escena terrenal, donde la realidad del dolor y de la carne son presentadas sin ambages ni cortapisas

José de Ribera, *O martirio de San Felipe*, 1639
Óleo sobre lenzo, 234 x 234 cm, (P001101)
Madrid, Museo Nacional del Prado
Fonte: ©Archivo Fotográfico del Museo Nacional del Prado

José de Ribera, *El martirio de San Felipe*, 1639
Óleo sobre lienzo, 234 x 234 cm, (P001101)
Madrid, Museo Nacional del Prado
Fuente: ©Archivo Fotográfico del Museo Nacional del Prado



Fig. 18. Gallonio menciona a tortura dos seos para as santas e describe o martirio de santa Helicónides, quen baixo o imperio de Gordiano se negaba a sacrificar ídolos. Diversos tormentos fóronlle inflixidos como cortarlle os peitos, queimala ou expoñela ás bestas salvaxes. Con todo, nin as chamas a tocaron nin as feras a feriron. Finalmente, tivo que ser decapitada

Fig. 18. Gallonio menciona la tortura de los senos para las santas y describe el martirio de santa Helicónides, quien bajo el imperio de Gordiano se negaba a sacrificar ídolos. Diversos tormentos le fueron infligidos como cortarle los pechos, quemarla o exponerla a las bestias salvajes. Sin embargo, ni las llamas la tocaron ni las fieras la hirieron. Finalmente, tuvo que ser decapitada

Fig. 18. *Martirio de mulleres*
Trattato de gli instrumenti di martirio, e delle varie maniere di martoriare usate da
gentili contro christiani, descritte et intagliate in rame
Antonio Gallonio, 1591
Roma
Biblioteca Xeral
Universidade de Santiago de Compostela

Fig. 18. *Martirio de mujeres*
Trattato de gli instrumenti di martirio, e delle varie maniere di martoriare usate da
gentili contro christiani, descritte et intagliate in rame
Antonio Gallonio, 1591
Roma
Biblioteca General
Universidad de Santiago de Compostela



Fig. 19. Gallonio recoñece o abandono da práctica na última época romana, aínda que fose recuperada, en palabras do sacerdote «en beneficio dos Cristiáns, moitos dos cales conquistaron a coroa do mártir desta estraña maneira» (Trad. de Valderrábano de Millon)

Fig. 19. Gallonio reconoce el abandono de la práctica en la última época romana, aunque fuera recuperada, en palabras del sacerdote «en beneficio de los Cristianos, muchos de los cuáles conquistaron la corona del mártir de esta extraña manera» (Trad. de Valderrábano de Millon)

Fig. 19. *Poena cullei*
Trattato de gli instrumenti di martirio...
Antonio Gallonio, 1591
Roma
Biblioteca Xeral
Universidade de Santiago de Compostela

Fig. 19. *Poena cullei*
Trattato de gli instrumenti di martirio…
Antonio Gallonio, 1591
Roma
Biblioteca General
Universidad de Santiago de Compostela


A
B
1553

Fig. 20. A imaxe seguinte dun autor anónimo de 1520 non mostra os corpos torturados das santas, senón a nobreza das súas ricas roupaxes en sacra conversa coa Virxe e o Neno.

Fig. 20. La imagen siguiente de un autor anónimo de 1520 no muestra los cuerpos torturados de las santas, sino la nobleza de sus ricos ropajes en sagrada conversación con la Virgen y el Niño

Fig. 20. *Sacra conversación das santas Perpetua e Felicidad coa Virxe e o Neno*
Anónimo, 1520
Óleo sobre lenzo
Museo Nacional de Varsovia
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 20. *Sacra conversación de las santas Perpetua y Felicidad con la Virgen y el Niño*
Anónimo, 1520
Óleo sobre lienzo
Museo Nacional de Varsovia
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons


felicitas
perpetua

Fig. 21. A cerámica ática do pintor de Timiades (570-550 a. C.) presenta o momento do sacrificio, no que Neoptólemo suxeita a cabeza da moza para degolala. Acentuando o dramatismo e a violencia do acto contemplamos o reguero de sangue fluíndo a través do pescozo da vítima para caer sobre o altar

Fig. 21. La cerámica ática del pintor de Timiades (570-550 a. C.) presenta el momento del sacrificio, en el que Neoptólemo sujeta la cabeza de la joven para degollarla. Acentuando el dramatismo y la violencia del acto contemplamos el reguero de sangre fluyendo a través del cuello de la víctima para caer sobre el altar.

Fig. 21. *Sacrificio de Políxena*
Autor anónimo, 570-550 a. C.
Ánfora ática,
Museo Británico
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons
© Marie-Lan Nguyen

Fig. 21. *Sacrificio de Políxena*
Autor anónimo, 570-550 a. C.
Ánfora ática,
Museo Británico
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons
© Marie-Lan Nguyen


ΔΙΟΜΕΔΗΣ
ΑΧΙΛΛΕΥΣ

Fig. 22. Como di Julia Kristeva (1990: 272), neste Cristo: *a erótica gótica da dor paroxística está ausente* [...] *como tamén o está a promesa do alén ou a exaltación renacentista da natureza. Queda a corda frouxa -como o cadáver representado- dunha representación plástica económica, parsimoniosa, da dor contida no recollemento solitario do artista e o espectador*

Fig. 22. Como dice Julia Kristeva (1990: 272), en este Cristo: *la erótica gótica del dolor paroxístico está ausente* [...] *como también lo está la promesa del más allá o la exaltación renacentista de la naturaleza. Queda la cuerda floja -como el cadáver representado- de una representación plástica económica, parsimoniosa, del dolor contenido en el recogimiento solitario del artista y el espectador*

Fig. 22. *Cristo xacente, detalle*
Holbein o Novo, 1521
Óleo sobre lenzo
Museo da Arte de Basilea
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 22. *Cristo yacente, detalle*
Holbein el Joven, 1521
Óleo sobre lienzo
Museo de Arte de Basilea
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons



Corpo gozoso
Cuerpo gozoso

Por suposto, na iconografía do corpo non todo é dor e castigo, pois tamén hai unha longa tradición na que se representa ao corpo como fonte de pracer e xúbilo, aínda que case sempre cunha intención moralizante. Neste fresco de principios do século xv (Fig. 23) aprovéitase o motivo da mítica fonte da eterna xuventude para representar os corpos espidos das parellas que queren recuperar a súa mocidade e, unha vez desposuídos das súas roupas e introducidos na fonte, ter relacións sexuais.

Na Idade Media era habitual atoparse baños públicos de uso común por parte de ambos os sexos. Progresivamente, a partir do advenimento da Contrarreforma e coa imposición de normas morais menos relaxadas, foi facéndose cada vez máis raro o uso de baños públicos por parte de ambos os sexos.

O sexo na Antigüidade clásica era visto e representado de acordo con normas moi diferentes das nosas, de forma moito máis franca e explícita, ademais de en todas as súas variantes (heterosexual, homosexual, sexo grupal, pederastia, masturbación). No período arcaico e ata o final do período clásico, é habitual atopar vasos gregos de cerámica cunha gran diversidade de escenas eróticas, a miúdo explícitas.

No Renacemento, o recurso frecuente ao nu, non como ilustración do erotismo, senón como un elemento iconográfico máis que retomaba aspectos da Antigüidade clásica para resituar a mitoloxía e dar un impulso novo á representación de escenas relixiosas, convértese en case un lugar común da pintura e a escultura do período. Xunto a este uso normalizado do nu,

Por supuesto, en la iconografía del cuerpo no todo es dolor y castigo, pues también hay una larga tradición en la que se representa al cuerpo como fuente de placer y regocijo, aunque casi siempre con una intención moralizante. En este fresco de principios del siglo xv (Fig. 23) se aprovecha el motivo de la mítica fuente de la eterna juventud para representar los cuerpos desnudos de las parejas que quieren recuperar su juventud y, una vez despojados de sus ropas e introducidos en la fuente, tener relaciones sexuales.

En la Edad Media era habitual encontrarse baños públicos de uso común por parte de ambos sexos. Progresivamente, a partir del advenimiento de la Contrarreforma y con la imposición de normas morales menos relajadas, fue haciéndose cada vez más raro el uso de baños públicos por parte de ambos sexos.

El sexo en la Antigüedad clásica era visto y representado de acuerdo con normas muy diferentes de las nuestras, de forma mucho más franca y explícita, además de en todas sus variantes (heterosexual, homosexual, sexo grupal, pederastia, masturbación). En el período arcaico y hasta el final del período clásico, es habitual encontrar vasos griegos de cerámica con una gran diversidad de escenas eróticas, a menudo explícitas.

En el Renacimiento, el recurso frecuente al desnudo, no como ilustración del erotismo, sino como un elemento iconográfico más que retomaba aspectos de la Antigüedad clásica para resituar la mitología y dar un impulso nuevo a la representación de escenas religiosas, se convierte en casi un lugar común de la pintura y

non exento de polémica nos contextos eclesiásticos da época, desenvólvese así mesmo unha arte erótica de ámbito moito máis reservado, como se proba na serie de gravados I *Modi* de Marcantonio Raimondi, destinados a acompañar os *Sonetos luxuriosos* de Pietro Aretino e realizados sobre a base de debuxos previos de Giulio Romano (Fig. 26). Esta espléndida serie de ilustracións compoñen unha sorte de *Kama-sutra* do Renacemento, un catálogo de posturas do coito cuxa visión debía resultar recreativa, ademais de moi didáctica. Esta obra constitúe o primeiro gran exemplo de tratado pornográfico moderno.

A arte erótica tamén se desenvolveu noutras culturas, como por exemplo na xaponesa e, moi concretamente, no período Edo (1603-1868), durante o cal alcanza o seu período de máximo esplendor o *shunga*, arte erótica desenvolvida en forma de estampas e gravados xilográficos que mostraban escenas eróticas e pornográficas nunha gran variedade de tipos (parellas heterosexuais, sexo grupal, homosexualidade, animalismo). Durante a época Edo na cultura urbana nacen os *ukiyo-e* ou «imaxes do mundo flotante», que pintan a vida e os praceres dos cidadáns. Imprímense libros ricamente ilustrados con estampas que, baixo o nome de «imaxes de primavera», *shunga*, asocian o gozo ao retorno cíclico da saiba e a mocidade (Makariou 2016: 68). En palabras do historiador Andrew Gerstler: «Os valores promovidos polo discurso *shunga* son xeralmente positivos cara ao pracer sexual de todos os participantes. De feito, moitas obras deixan claro que os homes debesen aprender técnicas e esforzarse en facer o sexo pracenteiro para as mulleres» (Gerstler 2013: 6; Trad. de Valderrábano).

la escultura del período. Junto a este uso normalizado del desnudo, no exento de polémica en los contextos eclesiásticos de la época, se desarrolla asimismo un arte erótico de ámbito mucho más reservado, como se prueba en la serie de grabados I *Modi* de Marcantonio Raimondi, destinados a acompañar los *Sonetos lujuriosos* de Pietro Aretino y realizados sobre la base de dibujos previos de Giulio Romano (Fig. 26). Esta espléndida serie de ilustraciones componen una suerte de *Kama-sutra* del Renacimiento, un catálogo de posturas del coito cuya visión debía resultar recreativa, amén de muy didáctica. Esta obra constituye el primer gran ejemplo de tratado pornográfico moderno.

El arte erótico también se desarrolló en otras culturas, como por ejemplo en la japonesa y, muy concretamente, en el período Edo (1603-1868), durante el cual alcanza su período de máximo esplendor el *shunga*, arte erótico desarrollado en forma de estampas y grabados xilográficos que mostraban escenas eróticas y pornográficas en una gran variedad de tipos (parejas heterosexuales, sexo grupal, homosexualidad, animalismo). Durante la época Edo en la cultura urbana nacen los *ukiyo-e* o «imágenes del mundo flotante», que pintan la vida y los placeres de los ciudadanos. Se imprimen libros ricamente ilustrados con estampas que, bajo el nombre de «imágenes de primavera», *shunga*, asocian el gozo al retorno cíclico de la savia y la juventud (Makariou 2016: 68). En palabras del historiador Andrew Gerstler: «Los valores promovidos por el discurso *shunga* son generalmente positivos hacia el placer sexual de todos los participantes. De hecho, muchas obras dejan claro que los hombres debieran aprender técnicas y esforzarse en hacer el sexo placentero para las mujeres» (Gerstler 2013: 6; Trad. de Valderrábano).

Fig. 23. Este é un exemplo da libre comunicación que houbo durante a Idade Media de motivos pagáns e motivos relixiosos, xa que a iconografía da fonte da mocidade relaciónase tamén co Paraíso terreal e coa fonte da vida, que a miúdo se representaba co Cristo fornecendo o seu sangue como dadora de vitalidade

Fig. 23. Este es un ejemplo de la libre comunicación que hubo durante la Edad Media de motivos paganos y motivos religiosos, ya que la iconografía de la fuente de la juventud se relaciona también con el Paraíso terrenal y con la fuente de la vida, que a menudo se representaba con el Cristo surtiendo su sangre como dadora de vitalidad

Fig. 23. *Fresco da Fonte da Mocidade*
Maestro do Castello della Manta, 1411-16
Sala Baronale, Castello della Manta, cerca de Saluzzo, Piemonte
Fonte: Dominio público. Gallery of Art

Fig. 23. *Fresco de la Fuente de la Juventud*
Maestro del Castello della Manta, 1411-16
Sala Baronale, Castello della Manta, cerca de Saluzzo, Piemonte
Fuente: Dominio público. Gallery of Art



Fig. 24. Nesta famosa pintura, tamén do século xv, de Antonio de Borgoña móstrase ao rétor Valerio Máximo falando co emperador romano Tiberio para ensinarlle o corruptos que podían ser estes baños

Fig. 24. En esta famosa pintura, también del siglo xv, de Antonio de Borgoña se muestra al rétor Valerio Máximo hablando con el emperador romano Tiberio para enseñarle lo corruptos que podían ser estos baños

Fig. 24. *Escena de baño público*
Antonio de Borgoña, 1470
MS Dep. Bresl. au 2, vol.2, fol. 244
Biblioteca Estatal de Berlín
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 24. *Escena de baño público*
Antonio de Borgoña, 1470
MS Dep. Bresl. au 2, vol.2, fol. 244
Biblioteca Estatal de Berlín
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons



Fig. 25. Na seguinte imaxe temos unha copa de figuras vermellas datada ca. 470 a. C. e conservada no Museo Nacional de Tarquinia. É un exemplo espléndido de arte erótica heterosexual na cerámica grega.

Fig. 25. En la siguiente imagen tenemos una copa de figuras rojas fechada ca. 470 a. C. y conservada en el Museo Nacional de Tarquinia. Es un ejemplo espléndido de arte erótico heterosexual en la cerámica griega.

Fig. 25. *Escena erótica*
Copa de figuras vermellas
Atribuído ao pintor Triptólemo, ca. 470 a. C.
Museo Nacional Arqueolóxico de Tarquinia
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 25. *Escena erótica*
Copa de figuras rojas
Atribuido al pintor Triptólemo, ca. 470 a. C.
Museo Nacional Arqueológico de Tarquinia
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons



Fig. 26. O soneto que se corresponde con esta imaxe comeza así: «Abre as coxas, a fin de que ben vexa o teu fermoso cu e o a túa cona de fronte; cu que de opinión muda a polla! cona que o corazón destila polas veas!» (*Soneto* XI, trad. propia de Luis Antonio de Villena)

Fig. 26. El soneto que se corresponde con esta imagen comienza así: «Abre los muslos, a fin de que bien vea tu hermoso culo y tu chocho de frente; ¡culo que de opinión muda la polla! ¡chocho que el corazón destila por las venas!» (*Soneto* XI, trad. de Luis Antonio de Villena)

Fig. 26. *Escena sexual*
Gravado de Marcantonio Raimondi
Sonetti Lussuriosi
Pietro Aretino, 1527
Venecia
Museo Albertina, Viena
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 26. *Escena sexual*
Grabado de Marcantonio Raimondi
Sonetti Lussuriosi
Pietro Aretino, 1527
Venecia
Museo Albertina, Viena
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons



Fig. 27. Aínda que o soado artista Katsushika Hokusai (1760-1849) desborda o ámbito cronolóxico deste libro, incluímolo como figura representativa deste tipo de arte. Nesta estampa de Hokusai, móstrase unha escena de sexo entre dúas lesbianas, que se axudan dun *dildo* (*harikata*) para os seus xogos

Fig. 27. Aunque el célebre artista Katsushika Hokusai (1760-1849) desborda el ámbito cronológico de este libro, lo incluimos como figura representativa de este tipo de arte. En esta estampa de Hokusai, se muestra una escena de sexo entre dos lesbianas, que se ayudan de un *dildo* (*harikata*) para sus juegos

Fig. 27. *Dúas mulleres practicando sexo, unha delas usando un* harikata *(falo artificial)*
Katsushika Hokusai, 1814
Xapón
Debuxo (estilo *Ukiyo-e*)
Fonte: Dominio público. Wikiart

Fig. 27. *Dos mujeres practicando sexo, una de ellas usando un* harikata *(falo artificial)*
Katsushika Hokusai, 1814
Japón
Dibujo (estilo Ukiyo-e)
Fuente: Dominio público. Wikiart



Corpo espido, corpo vestido

Cuerpo desnudo, cuerpo vestido

Na historia da arte, o corpo humano foi un medio privilexiado para comunicar ideas, valores e xerarquías sociais. A representación do corpo espido e do corpo vestido responde a códigos iconográficos distintos e cumpre funcións simbólicas complementarias. O corpo espido foi tradicionalmente aceptado en contextos específicos, especialmente na arte relixiosa tardomedieval e renacentista ou na arte clásica. A súa presenza adoita asociarse a deuses, heroes e figuras mitolóxicas, cuxa corporalidade manifesta perfección, virtude ou poder sobrenatural. Pola contra, na arte cristiá, o nu das virxes ou dos santos era moito máis restrinxido, aparecendo unicamente en situacións excepcionais de penitencia, martirio ou vulnerabilidade, como ocorre en certas esculturas ou pinturas que mostran a santos espidos en actitudes de mortificación. O nu, nestes casos, salienta fraxilidade, sufrimento ou transcendencia espiritual antes que atractivo estético.

Doutra banda, o corpo vestido converteuse nun medio central para comunicar status social, poder, riqueza ou función política. Desde o Medievo tardío ata o Barroco, os pintores representaron nobres, cortesáns, eclesiásticos e plebeos cun gran coidado polos detalles do vestiario: teas, bordados, xoias e accesorios convertéronse en símbolos visibles de xerarquía, distinción e posición dentro da sociedade. O vestido, máis que cubrir o corpo, enmárcao, saliénteo e contextualízao: as pregaduras, as texturas e as cores non só indican moda ou gusto persoal, senón que funcionan como unha linguaxe visual de poder e pertenza a un

En la historia del arte, el cuerpo humano ha sido un medio privilegiado para comunicar ideas, valores y jerarquías sociales. La representación del cuerpo desnudo y del cuerpo vestido responde a códigos iconográficos distintos y cumple funciones simbólicas complementarias. El cuerpo desnudo ha sido tradicionalmente aceptado en contextos específicos, especialmente en el arte religioso tardomedieval y renacentista o en el arte clásico. Su presencia suele asociarse a dioses, héroes y figuras mitológicas, cuya corporalidad manifiesta perfección, virtud o poder sobrenatural. Por el contrario, en el arte cristiano, el desnudo de las vírgenes o de los santos era mucho más restringido, apareciendo únicamente en situaciones excepcionales de penitencia, martirio o vulnerabilidad, como ocurre en ciertas esculturas o pinturas que muestran a santos desnudos en actitudes de mortificación. El desnudo, en estos casos, enfatiza fragilidad, sufrimiento o trascendencia espiritual antes que atractivo estético. Por otro lado, el cuerpo vestido se convirtió en un medio central para comunicar estatus social, poder, riqueza o función política.

Desde el Medievo tardío hasta el Barroco, los pintores representaron nobles, cortesanos, eclesiásticos y plebeyos con un gran cuidado por los detalles del vestuario: telas, bordados, joyas y accesorios se convirtieron en símbolos visibles de jerarquía, distinción y posición dentro de la sociedad. El vestido, más que cubrir el cuerpo, lo enmarca, lo enfatiza y lo contextualiza: los pliegues, las texturas y los colores no solo indican moda o gusto personal, sino que funcionan

grupo social. Neste sentido, a historia da arte ofrece un diálogo continuo entre corpo espido e corpo vestido, onde o primeiro reflicte a esencia humana ou divina e o segundo proxecta unha identidade social e cultural. Comprender esta distinción permite apreciar como a arte codificou a corporalidade como signo de significados múltiples, desde a vulnerabilidade e o sacrificio ata a ostentación e a xerarquía.

Un exemplo paradigmático do diálogo entre corpo espido e corpo vestido atópase no renacemento veneciano, concretamente na obra coñecida desde 1693 como *Amor Sacro, Amor Profano*, pintada cara a 1514 por Tiziano Vecellio. Niccolò Aurelio, secretario do Consello dos Dez da República de Venecia, encargoullo ao pintor co fin de facerlle un agasallo de voda á que ía ser a súa muller, posto que Niccolò casaba coa moza Laura Bagarotto. En efecto, o lenzo representa a unha noiva cun vestido branco, probablemente o seu vestido de noiva. Na súa cabeleira dourada entretécese unha variña de mirto, cuxas flores se consideraban tanto un atributo sacro da antiga deusa Venus como un elemento que indicaba a entrada no matrimonio. A muller espida é precisamente a Deusa Venus. Quizais sexan dúas caras da mesma muller, pois os seus rostros parécense moito. Descoñecemos o significado real do cadro, pero a interpretación tradicional pretende que a figura da heroína vestida personifica o amor celestial, mentres que a espida encarna o amor terreal, a paixón e os desexos fugaces.

Na arte relixiosa tardomedieval e renacentista un uso moi frecuente do nu, completamente aceptado, é nas escenas de martiroloxio, como nesta espléndida talla en madeira policromada atribuída a Donatello, de 1465-66, que representa a San Xerome, enteiramente espido (o que non é habitual na pintura), golpeándose o peito coa pedra (Fig. 29). O corpo do santo, convertido nun penitente no deserto de Antioquía, é reflectido en toda a súa ancianidade e

como un lenguaje visual de poder y pertenencia a un grupo social. En este sentido, la historia del arte ofrece un diálogo continuo entre cuerpo desnudo y cuerpo vestido, donde lo primero refleja la esencia humana o divina y lo segundo proyecta una identidad social y cultural. Comprender esta distinción permite apreciar cómo el arte ha codificado la corporalidad como signo de significados múltiples, desde la vulnerabilidad y el sacrificio hasta la ostentación y la jerarquía.

Un ejemplo paradigmático del diálogo entre cuerpo desnudo y cuerpo vestido se encuentra en el renacimiento veneciano, concretamente en la obra conocida desde 1693 como *Amor Sacro, Amor Profano*, pintada hacia 1514 por Tiziano Vecellio. Niccolò Aurelio, secretario del Consejo de los Diez de la República de Venecia, se lo encargó al pintor con el fin de hacerle un regalo de boda a la que iba a ser su esposa, puesto que Niccolò se casaba con la joven Laura Bagarotto. En efecto, el lienzo representa a una novia con un vestido blanco, probablemente su vestido de novia. En su cabellera dorada se entreteje una ramita de mirto, cuyas flores se consideraban tanto un atributo sagrado de la antigua diosa Venus como un elemento que indicaba la entrada en el matrimonio. La mujer desnuda es precisamente la Diosa Venus. Quizá sean dos caras de la misma mujer, pues sus rostros se parecen mucho. Desconocemos el significado real del cuadro, pero la interpretación tradicional pretende que la figura de la heroína vestida personifica el amor celestial, mientras que la desnuda encarna el amor terrenal, la pasión y los deseos fugaces.

En el arte religioso tardomedieval y renacentista un uso muy frecuente del desnudo, completamente aceptado, es en las escenas de martirologio, como en esta espléndida talla en madera policromada atribuida a Donatello, de 1465-66, que representa a San Jerónimo, enteramente desnudo (lo que no es habitual en la pintura), golpeándose el pecho con la piedra (Fig. 29). El cuerpo del santo, convertido en un penitente

Fig. 28. Plinio o Vello conta na súa *Historia Natural* (xxxvi, 4, 20) que existía unha escultura de Praxíteles con dúas imaxes da deusa Venus, unha das cales estaba vestida e a outra, completamente espida, o cal faría pensar que esta dobre encarnación do amor terreal *versus* celestial é posterior. O neno non é outro que Cupido, mergullando a súa man na auga da fonte da vida. Tiziano tamén representou uns coellos, símbolo da fertilidade e a procreación. Poderiamos dicir, en definitiva, que Tiziano quería representar unha alegoría do amor nas súas distintas facetas, a paixón, o matrimonio, a descendencia, sendo Cupido un elemento mediador.

Fig. 28. *Amor sacro, amor profano*
Tiziano, 1514-15
Óleo sobre lenzo
Galleria Borghese, Roma
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 28. Plinio el Viejo cuenta en su *Historia Natural* (xxxvi, 4, 20) que existía una escultura de Praxíteles con dos imágenes de la diosa Venus, una de las cuales estaba vestida y la otra, completamente desnuda, lo cual haría pensar que esta doble encarnación del amor terrenal *versus* celestial es posterior. El niño no es otro que Cupido, sumergiendo su mano en el agua de la fuente de la vida. Tiziano también ha representado a unos conejos, símbolo de la fertilidad. Podríamos decir, en definitiva, que Tiziano quería representar una alegoría del amor en sus distintas facetas, la pasión, el matrimonio, la descendencia, siendo Cupido un elemento mediador.

Fig. 28. *Amor sacro, amor profano*
Tiziano, 1514-15
Óleo sobre lienzo
Galleria Borghese, Roma
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons



Fig. 29. *Eu, que por temor do inferno impuxérame unha prisión en compañía de escorpións e cervos, a miúdo cría asistir a danzas de doncelas. Tiña eu o rostro palidecido polo xaxún; pero o espírito queimaba de desexos o meu corpo xeado, e os lumes da voluptuosidade crepitaban nun home case morto. Lémbroo ben: tiña ás veces que gritar arreo todo o día e toda a noite. Non cesaba de ferirme o peito* (Carta xxii a Eustoquia)

Fig. 29. *Yo, que por temor del infierno me había impuesto una prisión en compañía de escorpiones y venados, a menudo creía asistir a danzas de doncellas. Tenía yo el rostro empalidecido por el ayuno; pero el espíritu quemaba de deseos mi cuerpo helado, y los fuegos de la voluptuosidad crepitaban en un hombre casi muerto. Lo recuerdo bien: tenía a veces que gritar sin descanso todo el día y toda la noche. No cesaba de herirme el pecho* (Carta xxii a Eustoquia)

Fig. 29. *San Xerome*
Escultura
Madeira
Donatello, 1465-66
Museo Comunale de Faenza, Italia
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 29. *San Jerónimo*
Escultura
Madera
Donatello, 1465-66
Museo Comunale de Faenza, Italia
Fuente: Dominio público. Wikipedia



vulnerabilidade. Débil e acosado polas tentacións, abandonará pronto o seu retiro e substituirá a mortificación polo estudo.

O Renacemento, coa súa volta aos modelos clásicos, ofreceu unha oportunidade para a representación do corpo humano, máis libre e terreal, aínda que non estivo exenta de polémica. Os temas mitolóxicos pasan a adquirir unha evidente importancia cultural e iconográfica, recorrendo a miúdo a analoxías e homenaxes aos nobres e autoridades que servían de mecenas para as obras. A sensualidade dos corpos, presente case sempre nas representacións mitolóxicas, adóitase mesturar co uso da iconografía corporal ligada ao martirio e a mortificación nas escenas relixiosas. A pintura dos séculos xvi e xvii está chea de escenas de espidos con múltiples significacións e valores. Ofrecemos un exemplo do nu na arte pictórica unha imaxe do corpo, atlética e harmoniosa, correspondente ao Barroco temperán. O cadro é do pintor Guido Reni (1575-1642), representante do clasicismo romano-boloñés. Unha imaxe (Fig. 30) que representa tanto un corpo feminino como outro masculino, os cales corresponden respectivamente á heroína Atalanta, que desafiaba a calquera pretendente a gañala nunha carreira, baixo a ameaza de ter que morrer se perdía, e a Hipómenes, que foi quen a venceu seguindo unha intelixente estrataxema: lanzarlle ao chan mazás da árbore das Hespérides para que se detivese a recollelas. Venus, por boca de Ovidio, relata a vitoria do mozo. É de resaltar a composición xeométrica e o elegante dinamismo dos corpos, propio case dunha coreografía. O cadro reflicte un xenuíno interese por parte do pintor no ideal de beleza corporal da antigüidade clásica. É, sen dúbida, a representación máis icónica deste tema mitolóxico.

Esta outra imaxe de Tiziano corresponde á *Venus Anadiómena* (Fig. 31), ou Venus que xorde do mar, correspondente a unha escena descrita por Plinio e supostamente pintada

en el desierto de Antioquía, es reflejado en toda su ancianidad y vulnerabilidad. Débil y acosado por las tentaciones, abandonará pronto su retiro y sustituirá la mortificación por el estudio.

El Renacimiento, con su vuelta a los modelos clásicos, ofreció una oportunidad para la representación del cuerpo humano, más libre y terrenal, si bien no estuvo exenta de polémica. Los temas mitológicos pasan a adquirir una evidente importancia cultural e iconográfica, recurriendo a menudo a analogías y homenajes a los nobles y autoridades que servían de mecenas para las obras. La sensualidad de los cuerpos, presente casi siempre en las representaciones mitológicas, se suele mezclar con el uso de la iconografía corporal ligada al martirio y la mortificación en las escenas religiosas. La pintura de los siglos xvi y xvii está llena de escenas de desnudos con múltiples significaciones y valores. Ofrecemos un ejemplo del desnudo en el arte pictórico una imagen del cuerpo, atlética y harmoniosa, correspondiente al Barroco temprano. El cuadro es del pintor Guido Reni (1575-1642), representante del clasicismo romano-boloñés. Una imagen (Fig. 30) que representa tanto un cuerpo femenino como otro masculino, los cuales corresponden respectivamente a la heroína Atalanta, que desafiaba a cualquier pretendiente a ganarla en una carrera, bajo la amenaza de tener que morir si perdía, y a Hipómenes, que fue quien la venció siguiendo una inteligente estratagema: lanzarle al suelo manzanas del árbol de las Hespérides para que se detuviera a recogerlas. Venus, por boca de Ovidio, relata la victoria del joven. Es de resaltar la composición geométrica y el elegante dinamismo de los cuerpos, propio casi de una coreografía. El cuadro refleja un genuino interés por parte del pintor en el ideal de belleza corporal de la antigüedad clásica. Es, sin duda, la representación más icónica de este tema mitológico.

Esta otra imagen de Tiziano corresponde a la Venus Anadiómena (Fig. 31), o Venus que surge del mar, correspondiente a una escena descrita

por Apeles. En lugar da imaxe, literal e chea de simbolismo dunha Venus pudorosa («Venus púdica»), que se tapa o pube coa súa longa melena, de Botticelli, Tiziano preséntanos a unha Venus parcialmente mergullada, co pube exposto, a diferenza tamén da famosa *Venus de Urbino*, do propio Tiziano, cadro no que a Venus se tapa coa man. Esta obra, que no seu día pertenceu a Cristina de Suecia, presenta a unha Venus sensual e terreal, probable retrato dunha amante do pintor, que figurou como modelo en varios dos seus cadros. Aparece unha cuncha flotando, como símbolo que nos lembra a súa orixe.

Fuente: @Parco Archeologico di Ostia Antica



Fig. 46. *En Italia unha muller chamada Dorotea pariu vinte fillos en dúas veces, nove dunha vez e once da outra, a cal, levando unha carga tan grande, estaba tan gorda que sostiña o seu ventre, que chegaba ata os xeonllos, cunha banda grande que suxeitaba ao pescozo e aos ombreiros, como se ve neste retrato* (Trad. de Valderrábano, segundo a edición de Jeanneret)

Fig. 46. *En Italia una mujer llamada Dorotea parió veinte hijos en dos veces, nueve de una vez y once de la otra, la cual, llevando una carga tan grande, estaba tan gorda que sostenía su vientre, que llegaba hasta las rodillas, con una banda grande que sujetaba al cuello y a los hombros, como se ve en este retrato* (Trad. de Valderrábano, según la edición de Jeanneret)

Fig. 46. *Método admirable para unha muller que soporta un embarazo de vinte fillos xunto con cadeira de partos*
Les oeuvres d'Ambroise Paré, conseiller et premier chirurgien du Roy
Ambroise Paré, 1628
París
Fonte: Biblioteca Xeral
Universidade de Santiago de Compostela

Fig. 46. *Método admirable para una mujer que soporta un embarazo de veinte hijos junto con silla de partos*
Les oeuvres d'Ambroise Paré, conseiller et premier chirurgien du Roy
Ambroise Paré, 1628
París
Fuente: Biblioteca General
Universidad de Santiago de Compostela


Choſe ad-
mirable
d'vne fem-
me qui
porta 36.
enfans.

Fig. 47. A Virxe ordenou aos anxos a extracción do feto polo costado dereito mentres a abadesa durmía. A «operación» é supervisada por santa María, quen *fez sacar o fillo a abadesa pelo costado*

Fig. 47. La Virgen ordenó a los ángeles la extracción del feto por el costado derecho mientras la abadesa dormía. La «operación» es supervisada por santa María, quien *fez sacar o fillo a abadesa pelo costado*

Fig. 47. *Abadesa á que uns anxos practican unha cesárea*
Manuscrito
Cantiga VII do «Códice Rico» das *Cantigas de Santa María,* Ms.T-I-1, fol. 14v
San Lorenzo del Escorial, 1280-1284
Alfonso X, 1280-1284
Real Biblioteca do Monasterio de San Lorenzo do Escorial, Madrid
Fonte: Reproducción procedente da Real Biblioteca do Monasterio do Escorial cedida por Patrimonio Nacional

Fig. 47. *Abadesa a la que unos ángeles practican una cesárea*
Manuscrito
Cantiga VII del «Códice Rico» de las *Cantigas de Santa María*, Ms.T-I-1, fol. 14v
San Lorenzo del Escorial, 1280-1284
Alfonso X, 1280-1284
Real Biblioteca del Monasterio de San Lorenzo de El Escorial, Madrid
Fuente: Reproducción procedente de la Real Biblioteca del Monasterio del Escorial cedida por Patrimonio Nacional


Como ſeã aÿ fez liçar o fillo a abadeſſa pelo coſtado.
C. a abadeſſã ſe reſpoſou anno biſpo & foi liure da acuſaçõ.

As necesidades do corpo
Las necesidades del cuerpo

O corpo necesita coidados, alimento, cumprir unha serie de funcións biolóxicas das que depende a súa saúde, subsistencia e procreación. Ata a Idade Moderna, hai unha certa conciencia colectiva do corpo, que vén posibilitada por unha imaxe do mundo mediatizada pola relación e os discursos de poder social e político. Nesta concepción, o corpo, a súa natureza, as súas funcións e as súas obras veñen determinados por unha concepción xerárquica e sacra do mundo. Con todo, a fins do século xvii opérase un cambio, favorecido pola revolución científica e filosófica de Copérnico, Galileo, Newton e Descartes, con respecto á concepción do home, o seu corpo e o seu encaixe no universo. Como o expresa con acerto Jacques Gélis:

> A crise da conciencia europea leva aparellada unha crise da conciencia do corpo: o individuo sepárase dolorosamente da influencia do gran corpo colectivo. [...] É o prezo que ten que pagar polo nacemento do home moderno. A turbación dos espíritos maniféstase en particular pola pantasma do enterrado vivo e, sobre todo, no campo relixioso, polo fenómeno convulsionario [...] Que respostas achega [a Igrexa] á nova conciencia do corpo que lentamente vai emerxendo en Occidente? Como conciliar un discurso que pretende penalizar o corpo pecador coas expectativas de homes e mulleres ansiosos dunha vida persoal plena que xustamente pasa por unha valoración da imaxe do seu corpo? A partir do século xvi, efectivamente, empeza a impoñerse a idea de que hai que conservar a saúde do corpo e preservalo o maior tempo posible. A multiplicación dos

El cuerpo necesita cuidados, alimento, cumplir una serie de funciones biológicas de las que depende su salud, subsistencia y procreación. Hasta la Edad Moderna, hay una cierta conciencia colectiva del cuerpo, que viene posibilitada por una imagen del mundo mediatizada por la relación y los discursos de poder social y político. En esta concepción, el cuerpo, su naturaleza, sus funciones y sus obras vienen determinados por una concepción jerárquica y sagrada del mundo. Sin embargo, a fines del siglo xvii se opera un cambio, favorecido por la revolución científica y filosófica de Copérnico, Galileo, Newton y Descartes, con respecto a la concepción del hombre, su cuerpo y su encaje en el universo. Como lo expresa con acierto Jacques Gélis,

> La crisis de la conciencia europea lleva aparejada una crisis de la conciencia del cuerpo: el individuo se separa dolorosamente de la influencia del gran cuerpo colectivo. […] Es el precio que tiene que pagar por el nacimiento del hombre moderno. La turbación de los espíritus se manifiesta en particular por el fantasma del enterrado vivo y, sobre todo, en el campo religioso, por el fenómeno convulsionario […] ¿Qué respuestas aporta [la Iglesia] a la nueva conciencia del cuerpo que lentamente va emergiendo en Occidente? ¿Cómo conciliar un discurso que pretende penalizar el cuerpo pecador con las expectativas de hombres y mujeres ansiosos de una vida personal plena que justamente pasa por una valoración de la imagen de su cuerpo? A partir del siglo xvi, efectivamente, empieza a imponerse la idea de que hay que conservar la salud del cuerpo y preservarlo el mayor

> tratados exaltando a saúde corporal e o bo envellecemento así o testemuña. Esta nova aspiración a prolongar a existencia na terra non é separable da idea de que a existencia terreal non necesariamente é o val de bágoas que prometen certos discursos rigoristas. Este optimismo e a vontade humana de triunfar sobre a adversidade constitúen a base da cultura urbana do Renacemento (en A. Corbin, J.J. Courtine e G. Vigarello, eds., *Historia do corpo*, vol. 1, Taurus, Madrid, 2005, páx. 107).

Unha nova imaxe de como debe ser o coidado do corpo emerxe. Segundo Georges Vigarello, o corpo reflicte a posta en acción de paixóns e sociabilidade, pero tamén unha visión moi particular do orgánico: o movemento axudaría a evacuar e expulsar os humores, cuxo estancamento sería perigoso. O xogo convértese en exercicio e actividade saudable (idem., cap. 4, pág. 229). Lembremos que o Renacemento é a época na que xorden os primeiros tratados de ximnasia. Así, por exemplo, Gerónimo Mercuriale (1530-1606), médico, filósofo e pedagogo italiano, catedrático da Universidade de Padua, dedica seis tomos ao *De arte gymnastica* (Venecia, 1569).

Previamente, a sociedade espartana valoraba as bondades do exercicio físico para as mulleres como medida euxenética. Segundo relata Plutarco no seu *Licurgo* (14.3), os corpos das mozas fortalecíanse con carreiras, loitas, lanzamentos de disco e xavelinas «co obxecto de mellorar o desenvolvemento dos embrións e combater con facilidade as dores do parto» (trad. de Pérez Jiménez). A figura laconia de bronce dunha moza correndo (Fig. 50) datada no século v a. C. evidencia a práctica do exercicio por algunhas mulleres da Grecia antiga. Aínda que non se correspondan coa imaxe, a descrición das carreiras femininas durante as festas en honra a Hera, *Heraia*, ilustran a actividade deportiva das mozas gregas.

> tiempo posible. La multiplicación de los tratados exaltando la salud corporal y el buen envejecimiento así lo atestigua. Esta nueva aspiración a prolongar la existencia en la tierra no es separable de la idea de que la existencia terrenal no necesariamente es el valle de lágrimas que prometen ciertos discursos rigoristas. Este optimismo y la voluntad humana de triunfar sobre la adversidad constituyen la base de la cultura urbana del Renacimiento» (en A. Corbin, J.J. Courtine y G. Vigarello, eds., *Historia del cuerpo*, vol. 1, Taurus, Madrid, 2005, pág. 107).

Una nueva imagen de cómo debe ser el cuidado del cuerpo emerge. Según Georges Vigarello, el cuerpo refleja la puesta en acción de pasiones y sociabilidad, pero también una visión muy particular de lo orgánico: el movimiento ayudaría a evacuar y expulsar los humores, cuyo estancamiento sería peligroso. El juego se convierte en ejercicio y actividad saludable (*idem*., cap. 4, pág. 229). Recordemos que el Renacimiento es la época en la que surgen los primeros tratados de gimnasia. Así, por ejemplo, Gerónimo Mercuriale (1530-1606), médico, filósofo y pedagogo italiano, catedrático de la Universidad de Padua, dedica seis tomos al *De arte gymnastica* (Venecia, 1569).

Previamente, la sociedad espartana valoraba las bondades del ejercicio físico para las mujeres como medida eugenésica. Según relata Plutarco en su Licurgo (14.3), los cuerpos de las jóvenes se fortalecían con carreras, luchas, lanzamientos de disco y jabalinas «con el objeto de mejorar el desarrollo de los embriones y combatir con facilidad los dolores del parto» (trad. de Pérez Jiménez). La figura laconia de bronce de una joven corriendo (Fig. 50) fechada en el siglo v a. C. evidencia la práctica del ejercicio por algunas mujeres de la Grecia antigua. Aunque no se correspondan con la imagen, la descripción de las carreras femeninas durante las fiestas en honor a Hera, *Heraia*, ilustran la actividad deportiva de las jóvenes griegas.

Fig. 48. No duodécimo capítulo do seu primeiro libro, Mercuriale refírese á «ximnástica pura», «que forma parte da medicina, e preocúpase unicamente, mediante un uso mesurado dos exercicios, de procurar a saúde aos homes ou de conservala, ademais de lles permitir adquiriren unha boa constitución» (Trad. de Valderrábano segundo a edición de Agasse). A imaxe provén do libro III desta obra e ilústranos sobre diferentes exercicios con cordas

Fig. 48. En el duodécimo capítulo de su primer libro, Mercuriale se refiere a la «gimnástica pura», «que forma parte de la medicina, y se preocupa únicamente, mediante un uso mesurado de los ejercicios, de procurar la salud a los hombres o de conservarla, además de permitirles adquirir una buena constitución» (Trad. de Valderrábano según la edición de Agasse). La imagen proviene del libro III de esta obra y nos ilustra sobre diferentes ejercicios con cuerdas

Fig. 48. *Homes exercitándose coas cordas*
De arte gymnastica
Girolamo Mercuriale, 1588
Venecia
Imp. de Luca Antonio Giunta
Fonte: Biblioteca Xeral
Universidade de Santiago de Compostela

Fig. 48. *Hombres ejercitándose con cuerdas*
De arte gymnastica
Girolamo Mercuriale, 1588
Venecia
Imp. de Luca Antonio Giunta
Fuente: Biblioteca General
Universidad de Santiago de Compostela


FVNABVLI
HALTEROPHILI

Fig. 49. Tamén no terceiro libro do seu tratado, Mercuriale observa o exercicio feminino, segundo mostra a ilustración seguinte de varias mulleres usando dispositivos propios dos acróbatas como a randeeira (*oscellum*) e o trampolín (*petaurum*)

Fig. 49. También en el tercer libro de su tratado, Mercuriale observa el ejercicio femenino, según muestra la ilustración siguiente de varias mujeres usando artilugios propios de los acróbatas como el columpio (*oscellum*) y el trampolín (*petaurum*)

Fig. 49. *Mulleres con randeeira e trampolín*
De arte gymnastica...

Fig. 49. *Mujeres con columpio y trampolín*
De arte gymnastica…


OSCELLAE VEL PETAVRV̄

Fig. 50. *Os xogos consisten nunha competición de carreiras para raparigas. Non son todas da mesma idade, senón que corren en primeiro lugar as máis novas, en segundo lugar, as seguintes a estas en idade e, finalmente, as raparigas de máis idade. E corren desta maneira: o seu cabelo está solto, a túnica chégalles un pouco por encima do xeonllo, e mostran o ombreiro dereito ata o peito. Estas teñen tamén o estadio olímpico asignado para os xogos* [...] *Ás vencedoras danlles coroas de oliveira e unha parte dunha vaca sacrificada a Hera e poden ofrendar estatuas cunha inscrición* (Pausanias, *Descrición de Grecia*, v, 16, 2-3; trad. de Valderrábano segundo a ed. de Herrero Ingelmo)

Fig. 50. *Los juegos consisten en una competición de carreras para muchachas. No son todas de la misma edad, sino que corren en primer lugar las más jóvenes, en segundo lugar, las siguientes a éstas en edad y, finalmente, las muchachas de más edad. Y corren de esta manera: su cabello está suelto, la túnica les llega un poco por encima de la rodilla, y muestran el hombro derecho hasta el pecho. Éstas tienen también el estadio olímpico asignado para los juegos* […] *A las vencedoras les dan coronas de olivo y una parte de una vaca sacrificada a Hera y pueden ofrendar estatuas con una inscripción* (Pausanias, *Descripción de Grecia*, v, 16, 2-3; trad. de Herrero Ingelmo)

Fig. 50. *Moza correndo*
Figura de bronce
Autoría descoñecida, 520-500 a. C.
Prizren, Serbia
Museo Británico de Londres
Fonte: @ Caeciliusinhorto. Licenza CC. Wikipedia

Fig. 50. *Joven corriendo*
Figura de bronce
Autoría desconocida, 520-500 a. C.
Prizren, Serbia
Museo Británico de Londres
Fuente: @ Caeciliusinhorto. Licenza CC. Wikipedia



A alimentación do corpo é un dos aspectos máis importantes da vida pública e privada. Tanto na Antigüidade como durante a Idade Media era habitual atopar representacións de banquetes familiares en relevos, mosaicos e pinturas. En Roma o chamado *triclinium* era un dos espazos máis importantes dunha casa e da vida doméstica e os usos e costumes practicados nel estaban bastante codificados, incluída a orde en que se sentaba cada comensal. Tanto en Grecia como en Roma era habitual representar comidas e banquetes familiares mesmo nos sarcófagos e lousas funerarias. Parece un modo de lembrar aos membros da familia felices, nun momento de celebración compartido. Un modo de lembrar que a vida humana é tamén pracer e que non se pode deixar para despois da morte. Na seguinte figura (Fig. 51) vemos un relevo votivo grego dun sarcófago de mármore pentélico atopado en Eleusis, hoxe no Museo Arqueolóxico Nacional de Atenas. Representa un banquete funerario con deuses.

O consumo de viño nos banquetes gregos e a súa dilución con auga era controlado polo simposiarca, quen buscaba evitar a embriaguez dos seus invitados. Con todo, a arte antiga mostra exemplos de personaxes ebrios, como a copia romana dun mármore de período helenístico que representa unha anciá ebria (Fig. 52). A muller, coñecida como a «Vella borracha» abraza unha garrafa panzuda e entreabre a boca, configurando a imaxe explícita dunha borracheira.

Durante a Idade Media, o valor social e socializador dos banquetes foi tamén moi notorio. Nobres e reis celebraban banquetes como xesto de poder. En moitos manuscritos medievais aparecen ilustracións de banquetes con distintas motivacións. A de documentar, por exemplo, grandes acontecementos sociais e políticos, como vodas, pactos ou a organización de cruzadas, como é o caso do famoso Banquete do Faisán que deu Felipe o Bo de Borgoña o 17

La alimentación del cuerpo es uno de los aspectos más importantes de la vida pública y privada. Tanto en la Antigüedad como durante la Edad Media era habitual encontrar representaciones de banquetes familiares en relieves, mosaicos y pinturas. En Roma el llamado *triclinium* era uno de los espacios más importantes de una casa y de la vida doméstica y los usos y costumbres practicados en él estaban bastante codificados, incluido el orden en que se sentaba cada comensal. Tanto en Grecia como en Roma era habitual representar comidas y banquetes familiares incluso en los sarcófagos y losas funerarias. Parece un modo de recordar a los miembros de la familia felices, en un momento de celebración compartido. Un modo de recordar que la vida humana es también placer y que no se puede dejar para después de la muerte. En la siguiente figura (Fig. 51) vemos un relieve votivo griego de un sarcófago de mármol pentélico encontrado en Eleusis, hoy en el Museo Arqueológico Nacional de Atenas. Representa un banquete funerario con dioses.

El consumo de vino en los banquetes griegos y su dilución con agua era controlado por el *simposiarca*, quien buscaba evitar la embriaguez de sus invitados. Sin embargo, el arte antiguo muestra ejemplos de personajes ebrios, como la copia romana de un mármol de periodo helenístico que representa una anciana ebria (Fig. 52). La mujer, conocida como la «Vieja borracha» abraza una garrafa panzuda y entreabre la boca, configurando la imagen explícita de una borrachera.

Durante la Edad Media, el valor social y socializante de los banquetes fue también muy notorio. Nobles y reyes celebraban banquetes como gesto de poder. En muchos manuscritos medievales aparecen ilustraciones de banquetes con distintas motivaciones. La de documentar, por ejemplo, grandes acontecimientos sociales y políticos, como bodas, pactos o la organización de cruzadas, como es el caso del famoso Banquete del Faisán que dio Felipe el Bueno

de febreiro de 1454 en Lille. Crónicas da época falan dos espléndidos pratos, luxos e ostentacións deste banquete, incluída a extraordinaria música alí escoitada. Con todo, na seguinte ilustración (Fig. 53) vemos unha ilustración dunha comida con intención moralizante. Nela, ilústranse temáticas tratadas en *Le livre des vices et de vertus*, tamén coñecido como *La Somme le Roi*, do frade dominicano Laurent d'Orléans, confesor do rei Felipe III o Atrevido.

Na seguinte ilustración (Fig. 54) temos unha das ilustracións medievais da defecación, neste caso nin máis nin menos que a dun rei. Trátase do rei Saúl. A escena cóntase en 1 Samuel 24, 3: «E cando chegou a un curral de ovellas no camiño, onde había unha cova, entrou Saúl nela para cubrir os seus pés; e David e os seus homes estaban sentados nos recunchos da cova». «Cubrir un os seus pés» é un eufemismo hebreo para «defecar».

Nas casas humildes a xente conformábase co uso de bacíns, cuxo contido se arroxaba logo por unha fiestra. Tamén existían cubículos voados de madeira polos que tamén se atendía esta necesidade e, por suposto, nos lugares máis distinguidos, usábanse tamén latrinas, xeralmente de madeira tamén. Os retretes en forma de beiril de madeira eran moi habituais, como se pode observar neste detalle do famoso cadro de *Os proverbios holandeses* de Pieter Brueghel o Vello (Fig. 55).

Algo posterior é esta admirable e sinxela pintura de Annibale Carracci, coñecido como *Il Mangiafagioli* (Fig. 56), que representa a un campesiño comendo un prato de feixóns. Fronte a el, unha fogaza de pan, un pastel de verduras, unha copa de viño tinto e unha xerra de barro. O que podía ser unha comida habitual despois dunha xornada de traballo. Non sorprende ver ao campesiño asir un anaco de pan coa man esquerda: o pan era considerado un alimento esencial e un acompañante imprescindible de cada comida, exactamente como hoxe

de Borgoña el 17 de febrero de 1454 en Lille. Crónicas de la época hablan de los espléndidos platos, lujos y ostentaciones de este banquete, incluida la extraordinaria música allí escuchada. Sin embargo, en la siguiente ilustración (Fig. 53) vemos una ilustración de una comida con intención moralizante. En ella, se ilustran temáticas tratadas en *Le livre des vices et de vertus*, también conocido como *La Somme le Roi*, del fraile dominicano Laurent d'Orléans, confesor del rey Felipe III el Atrevido.

En la siguiente ilustración (Fig. 54) tenemos una de las ilustraciones medievales de la defecación, en este caso ni más ni menos que la de un rey. Se trata del rey Saúl. La escena se cuenta en 1 Samuel 24, 3: «Y cuando llegó a un redil de ovejas en el camino, donde había una cueva, entró Saúl en ella para cubrir sus pies; y David y sus hombres estaban sentados en los rincones de la cueva». «Cubrir uno sus pies» es un eufemismo hebreo para «defecar».

En las casas humildes la gente se conformaba con el uso de bacines, cuyo contenido se arrojaba luego por una ventana. También existían cubículos volados de madera por los que también se atendía esta necesidad y, por supuesto, en los lugares más distinguidos, se usaban también letrinas, generalmente de madera también. Los retretes en forma de voladizo de madera eran muy habituales, como se puede observar en este detalle del famoso cuadro de *Los proverbios holandeses* de Pieter Brueghel el Viejo (Fig. 55).

Algo posterior es esta admirable y sencilla pintura de Annibale Carracci, conocido como *Il Mangiafagioli* (Fig. 56), que representa a un campesino comiendo un plato de judías. Frente a él, una hogaza de pan, un pastel de verduras, una copa de vino tinto y una jarra de barro. Lo que podía ser una comida habitual después de una jornada de trabajo. No sorprende ver al campesino asir un trozo de pan con la mano izquierda: el pan era considerado un alimento esencial y un acompañante imprescindible de cada comida, exactamente como hoy en día. El pan aquí repre-

Fig. 51. De esquerda a dereita atopamos un escanciador preparando o viño, logo a Deméter, que está a ser coroada por Perséfone, e nel preséntase un deus, probablemente Dioniso, sostendo un corno ou ritón, acompañado por unha muller que sostén unha coroa. A mesa está disposta con comida. Segundo a inscrición no pé, o relevo foi dedicado por Lisímaco. O momento da bebida era o máis importante dos banquetes e adoitaba vir despois da comida, durante a cal nin se bebía nin se falaba. O momento en que se bebía era o momento no que se conversaba, facíanse discursos, debates e ata competicións

Fig. 51. De izquierda a derecha encontramos a un escanciador preparando el vino, luego a Deméter, que está siendo coronada por Perséfone, y en él se presenta a un dios, probablemente Dioniso, sosteniendo un cuerno o ritón, acompañado por una mujer que sostiene una corona. La mesa está dispuesta con comida. Según la inscripción al pie, el relieve fue dedicado por Lisímaco. El momento de la bebida era el más importante de los banquetes y solía venir después de la comida, durante la cual ni se bebía ni se hablaba. El momento en que se bebía era el momento en el que se conversaba, se hacían discursos, debates y hasta competiciones

Fig. 51. *Banquete*
Relieve votivo de Eleusis, Atenas
Autoría descoñecida, 350-320 a.C.
Museo Nacional Arqueolóxico de Atenas
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 51. *Banquete*
Relieve votivo de Eleusis, Atenas
Autoría desconocida, 350-320 a.C.
Museo Nacional Arqueológico de Atenas
Fuente: Dominio público. Wikipedia



Fig. 52. Non debía ser infrecuente a imaxe da anciá bébeda, tal e como expresa o epitafio de Marónide: «Xace aquí a vella esponxa de tallas, a beoda Marónide, sobre cuxa tumba hai unha copa ática ben visible a todos. Baixo terra xeme, mais non polos fillos nin o esposo a quen deixou na indixencia, senón só porque esta copa está baleira» (Leónidas, *Epigramas helenísticos*, VII, 455; trad. propia según edición de Fernández-Galiano)

Fig. 52. No debía ser infrecuente la imagen de la anciana bebida, tal y como expresa el epitafio de Marónide: «Yace aquí la vieja esponja de tinajas, la beoda Marónide, sobre cuya tumba hay una copa ática bien visible a todos. Bajo tierra gime, mas no por los hijos ni el esposo a quien dejó en la indigencia, mas sólo porque esta copa está vacía» (Leónidas, *Epigramas helenísticos*, VII, 455; trad. de Fernández-Galiano)

Fig. 52. *Vella bébeda*
Mármore
Copia romana de obra helenística
Museos Capitolinos de Roma
Fonte: Dominio público. Wikipedia Commons

Fig. 52. *Vieja borracha*
Mármol
Copia romana de obra helenística
Museos Capitolinos de Roma
Fuente: Dominio público. Wikipedia Commons



Fig. 53. Na parte de arriba desta ilustración, atopamos á esquerda unha representación da sobriedade coroada, mentres que á dereita atopamos a gula, representada por un home que regurxita o que comeu. Na parte de abaixo ilústrase a parábola evanxélica do home rico e o pobre Lázaro, excluído do copioso e luxoso banquete (Lucas xvi, 19-31)

Fig. 53. En la parte de arriba de esta ilustración, encontramos a la izquierda una representación de la sobriedad coronada, mientras que a la derecha encontramos la gula, representado por un hombre que regurgita lo que ha comido. En la parte de abajo se ilustra la parábola evangélica del hombre rico y el pobre Lázaro, excluido del copioso y lujoso banquete (Lucas xvi, 19-31)

Fig. 53.*O banquete*
Libro de vicios e virtudes (tradución provenzal)
Laurent d'Orléans, 1290
Manuscrito, Ms Additional 28162, f° 10v
Biblioteca Británica de Londres
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 53. *El banquete*
Libro de vicios y virtudes (traducción provenzal)
Laurent d'Orléans, 1290
Manuscrito, Ms Additional 28162, f° 10v
Biblioteca Británica de Londres
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons



Fig. 54. Nesa época, calquera lugar podía ser bo para satisfacer esta necesidade corporal, como neste caso unha cova. A imaxe provén da famosa Biblia dos Cruzados ou Biblia de Maciejowski, un manuscrito iluminado do Antigo Testamento con inscricións en latín, persa e xudeo-persa datado ca. 1240.

Fig. 54. En esa época, cualquier lugar podía ser bueno para satisfacer esta necesidad corporal, como en este caso una cueva. La imagen proviene de la famosa Biblia de los Cruzados o Biblia de Maciejowski, un manuscrito iluminado del Antiguo Testamento con inscripciones en latín, persa y judeo-persa datado ca. 1240.

Fig. 54. *O rei Saúl «cubrendo os seus pes»*
Biblia dos Cruzados, tamén coñecida como *Morgan Picture Bible*, *The Maciejowski Bible* e *The Shah 'Abbas Bible*
Miniatura, MS M. 638, fol. 33r. ca. 1240
París
Fonte: Biblioteca y Museo Morgan de Nuova York
https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Maciejowski_Bible_-_Morgan_Library_%26_Museum_MS_M.638,_fol._33r.jpg

Fig. 54. El *rey Saúl «cubriendo sus pies»*
Biblia de los Cruzados, también conocida como *Morgan Picture Bible, The Maciejowski Bible y The Shah 'Abbas Bible*
Miniatura, MS M. 638, fol. 33r. ca. 1240
París
Fuente: Biblioteca y Museo Morgan de Nueva York





Fig. 55. Neste caso, o proverbio ilustrado é *dat hangt als een schijthuis boven de gracht* [= iso colga como un retrete sobre unha quenlla], para significar algo que resulta obvio.

Fig. 55. Detalle do cadro *Os proverbios holandeses*
Pieter Brueghel o Vello, 1559
Óleo sobre lenzo
Gemäldegalerie
Museos Estatais de Berlín
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 55. En este caso, el proverbio ilustrado es *dat hangt als een schijthuis boven de gracht* [= *eso cuelga como un retrete sobre una acequia*], para significar algo que resulta obvio.

Fig. 55. Detalle del cuadro *Los proverbios holandeses*
Pieter Brueghel el Viejo, 1559
Óleo sobre lienzo
Gemäldegalerie
Museos Estatales de Berlín
Fuente: Dominio público. Wikipedia

en día. O pan aquí representado parece de boa calidade. Lembremos o dito polo entón recentemente nomeado bispo de Mondoñedo Antonio de Guevara en *Menosprecio de corte y alabanza de aldea* (1539) (ver en páx. 324, fig. 56)

Os coidados do corpo foron un tema específico da medicina tanto na Antigüidade como nas épocas posteriores. Un libro clave de remedios para os coidados dos enfermos e os tratamentos das doenzas foi o famoso *Régime du Corps*, un libro de hixiene e medicina debido ao médico italiano Aldobrandín de Siena (morto en 1299), quen o escribe en francés, lingua entón vehicular para os tratados e crónicas, ademais do latín. Na imaxe (Fig. 57) vemos a alguén intentando curarse as súas doenzas co consabido tratamento a partir de samesugas. No seu tratado, Aldobrandín explica o modo de diferenciar as samesugas, segundo os consellos do médico árabe Avicena.

Na seguinte imaxe (Fig. 58) vemos representado o momento en que un dentista, que normalmente non era alguén con estudos de medicina, senón moitas veces alguén que se especializara na extracción de moas e nalgúns outros remedios, saca unha moa picada a un paciente. O cadro, coñecido como *O charlatán sacamoas*, é un retrato de grupo que ilustra como de concorridas podían ser estas escenas cotiás.

sentado parece de buena calidad. Recordemos lo dicho por el entonces recién nombrado obispo de Mondoñedo Antonio de Guevera en Menosprecio de corte y alabanza de aldea (1539) (ver pág. 324 y fig. 56).

Los cuidados del cuerpo fueron un tema específico de la medicina tanto en la Antigüedad como en las épocas posteriores. Un libro clave de remedios para los cuidados de los enfermos y los tratamientos de las dolencias fue el famoso *Régime du Corps*, un libro de higiene y medicina debido al médico italiano Aldobrandín de Siena (muerto en 1299), quien lo escribe en francés, lengua entonces vehicular para los tratados y crónicas, además del latín. En la imagen (Fig. 57) vemos a alguien intentando curarse sus dolencias con el consabido tratamiento a partir de sanguijuelas. En su tratado, Aldobrandín explica el modo de diferenciar las sanguijuelas, según los consejos del médico árabe Avicena.

En la siguiente imagen (Fig. 58) vemos representado el momento en que un dentista, que normalmente no era alguien con estudios de medicina, sino muchas veces alguien que se había especializado en la extracción de muelas y en algunos otros remedios, saca una muela picada a un paciente. El cuadro, conocido como *El charlatán sacamuelas*, es un retrato de grupo que ilustra cómo de concurridas podían ser estas escenas cotidianas.

Fig. 56. *É privilexio de aldea que quen more nela teña fariña para peneirar, artesa para amasar e forno para cocer, do cal privilexio non se goza na corte nin nas grandes vilas, onde de necesidade compran o pan que é duro, ou sen sal, ou negro ou mal levedado, ou avinagrado, ou mal cocido ou queimado, ou afumado, ou recente, ou mollado, ou insípido ou húmedo; por maneira que están magoados do pan que compraron e do diñeiro que por iso deron. Non é así, por certo, na aldea, onde comen o pan de trigo candeal, moído en bo muíño, peneirado moi de vagar, pasado por tres peneiras, cocido en forno grande, tenro do día de antes, amasado con boa auga, branco como a neve e mol como esponxa.*

Fig. 56: *Es privilegio de aldea que el que morare en ella tenga harina para cerner, artesa para amasar y horno para cocer, del cual privilegio no se goza en la corte ni en los grandes pueblos, a do de necesidad compran el pan que es duro, o sin sal, o negro o mal lludido, o avinagrado, o mal cocho, o quemado, o ahumado, o reciente, o mojado, o desazonado, o húmero; por manera que están lastimados del pan que compraron y del dinero que por ello dieron. No es así, por cierto, en la aldea, a do comen el pan de trigo candeal, molido en buen molino, ahechado muy despacio, pasado por tres cedazos, cocido en horno grande, tierno del día de antes, amasado con buena agua, blanco como la nieve y fofo como esponja.*

Fig. 56. *O comefeixóns*
Annibale Carraci, 1584-1585
Roma
Óleo sobre lenzo
Galería Colonna de Roma
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 56. *El comejudías*
Annibale Carraci, 1584-1585
Roma
Óleo sobre lienzo
Galería Colonna de Roma
Fuente: Dominio público. Wikipedia



Fig. 57. *Di que as que teñen cabezas gordas e unha cor entre negro e verde, son lesmas* [...] *e as que viven en charcas, desas débese gardarse, debido ás febres, abscesos, chagas, desfalecementos e debilidade de membros. As que son boas son as que viven en auga corrente* [...] *as que teñen cor escura* [...] *de cor vermella, e teñen a cabeza pequena, e son parecidas á cola do rato. Pero as que mellor valen son aquelas que teñen o ventre vermello e son verdes por detrás, pero que estean en auga corrente: esas son as mellores* (Trad. de Valderrábano segundo a edición de Landouzy e Roger).

Fig. 57. *Dice que las que tienen cabezas gordas y un color entre negro y verde, son babosas,* […] *y las que viven en charcas, de esas se debe guardarse, debido a las fiebres, abscesos, llagas, desfallecimientos y debilidad de miembros. Las que son buenas son las que viven en agua corriente* […] *las que tienen color oscuro* […] *de color rojo, y tienen la cabeza pequeña, y son parecidas a la cola del ratón. Pero las que mejor valen son aquellas que tienen el vientre rojo y son verdes por la espalda, pero que estén en agua corriente: esas son las mejores* (Trad. de Valderrábano según la edición de Landouzy y Roger).

Fig. 57. *Tratamento con samesugas*
Régime du Corps. Cap. 12.
MS M.0165 fol. 26r., Ruan
Aldobrandín de Siena, 1440-1450
Museo da Biblioteca Morgan de Nova York

Fig. 57. *Tratamiento con sanguijuelas*
Régime du Corps. Cap. 12.
MS M.0165 fol. 26r., Rouen
Aldobrandín de Siena, 1440-1450
Museo de la Biblioteca Morgan de Nueva York



Fig. 58. O sacamoas móstrase ante os demais como alguén con experiencia, no que cabe confiar: véxase o seu colar de dentes no pescozo.

Fig. 58. El sacamuelas se muestra ante los demás como alguien con experiencia, en el que cabe confiar: véase su collar de dientes en el cuello.

Fig. 58. Theodoor Rombouts, *O charlatán sacamoas*, 1620-1625
Óleo sobre lenzo, 118 x 223 cm (P001635)
Madrid, Museo Nacional do Prado
Fonte: ©Archivo Fotográfico del Museo Nacional del Prado

Fig. 58. Theodoor Rombouts, *El charlatán sacamuelas* 1620-1625
Óleo sobre lienzo, 118 x 223 cm (P001635)
Madrid, Museo Nacional del Prado
Fuente: ©Archivo Fotográfico del Museo Nacional del Prado



O corpo político
El cuerpo político

O corpo tamén foi utilizado como metáfora política. A imaxe teolóxica do corpo místico de Cristo para describir a comunidade da Igrexa cristiá católica, con Cristo-Deus como a súa cabeza divina e o Papa como cabeza terreal (cada crente é, por tanto, parte deste corpo místico na fe e no bautismo), transfírese á estrutura do poder secular na figura do soberano. É o rei como representante de Cristo no estado. O rei era visto mesmo como dotado dun poder sanador. A analoxía rei-cabeza do estado está en múltiples tratados medievais e a analoxía é transferida a outros elementos centrais da anatomía, como o corazón ou o sangue. Georges Vigarello cre que un punto decisivo neste xurdimento da metáfora do corpo político é a disputa de Felipe IV de Francia e o papa Bonifacio VIII en 1302. Produto desta contenda entre o poder relixioso e o estado foi a bula *Unam sanctam* promulgada o 18 de novembro de 1302 e en cuxo *incipit* se afirma: «Fóra da Igrexa non hai salvación nin remisión de pecados. Ela representa o Corpo místico de Cristo, un corpo cuxa cabeza é Cristo». A partir deste momento comeza a facerse común a expresión «corpo do reino». Séculos máis tarde, Lois XIV chegou a dicir: «Debemos pensar no ben dos nosos súbditos moito máis que no noso propio. Parece que forme parte de nós mesmos, posto que somos a cabeza dun corpo do que eles son os membros». Esta imaxe do estado composto de innumerables cabezas é recollida graficamente por Hobbes no seu tratado político *Leviatán* (a fig. 59 mostra o seu frontispicio).

El cuerpo también ha sido utilizado como metáfora política. La imagen teológica del cuerpo místico de Cristo para describir la comunidad de la Iglesia cristiana católica, con Cristo-Dios como su cabeza divina y el Papa como cabeza terrenal (cada creyente es, por tanto, parte de este cuerpo místico en la fe y en el bautismo), se transfiere a la estructura del poder secular en la figura del soberano. Es el rey como representante de Cristo en el estado. El rey era visto incluso como dotado de un poder sanador. La analogía rey-cabeza del estado está en múltiples tratados medievales y la analogía es transferida a otros elementos centrales de la anatomía, como el corazón o la sangre. Georges Vigarello cree que un punto decisivo en este surgimiento de la metáfora del cuerpo político es la disputa de Felipe IV de Francia y el papa Bonifacio VIII en 1302. Producto de esta contienda entre el poder religioso y el estado fue la bula *Unam sanctam* promulgada el 18 de noviembre de 1302 y en cuyo *incipit* se afirma: «Fuera de la Iglesia no hay salvación ni remisión de pecados. Ella representa el Cuerpo místico de Cristo, un cuerpo cuya cabeza es Cristo». A partir de este momento comienza a hacerse común la expresión «cuerpo del reino». Siglos más tarde, Luis XIV llegó a decir: «Debemos pensar en el bien de nuestros súbditos mucho más que en el nuestro propio. Parece que forme parte de nosotros mismos, puesto que somos la cabeza de un cuerpo del que ellos son los miembros». Esta imagen del estado compuesto de innumerables cabezas es recogida gráficamente por Hobbes en su tratado político *Leviatán* (la fig. 59 muestra su frontispicio):

A idea do corpo místico de Cristo é transformada no corpo místico do reino, co soberano como cabeza dos seus súbditos, detentando un poder absoluto mesmo sobre a propia igrexa. Os lexisladores ingleses do século XVI falaban dos dous corpos do rei para referirse ao corpo perecedoiro, suxeito ás paixóns e á morte, por unha banda, e ao corpo do rei como corpo político imperecedoiro. Corpo desprovisto de vellez e non suxeito ás paixóns terreas. A seguinte imaxe (Fig. 60) ilustra novamente esta metáfora corpo-política. O corpo do rei é a encarnación física do goberno. Distintas partes de corpo correspóndense con funcións e cargos de distintas clases sociais e institucións gobernamentais. A cabeza é o principio reitor, a autoridade real, mentres que os xuíces, alguacís e prebostes son os ollos e oídos, os conselleiros, o corazón, os mercadores, as pernas, os campesiños, os pés.

Por outra parte, a fábula de Menenio Agripa é probablemente a versión máis antiga coñecida da metáfora do corpo político. Di que, se os distintos órganos do corpo non colaboran entre si, acabarán morrendo todos de fame e que o mesmo lles sucederá ás distintas partes da comunidade política. Recóllena Livio (*Historia de Roma*, II, 32-33) e Plutarco (*Vida de Coriolano*, 6), do cal a tomou Shakespeare para o seu *Coriolano*. Hai outras versións que acabaron incorporadas nos *Aesiopica*, de onde procede a ilustración 61.

A rebelión dunha parte do corpo político e social é evocada na historia de San Mauricio. O santo negro era o comandante da «lexión tebana», chamada así por estar formada por soldados coptos orixinarios de Tebas. Segundo conta a lenda, no ano 280 d.C., el e os seus oficiais negáronse a render culto ao emperador nunha cerimonia pagá, polo cal foron executados e convertidos así en mártires, como recolle Xacobe da Voráxine na súa célebre *Lenda Dourada*. O emperador e os seus soldados aparecen, así, disgregados da propia comunidade.

La idea del cuerpo místico de Cristo es transformada en el cuerpo místico del reino, con el soberano como cabeza de sus súbditos, detentando un poder absoluto incluso sobre la propia iglesia. Los legisladores ingleses del siglo XVI hablaban de los dos cuerpos del rey para referirse al cuerpo perecedero, sujeto a las pasiones y a la muerte, por un lado, y al cuerpo del rey como cuerpo político imperecedero. Cuerpo desprovisto de vejez y no sujeto a las pasiones terrenales. La siguiente imagen (Fig. 60) ilustra nuevamente esta metáfora cuerpo-política. El cuerpo del rey es la encarnación física del gobierno. Distintas partes de cuerpo se corresponden con funciones y cargos de distintas clases sociales e instituciones gubernamentales. La cabeza es el principio rector, la autoridad real, mientras que los jueces, alguaciles y prebostes son los ojos y oídos, los consejeros, el corazón, los mercaderes, las piernas, los campesinos, los pies.

Por otra parte, la fábula de Menenio Agripa es probablemente la versión más antigua conocida de la metáfora del cuerpo político. Dice que, si los distintos órganos del cuerpo no colaboran entre sí, acabarán muriendo todos de hambre y que lo mismo les sucederá a las distintas partes de la comunidad política. La recogen Livio (*Historia de Roma,* II, 32-33) y Plutarco (*Vida de Coriolano*, 6), del cual la tomó Shakespeare para su *Coriolano*. Hay otras versiones que acabaron incorporadas en los *Aesiopica*, de donde procede la ilustración 61.

La rebelión de una parte del cuerpo político y social es evocada en la historia de San Mauricio. El santo negro era el comandante de la «legión tebana», llamada así por estar formada por soldados coptos originarios de Tebas. Según cuenta la leyenda, en el año 280 d.C., él y sus oficiales se negaron a rendir culto al emperador en una ceremonia pagana, por lo cual fueron ejecutados y convertidos así en mártires, como recoge Jacobo de la Vorágine en su célebre *Leyenda Dorada*. El emperador y sus soldados aparecen, así, disgregados de la propia comunidad.

Fig. 59. *Pois mediante a arte créase ese gran Leviatán que se chama unha república ou Estado (*Civitas*, en latín), e que non é senón un home artificial, aínda que de estatura e forza superiores ás do natural, para cuxa protección e defensa foi pensado. Alí a soberanía é unha alma artificial que dá forza e movemento ao corpo enteiro; os maxistrados e outros funcionarios de xudicatura e execución son as articulacións; a recompensa e o castigo fan as funcións dos nervios no corpo natural, anudando ao trono da soberanía cada articulación e cada membro, de tal maneira que todos sexan movidos a realizar a súa tarefa; a opulencia e as riquezas de todos os membros particulares son a forza; a* salus populi *(a seguridade do pobo), os seus negocios; os conselleiros, grazas aos cales lle son suxeridas todas cantas cousas precisa saber, son a memoria; a equidade e as leis son unha razón e unha vontade artificial; a concordia, saúde; a sedición, enfermidade, e a guerra civil, morte. Por último, os pactos e convenios, mediante os cales se fixeron, conxuntaron e unificaron no comezo as partes do corpo político, aseméllanse a ese* Fiat *ou ao* fagamos o home *pronunciado por Deus na Creación* (Hobbes, *Leviatán*, Introdución, ed. preparada por Carlos Moya e Antonio Escohotado, Madrid: Editora Nacional, 19802, pp. 117-118).

Fig. 59. *Pues mediante el Arte se crea ese gran Leviatán que se llama una república o Estado* (Civitas*, en latín), y que no es sino un hombre artificial, aunque de estatura y fuerza superiores a las del natural, para cuya protección y defensa fue pensado. Allí la soberanía es un alma artificial que da fuerza y movimiento al cuerpo entero; los magistrados y otros funcionarios de judicatura y ejecución son las articulaciones; la recompensa y el castigo hacen las funciones de los nervios en el cuerpo natural, anudando al trono de la soberanía cada articulación y cada miembro, de tal manera que todos sean movidos a realizar su tarea; la opulencia y las riquezas de todos los miembros particulares son la fuerza; la* salus populi *(la seguridad del pueblo), sus negocios; los consejeros, gracias a los cuales le son sugeridas todas cuantas cosas precisa saber, son la memoria; la equidad y las leyes son una razón y una voluntad artificial; la concordia, salud; la sedición, enfermedad, y la guerra civil, muerte. Por último, los pactos y convenios, mediante los cuales se hicieron, conjuntaron y unificaron en el comienzo las partes del cuerpo político, se asemejan a ese* Fiat *o al* hagamos el hombre *pronunciado por Dios en la Creación* (Hobbes, *Leviatán*, Introducción, ed. preparada por Carlos Moya y Antonio Escohotado, Madrid: Editora Nacional, 1980[2], pág. 117-118).

Fig. 59. Frontispicio do *Leviatán*
Thomas Hobbes, 1651
Ilustración
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 59. Frontispicio del *Leviatán*
Thomas Hobbes, 1651
Ilustración
Fuente: Dominio público. Wikipedia


Non est potestas Super Terram quae Comparetur ei Iob. 41. 24.
LEVIATHAN
Or
THE MATTER, FORME
and POWER of A COMMON-
WEALTH ECCLESIASTICALL
and CIVIL.
By THOMAS HOBBES
of MALMESBURY.
London
Printed for Andrew Crooke
1651.

Fig. 60. Toda unha mitoloxía do goberno é a que xorde aquí, a cal veu fundamentar a politoloxía do Antigo Réxime. Non só iso. Atopamos que este tipo de analoxías tamén están presentes noutras culturas e épocas, como en Oriente.

Fig. 60. Toda una mitología del gobierno es la que surge aquí, la cual ha venido a fundamentar la politología del Antiguo Régimen. No solo eso. Encontramos que este tipo de analogías también están presentes en otras culturas y épocas, como en Oriente.

Fig. 60. *Metáfora do corpo político*
Autoría descoñecida, s. XIV
Manuscrito iluminado
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 60. *Metáfora del cuerpo político*
Autoría desconocida, s. XIV
Manuscrito iluminado
Fuente: Dominio público. Wikipedia


faire iustice par sage attremprance
Cy nous dit
Ie suis dieu
Ie suis
Ie suis
Ie suis

Fig. 61. Segundo conta Tito Livio (*Historia de Roma*, II, 32; trad. propia de Villar Vidal), Menenio Agripa falou así á plebe: «O estómago, tan tranquilo alí no medio, non tiña outra cousa que facer máis que gozar de todos os praceres que se lle proporcionaban»

Fig. 61. Según cuenta Tito Livio (*Historia de Roma*, II, 32; trad. de Villar Vidal), Menenio Agripa habló así a la plebe: «El estómago, tan tranquilo allí en medio, no tenía otra cosa que hacer más que disfrutar de todos los placeres que se le proporcionaban»

Fig. 61. *O ventre e os membros*
Fábulas de Esopo (versión de John Ogilbys, 1668)
Ilustración de Wenceslas Hollar
Colección Thomas Fisher Rare Book Library
Wenceslas Hollar Digital Collection, num. P368
Universidade de Toronto
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 61. *El vientre y los miembros*
Fábulas de Esopo (versión de John Ogilbys, 1668)
Ilustración de Wenceslas Hollar
Colección Thomas Fisher Rare Book Library
Wenceslas Hollar Digital Collection, num. P368
Universidad de Toronto
Fuente: Dominio público. Wikipedia


47

Fig. 62. A escultura de san Mauricio conservada (de xeito incompleto) na catedral de Magdeburgo data aproximadamente do ano 1250. O templo, unha das primeiras catedrais góticas de Alemaña, está consagrado a san Mauricio e santa Catalina e garda esta imaxe, unha das primeiras representacións dun home de raza negra na arte occidental.

Fig. 62. La escultura de san Mauricio conservada (de manera incompleta) en la catedral de Magdeburgo data aproximadamente del año 1250. El templo, una de las primeras catedrales góticas de Alemania, está consagrado a san Mauricio y santa Catalina y alberga esta imagen, una de las primeras representaciones de un hombre de raza negra en el arte occidental.

Fig. 62. *San Mauricio*
Escultura
Catedral de Magdeburgo, s. XIII
Saxonia-Anhalt, Alemania
Fonte: Dominio Público

Fig. 62. *San Mauricio*
Escultura
Catedral de Magdeburgo, s. XIII
Sajonia-Anhalt, Alemania
Fuente: Dominio Público



Corpo grotesco, corpo transformado, corpo teratolóxico

Cuerpo grotesco, cuerpo transformado, cuerpo teratológico

Por último, o corpo deforme, o corpo deformado, sometido ás transformacións e metamorfoses que son concibidas normalmente como castigos, naturais ou divinos. O corpo monstruoso, enxendrado pola natureza ou pola imaxinación do home. O monstro, entendido como parte do marabilloso e o estraño, ás veces, como unha maldición diabólica excluído das criaturas creadas por Deus, vai dando paso á necesidade do seu estudo por parte da ciencia.

> A historia da teratoloxía mostra, pois, como esta interpretación relixiosa da aparición monstruosa se foi secularizando pouco e pouco, dando lugar a unha sede insaciable do insólito, o irregular e o raro. Unha auténtica epidemia de monstruosidades estendeuse por Europa, sobre todo en Italia e en Alemaña, cara a finais do século xv e principios do xvi, propagada polos desenvolvementos tecnolóxicos da imprenta e estimulada por un espertar da mirada curiosa. Mentres os monstros abandonan as marxes do mundo coñecido para invadir o seu centro, unha curiosidade febril empuxa os círculos doutos a reunir relatos e imaxes de monstros nos tratados de Rueff, Lycostenes, Boaistuau ou Paré e a poboar os primeiros gabinetes de curiosidades de organismos monstruosos (Jean-Jacques Courtine en «O corpo inhumano», cap. 6 de *Historia do corpo*, vol. 1, Taurus, 2005).

As imaxes estudadas por Baltrusaitis e Claude Kappler dan paso ás curiosidades da natureza das *Wunderkammer* e gabinetes dos séculos xvi e xvii, inmediatos antecesores das coleccións

Por último, el cuerpo deforme, el cuerpo deformado, sometido a las transformaciones y metamorfosis que son concebidas normalmente como castigos, naturales o divinos. El cuerpo monstruoso, engendrado por la naturaleza o por la imaginación del hombre. El monstruo, entendido como parte de lo maravilloso y lo extraño, a veces, como una maldición diabólica excluido de las criaturas creadas por Dios, va dando paso a la necesidad de su estudio por parte de la ciencia.

> La historia de la teratología muestra, pues, cómo esta interpretación religiosa de la aparición monstruosa se fue secularizando poco a poco, dando lugar a una sed insaciable de lo insólito, lo irregular y lo raro. Una auténtica epidemia de monstruosidades se extendió por Europa, sobre todo en Italia y en Alemania, hacia finales del siglo xv y principios del xvi, propagada por los desarrollos tecnológicos de la imprenta y estimulada por un despertar de la mirada curiosa. Mientras los monstruos abandonan los márgenes del mundo conocido para invadir su centro, una curiosidad febril empuka a los círuclos docts a reunir relatos e imágenes de monstruos en los tratados de Rueff, Lycostenes, Boaistuau o Paré y a poblar los primeros gabinetes de curiosidades de organismos monstruosos (Jean-Jacques Courtine en «El cuerpo inhumano», cap. 6 de *Historia del cuerpo*, vol. 1, Taurus, 2005)

Las imágenes estudiadas por Baltrusaitis y Claude Kappler dan paso a las curiosidades de la naturaleza de las *Wunderkammer* y gabinetes

de historia natural e espécimes dos séculos xviii e xix, como a do museo patolóxico-anatómico de Viena do Narrenturm. O desafío a Deus e á creación transfórmase no desafío á ciencia.

O médico, filósofo e astrónomo italiano, amigo de Galileo, Fortunio Liceti (1577-1657) é autor de importantes tratados de medicina e filosofía natural, pero é particularmente destacable aquí polo seu *De monstrorum causis, natura et differentiis* (Padua 1616), do que aquí pode verse unha imaxe (Fig. 64). Liceti sempre favorece explicacións naturais causais para todo o catálogo de monstruosidades ilustradas e dá a súa propia definición do monstro:

A arte barroca ofrécenos outra imaxe dun corpo «monstruoso» da época, debido, nesta ocasión, a un posible caso de hirsutismo (crecemento do vello na muller): Magdalena Ventura, a muller barbuda retratada por Ribera en 1631 (Fig. 65). O impacto visual da cara masculina da modelo contrasta coa súa vestimenta feminina e, sobre todo, cun dos principais atributos da feminidade e a maternidade: o seo. Magdalena mostra o seu peito espido xunto ao seu fillo lactante incrementando, así, o asombro do público, que pode ler na inscrición latina de título «Un gran milagre da natureza», *En magnu natura miraculus*, pintada xunto á figura de Magdalena o caso da muller.

No extenso poema mitolóxico titulado *Metamorfose*, o autor latino Publio Ovidio Nasón embárcase na aventura de narrar a mutación das formas humanas en novos corpos, un proceso promovido polos deuses, como castigo ou salvación, que dá como resultado unha nova natureza que procede do cambio. A través de imaxes, habitantes dos libros, desde a Idade Media quedou constancia destas metamorfoses. Con todo, a figuración só puido representala por medio da hibridación, mostrando os extremos do cambio no momento do encontro dos dous corpos implicados: o de orixe e o que resulta da transformación. As edicións do poema ilustra-

de los siglos xvi y xvii, inmediatos antecesores de las colecciones de historia natural y especímenes de los siglos xviii y xix, como la del museo patológico-anatómico de Viena del *Narrenturm*. El desafío a Dios y a la creación se transforma en el desafío a la ciencia.

El médico, filósofo y astrónomo italiano, amigo de Galileo, Fortunio Liceti (1577-1657) es autor de importantes tratados de medicina y filosofía natural, pero es particularmente destacable aquí por su *De monstrorum causis, natura et differentiis* (Padua 1616), del que aquí puede verse una imagen (Fig. 64). Liceti siempre favorece explicaciones naturales causales para todo el catálogo de monstruosidades ilustradas y da su propia definición del monstruo:

El arte barroco nos ofrece otra imagen de un cuerpo «monstruoso» de la época, debido, en esta ocasión, a un posible caso de hirsutismo (crecimiento del vello en la mujer): Magdalena Ventura, la mujer barbuda retratada por Ribera en 1631 (Fig. 65). El impacto visual de la cara masculina de la modelo contrasta con su vestimenta femenina y, sobre todo, con uno de los principales atributos de la femineidad y la maternidad: el seno. Magdalena muestra su pecho desnudo junto a su hijo lactante incrementando, así, el asombro del público, que puede leer en la inscripción latina de título «Un gran milagro de la naturaleza», *En magnu natura miraculus*, pintada junto a la figura de Magdalena el caso de la mujer.

En el extenso poema mitológico titulado *Metamorfosis*, el autor latino Publio Ovidio Nasón se embarca en la aventura de narrar la mutación de las formas humanas en nuevos cuerpos, un proceso promovido por los dioses, como castigo o salvación, que da como resultado una nueva naturaleza que procede del cambio. A través de imágenes, habitantes de los libros, desde la Edad Media quedó constancia de estas metamorfosis. Sin embargo, la figuración solo pudo representarla por medio de la hibridación, mostrando los extremos del cambio en el momento del encuen-

Fig. 63. Leonardo viu no estudo das caras grotescas e das deformidades unha oportunidade para fixarse en detalles naturais e cotiáns, moito máis que para adoptar un xuízo moralizante ou por divertimento

Fig. 63. Leonardo vio en el estudio de las caras grotescas y de las deformidades una oportunidad para fijarse en detalles naturales y cotidianos, mucho más que para adoptar un juicio moralizante o por divertimento

Fig. 63. *Catro cabezas grotescas de perfil esquerdo*
Gravado
Wenceslaus Hollard, a partir de debuxos de Leonardo da Vinci, 1644-1652
Museo Metropolitano de Nova York
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 63. *Cuatro cabezas grotescas de perfil izquierdo*
Grabado
Wenceslaus Hollard, a partir de dibujos de Leonardo da Vinci, 1644-1652
Museo Metropolitano de Nueva York
Fuente: Dominio público. Wikipedia


Leonardo da Vinci inv.
W. Hollar fecit.

Fig. 64. *O monstro é un ser vivo subceleste, provocando entre os espectadores o horror e o asombro pola constitución viciosa dos seus membros, producíndose raramente e sendo procreado en virtude dun plan secundario da natureza, debido a algún impedimento nas causas da súa orixe* (*De la nature, des causes, de différences des monstres, Libro* I; trad. de Valderrábano).

Fig. 64. *El monstruo es un ser vivo subceleste, provocando entre los espectadores el horror y el asombro por la constitución viciosa de sus miembros, produciéndose raramente y siendo engendrado en virtud de un plan secundario de la naturaleza, debido a algún impedimento en las causas de su origen* (*De la nature, des causes, des différences des monstres, Libro* I; trad. de Valderrábano).



Fig. 64. *Monocéfalo e bicéfalo*
De monstrorum causis, natura et differentiis
Libro dixitalizado
Fortunio Liceti, 1616
Padua
Fonte: Archive.org

Fig. 64. *Monocéfalo y bicéfalo*
De monstrorum causis, natura et differentiis
Libro digitalizado
Fortunio Liceti, 1616
Padua
Fuente: Archive.org


MD.F.
Eidem Chroniſtæ Terracinæ pueri trigemini edi

Fig. 65. Aos 37 anos e tras ter tres fillos do seu marido, Felici de Amici, creceulle a barba, segundo se observa no retrato realizado aos 52 anos

Fig. 65. A los 37 años y tras haber tenido tres hijos de su marido, Felici de Amici, le creció la barba, según se observa en el retrato realizado a los 52 años.

Fig. 65. *A muller barbuda*
José de Ribera, 1631
Óleo sobre lenzo
Museo Fundación Duque de Lerma
Toledo
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 65. *La mujer barbuda*
José de Ribera, 1631
Óleo sobre lienzo
Museo Fundación Duque de Lerma
Toledo
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons


EN MAGNVM NATVRÆ
MIRACVLVM

das con miniaturas, como o manuscrito de Ruan do século XIV (Fig. 66) ou as edicións impresas que se produciron a partir do século XV (Fig. 67) ata o século XIX, expoñen de forma visual estes híbridos que intentan dar conta do proceso de substitución de corpos humanos por corpos animais. En ocasións, os novos corpos conservan evidencias da humanidade perdida, como as bágoas que verte o impresionante cervo en que se viu convertido Acteón, o desgraciado cazador castigado pola deusa Diana (Fig. 68).

Tamén a escultura de Bernini do século XVII (Fig. 69) mostra maxistralmente a transformación da ninfa Dafne en loureiro, fuxindo da agresión de Apolo.

O relato da desventurada pertence á tradición mitolóxica grega, que lle dá o seu nome, Δάφνη, pola planta aromática. O poeta Partenio de Nicea, do século I a. C., relata na súa obra *Sufrimentos de amor* as desgrazas desta moza cazadora, grata á deusa Artemis e esquiva cos amores masculinos, incluídos os divinos. A narración describe a escena da persecución:

> Dafne, vendo que Apolo se dispoñía a asediala, fuxiu con gran resolución. Mentres o deus a perseguía, ela suplicoulle a Zeus que a desterrase da humanidade. E, segundo se conta, transformouse na árbore que, por ela, se chama *dafne* (Partenio, *Sufrimentos de amor*, XV; trad. Navarro e Melero, Gredos: 1981).

A moza implora pola súa salvación, e o seu clamor de axuda é escoitado. Unha vez máis, Ovidio constrúe maxistralmente a violenta transformación e o destino da ninfa, sempre canda o deus:

> Apenas rematou a súa súplica, un intenso torpor apoderouse dos seus membros, unha fina cortiza rodeaba o seu brando peito, o seu cabelo convertíase en follas, os seus brazos en pólas; os seus pés, tan rápidos hai só uns instantes, estatro de los dos cuerpos implicados: el de origen y el que resulta de la transformación. Las ediciones del poema ilustradas con miniaturas, como el manuscrito de Rouen del siglo XIV (Fig. 66) o las ediciones impresas que se produjeron a partir del siglo XV (Fig. 67) hasta el siglo XIX, exponen de forma visual estos híbridos que intentan dar cuenta del proceso de sustitución de cuerpos humanos por cuerpos animales. En ocasiones, los nuevos cuerpos conservan evidencias de la humanidad perdida, como las lágrimas que vierte el impresionante ciervo en que se vio convertido Acteón, el desgraciado cazador castigado por la diosa Diana (Fig. 68).

También la escultura de Bernini del siglo XVII (Fig. 69) muestra magistralmente la transformación de la ninfa Dafne en laurel, huyendo de la agresión de Apolo.

El relato de la infortunada pertenece a la tradición mitológica griega, que le da su nombre, Δάφνη, por la planta aromática. El poeta del siglo I a. C., Partenio de Nicea, cuenta en su obra *Sufrimientos de amor* las desdichas de esta joven cazadora, grata a la diosa Ártemis y esquiva con los amores masculinos, incluidos los divinos. La narración describe la escena del hostigamiento:

> Dafne, por su parte, al ver que Apolo se disponía a asediarla, se dio a la fuga con gran resolución. Como la siguiera el dios, rogó a Zeus que la apartara del género humano. Y, según cuentan, se convirtió en el árbol que, por ella, se llama *dafne* (Partenio, *Sufrimientos de amor*, XV; trad. de Navarro y Melero, Gredos: 1981).

La joven ruega por su salvación y su grito de ayuda es escuchado. De nuevo, Ovidio construye con maestría la violenta transformación y el destino de la ninfa, siempre junto al dios:

> Apenas terminada la súplica, un intenso torpor se apodera de sus miembros, una tenue corteza rodea su blando pecho, los cabellos se le convier-

ban arraigados por raíces inmóviles, a coroa substituía o seu rostro; só alí permaneceu o seu resplandor [...] O deus díxolle: «Xa que non podes ser a miña esposa, polo menos serás a miña árbore; contigo, loureiro, adornarei sempre o meu cabelo, contigo a miña cítara, contigo a miña alxaba; acompañarás os caudillos do Lacio cando a voz xubilosa grite triunfo e o Capitolio requira grandes comitivas. Gardián fielísimo, estarás diante da porta, no limiar de Augusto, e protexerás a coroa de follas de carballo que está no seu centro; e así como a miña cabeza é xuvenil polo seu cabelo sen cortar, ti sempre levarás follas perennes como adorno». Rematou Peán (Apolo); o loureiro asentiu coas súas pólas recentemente adquiridas e pareceu axitar a súa coroa coma se fose a súa cabeza (Ovidio, *Metamorfoses*, I, 547-567).

ten en hojas, los brazos en ramas; los pies, hace poco tan veloces, quedan clavados por inmóviles raíces, la copa ocupa el lugar del rostro; solamente allí permanece su brillo […] El dios le dice: «Ya que no puedes ser mi esposa, al menos serás mi árbol; contigo, laurel, adornaré siempre mi cabellera, contigo mi cítara, contigo mi carcaj; tú acompañarás a los caudillos del Lacio cuando la voz jubilosa grite triunfo y el Capitolio precise largos cortejos. Guardián fidelísimo, permanecerás ante la puerta, en el umbral de Augusto, y protegerás la corona de hojas de roble que está en su centro; y lo mismo que mi cabeza es juvenil por sus cabellos sin cortar, tú llevarás siempre como adorno hojas perennes». Terminó Peán (Apolo); el laurel asintió con sus ramas recién adquiridas y pareció agitar la copa como si fuese la cabeza (Ovidio, *Metamorfosis*, I, 547-567).

Fig. 66. *As sereas tiñan forma de paxaros desde as coxas* (Apolodoro, *Biblioteca, Epítome*, VII, 18; trad. propia segundo a edición de Gredos)

Fig. 66. *Las sirenas tenían forma de pájaros desde los muslos* (Apolodoro, *Biblioteca*, *Epítome*, VII, 18; trad. de M. Rodríguez de Sepúlveda, Gredos, 1985)



Fig. 66. *Seres híbridos*
Manuscrito, f. 16
Ovide moralisé
Chrétien Legouais,
Ms. O.4 (1044)
s. XIV
Ruan (Francia)
Biblioteca Municipal de Ruan
Fonte: Gallica, Biblioteca Nacional de Francia

Fig. 66. *Seres híbridos*
Manuscrito, f. 16
Ovide moralisé
Chrétien Legouais,
Ms. O.4 (1044)
s. XIV
Ruan (Francia)
Biblioteca Municipal de Ruan
Fuente: Gallica, Biblioteca Nacional de Francia



Fig. 67. *Se ti te transformabas en ave, el seguía suxeitando a ave; ora eras unha maciza árbore, e Peleo agarrábase á árbore. A terceira figura foi a dun moteado tigre; atemorizado entón o Eácida soltou os seus brazos do teu corpo* (Ovidio, *Metamorfoses*, XI, 244-249; trad. propia segundo a edición de Gredos)

Fig. 67. *Si tú te transformabas en ave, él seguía sujetando al ave; ora eras un macizo árbol, y Peleo se agarraba al árbol. La tercera figura fue la de un moteado tigre; atemorizado entonces el Eácida soltó sus brazos de tu cuerpo* (Ovidio, *Metamorfosis*, XI, 244-249; trad. de A. Ruiz de Elvira, Gredos, 1988)

Fig. 67. *Metamorfoses de Tetis*
As Transformacións de Ovidio
(edición española de Jorge de Bustamante)
Pedro Bellero, 1595
Amberes
Biblioteca Xeral
Universidade de Santiago de Compostela

Fig. 67. *Metamorfosis de Tetis*
Las Transformaciones de Ovidio
(edición española de Jorge de Bustamante)
Pedro Bellero, 1595
Amberes
Biblioteca General
Universidad de Santiago de Compostela



Fig. 68. *Ponlle sobre a húmida cabeza os cornos dun cervo de longa vida, aumenta o tamaño do seu pescozo e auga a punta das súas orellas, transfórmalle as mans en pezuñas e os brazos en longas patas, e cobre o seu corpo cunha pel manchada... Cando ve o seu rostro e os seus cornos reflectidos na auga tenta dicir: «Infeliz de min», pero non lle saíu nin unha palabra; xemeu, e esas foron as súas palabras; corréronlle as bágoas polo rostro que non era o seu; só permaneceu a súa mente orixinaria* (Ovidio, *Metamorfoses*, III, 194-202; trad. propia segundo a edición Gredos)

Fig. 68. *Le pone sobre la húmeda cabeza los cuernos de un ciervo de larga vida, aumenta el tamaño de su cuello y agua la punta de sus orejas, le transforma las manos en pezuñas y los brazos en largas patas, y cubre su cuerpo con una piel manchada… Cuando ve su rostro y sus cuernos reflejados en el agua intenta decir: «Desdichado de mí», pero no le salió ni una palabra; gimió, y esas fueron sus palabras; le corrieron las lágrimas por el rostro que no era el suyo; solo permaneció su mente originaria* (Ovidio, *Metamorfosis*, III, 194-202; trad. de Corte y Cantó Llorca, Gredos, 2008)

Fig. 68. *Acteón chorando metamorfoseado en cervo*
Les Metamorphoses D'Ovide en latin et françois
François Foppens, 1677
Bruxelas
Biblioteca Histórica. Convento de San Francisco
Santiago de Compostela

Fig. 68. *Acteón llorando metamorfoseado en ciervo*
Les Metamorphoses D'Ovide en latin et françois
François Foppens, 1677
Bruselas
Biblioteca Histórica. Convento de San Francisco
Santiago de Compostela



Fig. 69. A ninfa sálvase convertida en árbore e o deus nunca conseguirá o seu amor: «Tamén baixo esta forma a ama Febo [...] Abarcando cos brazos as súas pólas coma se fosen brazos e pernas, bica o madeiro; pero o madeiro elude o bico» (Ovidio, *Metamorfoses*, I, 553-55)

Fig. 69. La ninfa se salva convertida en árbol y el dios nunca conseguirá su amor: «También bajo esta forma la ama Febo […] Abarcando con los brazos sus ramas, como si fuesen brazos y piernas, besa el leño; pero el leño rehúye el beso» (Ovidio, *Metamorfosis*, I, 553-55).

Fig. 69. *Apolo e Dafne*
Escultura
Mármore
Gian Lorenzo Bernini, 1620-1625
Roma
Galería Borghese de Roma
Fonte: Dominio público. Wikipedia

Fig. 69. *Apolo y Dafne*
Escultura
Mármol
Gian Lorenzo Bernini, 1620-1625
Roma
Galería Borghese de Roma
Fuente: Dominio público. Wikipedia



Os restos e a materialidade do corpo

Los restos y la materialidad del cuerpo

O corpo humano, na súa fraxilidade e persistencia, é ante todo materia. Tras a vida, o que queda de nós son restos: ósos, caveiras, po e cinzas. Así se borran as supostas diferenzas que tan esenciais parecían ser en vida: condición social, poder, riqueza, fama, santidade. Reis e campesiños, santos e soldados, todos comparten o mesmo destino material. A ciencia forense lémbranos que estes restos son á vez testemuño e pegada: a través dun esqueleto, unha caveira ou un sarcófago, reconstrúense historias de vida, enfermidades, violencias e rituais. A arqueoloxía, a antropoloxía e a medicina legal atopan nos ósos o arquivo máis silencioso e duradeiro da humanidade. Con todo, esa mesma materialidade suscitou tamén outras lecturas. O óso dun anónimo guerreiro celta, a caveira engastada dunha santa venerada, ou o sepulcro atribuído a un apóstolo, fálannos de distintas formas de outorgar significado ao que queda do corpo. Para a fe, son reliquias; para a ciencia, son obxectos de análise; para a historia, son fragmentos de memoria. En definitiva, o que permanece tras a morte é o máis elemental: a osamenta, o po. Fronte á grandeza e a vaidade, os restos corporais iguálannos e lémbrannos que a materia é o punto final común de toda vida humana.

Ao longo da Idade Media e ata o século XIX foi frecuente albergar nas criptas dalgunhas igrexas e mosteiros os ósos e caveiras de monxes e fregueses como unha sorte de *memento mori*, a miúdo formando patróns xeométricos, figuras, adornos e mesmo esculturas. Este recurso permitía domesticar a morte, presentala estetiEl cuerpo humano, en su fragilidad y persistencia, es ante todo materia. Tras la vida, lo que queda de nosotros son restos: huesos, calaveras, polvo y cenizas. Así se borran las supuestas diferencias que tan esenciales parecían ser en vida: condición social, poder, riqueza, fama, santidad. Reyes y campesinos, santos y soldados, todos comparten el mismo destino material. La ciencia forense nos recuerda que estos restos son a la vez testimonio y huella: a través de un esqueleto, una calavera o un sarcófago, se reconstruyen historias de vida, enfermedades, violencias y rituales. La arqueología, la antropología y la medicina legal encuentran en los huesos el archivo más silencioso y duradero de la humanidad. Sin embargo, esa misma materialidad ha suscitado también otras lecturas. El hueso de un anónimo guerrero celta, la calavera engastada de una santa venerada, o el sepulcro atribuido a un apóstol, nos hablan de distintas formas de otorgar significado a lo que queda del cuerpo. Para la fe, son reliquias; para la ciencia, son objetos de análisis; para la historia, son fragmentos de memoria. En definitiva, lo que permanece tras la muerte es lo más elemental: la osamenta, el polvo. Frente a la grandeza y la vanidad, los restos corporales nos igualan y nos recuerdan que la materia es el punto final común de toda vida humana.

A lo largo de la Edad Media y hasta el siglo XIX fue frecuente albergar en las criptas de algunas iglesias y monasterios los huesos y calaveras de monjes y feligreses como una suerte de *memento mori*, a menudo formando patrones geométricos, figuras, adornos e incluso escultu-

camente e adecuala á oración e a contemplación, á vez que ofrecía un modo ordenado de dispoñer grandes cantidades de restos (moitas veces era imposible acumular tantos restos nos cemiterios e neses casos podíanse trasladar aos osarios). Con frecuencia os ósos organizábanse en cornixas, lámpadas, altares ou sepulcros, en consonancia coa imaxinería barroca que sinalaba a caducidade da vida e a inevitabilidade da morte, á vez que convidaba á reflexión espiritual. Exemplos notables desta práctica inclúen a Cripta dos Capuchinos en Roma, onde arcos, lámpadas e altares están construídos con ósos dos frades, transformando o espazo nun escenario de asombro e meditación. A cripta áchase na igrexa da nosa Señora da Concepción dos Capuchinos en Vía Veneto e a súa construción iniciouse en 1626 por orde do papa Urbano VIII, cuxo irmán, o cardeal Antonio Barberini, era capuchino. Outros casos paradigmáticos son os osarios de Sedlec en Kutná Hora (Chequia), o de Hallstatt en Austria ou a «cripta das caveiras» en Kudowa-Zdrój (Polonia), onde os restos se dispoñen en altares e paredes formando composicións artísticas que converten a acumulación de ósos nunha linguaxe simbólica que lembra a transitoriedade da existencia.

Os restos dos santos tamén foron dignos de veneración, atesourados en ornamentados estoxos. Na figura 71 obsérvase o relicario de ouro que supostamente contén o cranio de santa María Madalena na basílica de Vézelay, Francia, situada no camiño francés a Santiago de Compostela. No século XI este lugar pasou a estar baixo o padroado de María Madalena en virtude dunha bula papal de León IX e o mosteiro converteuse en lugar de culto e peregrinaxe durante a Idade Media. Segundo unha das varias lendas asociadas a esta santa, que foi testemuña da crucifixión, a morte e posterior resurrección de Cristo, María Madalena viaxou ao sur de Francia e evanxelizou a Provenza antes de retirarse a unha cova e levar unha longa vida

ras. Este recurso permitía domesticar la muerte, presentarla estéticamente y adecuarla a la oración y la contemplación, a la vez que ofrecía un modo ordenado de disponer grandes cantidades de restos (muchas veces era imposible acumular tantos restos en los cementerios y en esos casos se podían trasladar a los osarios). Con frecuencia los huesos se organizaban en cornisas, lámparas, altares o sepulcros, en consonancia con la imaginería barroca que señalaba la caducidad de la vida y la inevitabilidad de la muerte, al tiempo que invitaba a la reflexión espiritual. Ejemplos notables de esta práctica incluyen la Cripta de los Capuchinos en Roma, donde arcos, lámparas y altares están construidos con huesos de los frailes, transformando el espacio en un escenario de asombro y meditación. La cripta se halla en la iglesia de Nuestra Señora de la Concepción de los Capuchinos en Vía Veneto y su construcción se inició en 1626 por orden del papa Urbano VIII, cuyo hermano, el cardenal Antonio Barberini, era capuchino. Otros casos paradigmáticos son los osarios de Sedlec en Kutná Hora (Chequia), el de Hallstatt en Austria o la «cripta de las calaveras» en Kudowa-Zdrój (Polonia), donde los restos se disponen en altares y paredes formando composiciones artísticas que convierten la acumulación de huesos en un lenguaje simbólico que recuerda la transitoriedad de la existencia.

Los restos de los santos también fueron dignos de veneración, atesorados en ornamentados estuches. En la figura 71 se observa el relicario de oro que supuestamente contiene el cráneo de santa María Magdalena en la basílica de Vézelay, Francia, situada en el camino francés a Santiago de Compostela. En el siglo XI este lugar pasó a estar bajo el patronazgo de María Magdalena en virtud de una bula papal de León IX y el monasterio se convirtió en lugar de culto y peregrinaje durante la Edad Media. Según una de las varias leyendas asociadas a esta santa, que fue testigo de la crucifixión, la muerte y posterior resurrección de Cristo, María Magdalena viajó al sur de Francia y evangelizó la Provenza antes de

Fig. 70. A cripta garda os restos de máis de tres mil frades da orde desde o século XVII.

Fig. 70. La cripta guarda los restos de más de tres mil frailes de la orden desde el siglo XVII.

Fig. 70. Cripta dos capuchinos
A Nosa Señora da Concepción dos Capuchinos, Roma
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 70. Cripta de los capuchinos
Nuestra Señora de la Concepción de los Capuchinos, Roma
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons



Fig. 71. Segundo Xoán 20:17, Xesús dixo a María Magdalena, a quen se aparece xusto despois de resucitar: «*Noli me tangere, nondum enim ascendi ad Patrem meum: vade autem ad fratres meos, et dic eis: Ascendo ad Patrem meum, et Patrem vestrum, Deum meum, et Deum vestrum*» («Non me reteñas, que aínda non subín ao Pai. Pero, anda, vai aos meus irmáns e dilles: Subo a meu Pai e voso Pai, ao meu Deus e voso Deus»), o que normalmente se interpreta como un xeito de sinalar que o vínculo con el xa non era corporal, senón espiritual.

Fig. 71. Según Juan 20:17, Jesús dijo a María Magdalena, a quien se aparece justo después de resucitar: «*Noli me tangere, nondum enim ascendi ad Patrem meum: vade autem ad fratres meos, et dic eis: Ascendo ad Patrem meum, et Patrem vestrum, Deum meum, et Deum vestrum*» («No me retengas, que todavía no he subido al Padre. Pero, anda, ve a mis hermanos y diles: Subo al Padre mío y Padre vuestro, al Dios mío y Dios vuestro»), lo que normalmente se interpreta como un modo de señalar que el vínculo con él ya no era corporal, sino espiritual.

Fig. 71. *Relicario do cranio de Santa Magdalena*
Basílica de Vézelay, Francia
Fonte: Dominio público. Wikimedia Commons

Fig. 71. *Relicario del cráneo de Santa Magdalena*
Basílica de Vézelay, Francia
Fuente: Dominio público. Wikimedia Commons
Creative Commons Attribution-Share Alike 4.0 International



Fig. 72. *Natividade de Santiago. O seus sagrados ósos, trasladados a España e sepultados nas súas rexións occidentais, son obxecto dunha celebérrima veneración* (Epístola de León, 25 de xullo de ano non coñecido, siglo IX)

Fig. 72. *Urna cos restos de Santiago o Maior*
Cripta da Catedral
Santiago de Compostela

Fig. 72. *Natividad de Santiago. Sus sagrados huesos, trasladados a España y sepultados en sus regiones occidentales, son objeto de una celebérrima veneración* (Epístola de León, 25 de julio de año no conocido, siglo IX)

Fig. 72. *Urna con los restos de Santiago el Mayor*
Cripta de la Catedral
Santiago de Compostela



de penitente no sur de Francia, preto de Marsella, onde supostamente se enterrou o seu corpo. Foi precisamente ela quen protagoniza a célebre escena do «noli me tangere» recollida no evanxeo de San Xoán.

A viaxe dos peregrinos de Vézelay finalizaba en Santiago de Compostela, onde atopaban os restos do apóstolo Santiago o Maior. No interior da urna de prata, co Pantocrátor rodeado dos catro evanxelistas, que foi realizada no século XIX e albérgase na cripta baixo o Altar maior da Catedral de Santiago de Compostela, gárdanse os restos do santo. Condenado a morte e decapitado por orde de Herodes Agripa, Santiago, fillo de Zebedeo, é un dos doce apóstolos. Segundo unha certa tradición, o seu corpo foi trasladado á Península Ibérica polos seus discípulos, onde no século IX presuntamente o descubriría Teodomiro, bispo de Iria Flavia. Foi entón cando, por orde do rei Afonso II o Casto de Asturias, mandouse construír a catedral de Santiago, que alberga segundo esta tradición os restos do apóstolo. Naceu así un dos cultos e peregrinaxes máis importantes e culturalmente ricos da historia cristiá.

retirarse a una cueva y llevar una larga vida de penitente en el sur de Francia, cerca de Marsella, donde supuestamente se enterró su cuerpo. Fue precisamente ella quien protagoniza la célebre escena del «noli me tangere» recogida en el evangelio de San Juan.

El viaje de los peregrinos de Vézelay finalizaba en Santiago de Compostela, donde encontraban los restos del apóstol Santiago el Mayor. En el interior de la urna de plata, con el Pantocrátor rodeado de los cuatro evangelistas, que fue realizada en el siglo XIX y se alberga en la cripta bajo el Altar mayor de la Catedral de Santiago de Compostela, se guardan los restos del santo. Condenado a muerte y decapitado por orden de Herodes Agripa, Santiago, hizo de Zebedeo, es uno de los doce apóstoles. Según una cierta tradición, su cuerpo fue trasladado a la Península Ibérica por sus discípulos, donde en el siglo IX presuntamente lo descubriría Teodomiro, obispo de Iria Flavia. Fue entonces cuando, por orden del rey Alfonso II el Casto de Asturias, se mandó construir la catedral de Santiago, que alberga según esta tradición los restos del apóstol. Nació así uno de los cultos y peregrinajes más importantes y culturalmente ricos de la historia cristiana.

Bibliografía

Chevalier, P. (1989): *Les régicides. Clément, Ravaillac, Damiens*, Paris: Fayard.

Corbin, A.; Courtine, J. J.; Vigarello, G. (2005): *Historia del cuerpo*, vol. 1, Madrid: Taurus.

Elias, Norbert (2012): *La sociedad cortesana*, trad. de G. Hirata, México: F.C.E.

Fabre, F. (2017): *Robert Fludd, Oeuvres complètes,* III*, Histoire métaphysique, physique et technique des deux cosmos*, Paris: Edidit SARL.

Fidalgo Francisco, E. (2022): *Traducción al castellano de las «Cantigas de Santa María» de Alfonso* X *el Sabio*, Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.

Gerstler, A.; Clark, T. (2013): «Introduction», *Japan Review*, 26, Special Issue Shunga, págs. 3-14.

Gorceix, B. (1975): *Johann Georg Gichtel. Téosophe d'Amsterdam*, Paris: Éditions l'Age de l'Homme.

Gros, P. (1997): «Vitruvio e il suo tempo», en P. Gros (ed.): *Vitruvio. De architettura. Livri* I*-IV*, vol. 1, edición bilingüe con comentario de A. Corso y E. Romano, Torino: Giulio Einaudi editore, págs. IX-LXXVII.

Khawam, R. R. (1992): *Al-Qasim al-Hariri, Le livre des malins. Séances d'un vagabond de génie*, Paris: Éditions Phébus.

Kristeva, J. (1990): «El *Cristo muerto* de Holbein», en M. Feher; R. Naddaff; N. Taz (eds.): *Fragmentos para una historia del cuerpo humano*, vol. 1, Madrid: Taurus.

Landouzy, L. (1911); Pépin, R. (eds.): *Le régime du corps de Maitre Aldebrandin de Sienne*, Paris: Librairie Ancienne Honoré Champion.

Makariou, S. (2016): *Miroir de désir. Images de femmes dans l'estampe japonaise*, Paris: Musée national des arts asiatiques.

Mekhala S. (2016): «Vastu Shastra: Revisiting the Ancient, Arcane and Esoteric Science of India», *India International Centre Quarterly*, 43 (2), págs. 160-173.

Prenner, A. (2012): *Mustione «traduttore» di Sorano di Efeso. L'ostetrica, la donna, la gestazione*, Napoli: Liguori editori.

Rohde, E. (2006): *Psyche*, trad. de W. Roces, México: F.C.E.

Zakharia, K. (2000): *Abu Zayd al-Sarugi, imposteur et mystique. Relire les Maqamat d'Al-Hariri*, Damas (Syrie): Institut Francais d'Études Arabes de Damas.

Fuentes

Apolodoro: *Biblioteca*; int. de Javier Arce; trad., y notas de Margarita Rodríguez de Sepúlveda, Madrid: Gredos, 1985.

Aretino, Pietro: *Sonetos lujuriosos*; trad., prólogo y notas de Luis Antonio de Villena, Madrid: Visor Libros, 2007.

Dante Alighieri, *La Divina Comedia*; trad. de Bartolomé Mitré, ed. de Nicolás Besio, Buenos Aires: Centro cultural «Latium», 1922.

Descartes, René: *Œuvres, Tome* I, ed. de Jean-Marie Beyssade, Paris: Gallimard, 2024.

Antología Palatina. Epigramas helenísticos, intr. y trad. de Manuel Fernández-Galiano, Madrid: Gredos, 1978.

Eurípides: *Tragedias* I*. El Cíclope, Alcestis, Medea, Los Heraclidas, Hipólito, Andrómaca, Hécuba*, Intr., trad. y notas de A. Medina González y J. A. López Férez, Madrid: Gredos, 1991.

Gallonio, Antonio: *Traité des instruments de martyre et des divers modes de supplice employés par les païens contre les chrétiens*; ed. Claude-Louis Combet, Grenoble : Ed. J. Millon, 2002.

Gautier D'Agoty, Fabien: *Observations sur l'histoire naturelle, sur la physique et sur la peinture. Tomo* II, VI *partie*, Paris: Delaguette, 1752.
Himnos homéricos, trad., introd. y notas de Alberto Bernabé Pajares, Madrid: Gredos, 1978.
Homero, *Ilíada*; trad., prólogo y notas de Emilio Crespo Güemes, Madrid: Gredos, 1991.
Homero, *Odisea*; intr. de M. Fernández-Galiano, trad. de J. M. Pabón, Madrid: Gredos,1993.
Hipócrates: *Tratados hipocráticos* VIII. *Sobre la naturaleza del niño*; trad., intr. y notas de Jesús De la Villa Polo *et al.*, Madrid: Gredos, 2003.
Liceti, Fortunio: *De la nature, des causes, des différences des monstres*, trad. y resumen de François Houssay, Paris: Le François, 1937.
Limbourg: *Les très riches heures du Duc de Berry*, Introducción y comentarios de Jean Longdon y Raymond Cazelles, Chantilly, France: Draeger Éditeur, 1969.
Marion, Marcel: *Dictionnaire des Institutions de la France aux XVIIe et XVIIe siècles*, Paris: Éd. Picard, 1993.
Mercuriale, Girolamo: *L'art de la gymnastique. Livre premier*; trad. y ed. de Jean-Michel Agasse, Paris: Les Belles Lettres, 2006.
Ovidio: *Metamorfosis, Libros* I *al* IV, trad. y notas de José Carlos Fernández Corte y Josefa Cantó Llorca, Madrid: Gredos, 2008.
Ovidio, *Metamorfosis. Libros* VI-*X*; trad. y notas de José Carlos Fernández Corte y Josefa Cantó Llorca, Madrid: Gredos, 2012.
Paré, Ambroise: *Des monstres et prodiges*, ed. de Michel Jeanneret, Paris: Gallimard, 2015.
Partenio de Nicea, *Sufrimientos de amor*; intr., trad. y notas de José Luis Navarro Gonzálea y Antonio Melero, Madrid: Gredos, 1981.
Platón, *Diálogos* III*: Fedón, Banquete, Fedro*; Trad., intr. y notas de Carlos García Gual *et al.*, Madrid: Gredos, 1988.
Pline l'Ancien: *Histoire naturelle. Livre* XXXV, ed. de Jean-Michel Croiselle, París: Les Belles Lettres, 1985.
Plutarco: *Vidas paralelas* I*: Teseo, Rómulo, Licurgo, Numa*, Intr. general, trad. y notas de Aurelio Pérez Jiménez, Madrid: Gredos, 1985.
Tito Livio: *Historia de Roma desde su fundación. Libros* I-*III*, intr. de Ángel Sierra; trad. y notas de José Antonio Villar Vidal, Madrid: Gredos, 1990.
Vésale, André: *La fabrique du corps humain*; Claire Ambroselli *et al.*; Édition bilingüe latin-francais, Bruxelles: Éditions Arscia, 1987.
Vitruvio, *De arquitectura. Libros* I-*IV*, Int., trad. y notas de Francisco Manzanero Cano, Madrid: Gredos, 2016.
Willis, Thomas: *Cerebri anatome*, Amstelodami, Gerbrandum Schagen, 1666.

Desde os albores da civilización, o corpo humano foi obxecto tanto de representación e estudo como de atención, coidado e mesmo culto. O corpo era moito máis que unha entidade física; era moldeado polos deuses e a súa representación na arte e a arquitectura reflectía unha visión xerárquica, funcional e teolóxica do ser humano. A exposición que deu orixe a esta obra consagrouse ao corpo humano nas súas distintas vertentes e dimensións, desde a visión que del tiveron a filosofía e a arte ata a súa concepción científica.

Desde los albores de la civilización, el cuerpo humano ha sido objeto de representación y estudio, así como de atención, cuidado e incluso culto. El cuerpo era mucho más que una entidad física; era moldeado por los dioses, y su representación en el arte y la arquitectura reflejaba una visión jerárquica, funcional y teológica del ser humano. La exposición que dio origen a esta obra se dedicó al cuerpo humano en sus diferentes aspectos y dimensiones, desde la visión que sobre él proporcionaron la filosofía y el arte hasta su concepción científica.

SÍNCRISIS
INVESTIGACIÓN EN FORMAS CULTURAIS

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA